12:00-13:10	EF-5º Pri. - B	Coor. equ. dinam. LG	EF-3º Pri. - B	EF-2º Pri. - B	EF-4º Pri. - B
13:10-14:00	EF-6º Pri. - B	Cienc.Soc-1º Pri. - B	Cienc.Soc-1º Pri. - B	Coor. equ. dinam. LG	Cienc.Soc-1º Pri. - B

ANA MÁRQUEZ MORENO - ED. MUSICAL

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50-09:00	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase
09:00-09:50	EA-Música-6º Pri. - A	EA-Música-1º Pri. - B	EA-Música-4º Pri. - B	EA-Música-2º Pri. - A	EA-Música-1º Pri. - A
09:50-10:40	EA-Música-6º Pri. - B	Linguaxes: co-4º Inf. - B	Apoio EI	Linguaxes: co-4º Inf. - A	Apoio EI
10:40-11:30	Linguaxes: co-5º Inf. - B	Apoio EI	Garda de clase	Linguaxes: co-5º Inf. - A	EA-Música-3º Pri. - B
11:30-12:00	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo
12:00-13:10	EA-Música-2º Pri. - B	Linguaxes: co-6º Inf. - A	EA-Música-4º Pri. - A	EA-Música-3º Pri. - A	Linguaxes: co-6º Inf. - B
13:10-14:00	EA-Música-5º Pri. - A		EA-Música-5º Pri. - C	Garda de clase	EA-Música-5º Pri. - B

DOLORES SAGRARIO GONZÁLEZ LÓPEZ - RELIXIÓN CATÓLICA

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50-09:00	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase
09:00-09:50	ReCa-2º Pri. - B	ReCa-3º Pri. - B	ReCa-3º Pri. - A	ReCa-5º Pri. - A	ReCa-2º Pri. - A
09:50-10:40	ReCa-4º Pri. - A	ReCa-4º Inf. - A	ReCa-5º Pri. - B	ReCa-6º Pri. - A	ReCa-4º Pri. - B
10:40-11:30	ReCa-6º Inf. - A	ReCa-1º Pri. - A	ReCa-2º Pri. - A	ReCa-1º Pri. - B	ReCa-5º Pri. - C
11:30-12:00	Garda de recreo	Garda de biblioteca	Garda de recreo	Garda de biblioteca	Garda de recreo
12:00-13:10	ReCa-4º Inf. - B	ReCa-5º Inf. - A	ReCa-5º Inf. - B	ReCa-6º Inf. - B	ReCa-2º Pri. - B
13:10-14:00	Garda de clase		Garda de clase	Garda de clase	ReCa-6º Pri. - B

DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN

ANA RIELO TELLADO- ORIENTADORA

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50-09:00	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase
09:00-09:50	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
09:50-10:40	Orientación	Orientación	Garda de clase	Orientación	Orientación
10:40-11:30	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Garda de clase
11:30-12:00	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo
12:00-13:10	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
13:10-14:00	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	

38

ARIADNA MASCARÓ SANCHÍS - AL

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50-09:00	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase
09:00-09:50	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.
09:50-10:40	Aud. e ling.		Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.
10:40-11:30	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Garda de clase	Aud. e ling.	Aud. e ling.
11:30-12:00	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo
12:00-13:10	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.
13:10-14:00	Aud. e ling.	Garda de clase	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.

ANA ISABEL MOSQUERA -A.L.

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50-09:00	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase
09:00-09:50	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Garda de clase	Aud. e ling.	Aud. e ling.
09:50-10:40	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.
10:40-11:30	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.
11:30-12:00	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo
12:00-13:10	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.
13:10-14:00	Aud. e ling.	Aud. e ling.	Aud. e ling.		Garda de clase

MÓNICA MÉNDEZ SACHOCOS - PT

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50-09:00	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase
09:00-09:50	Garda de clase	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.
09:50-10:40	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.
10:40-11:30	Ped. terap.	Garda de clase	Ped. terap.		Ped. terap.
11:30-12:00	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo
12:00-13:10	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.
13:10-14:00	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.

LORENA VELASCO DE VENA - P.T.

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:50-09:00	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase	Garda de clase
09:00-09:50	Ped. terap.	Garda de clase	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. Terap
09:50-10:40	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.
10:40-11:30	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Garda de clase
11:30-12:00	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo
12:00-13:10	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.
13:10-14:00	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	Ped. terap.	

LARA PÉREZ PRIETO (Proa+)

HOR A	LU NS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50	Programa PROA+				Programa PROA+
09:50-10:40	Programa PROA+				Programa PROA+
10:40-11:30	Programa PROA+		Programa PROA+		Programa PROA+
11:30-11:55					Garda de recreo
11:30-12:25	Garda de recreo		Garda de recreo		
12:25-13:10		Programa PROA+	Programa PROA+		
13:10-14:00		Programa PROA+			

ESTEFANÍA ORJALES VÁZQUEZ (ARCO)

HOR A	LU NS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50		Programa ARCO			Programa ARCO
09:50-10:40		Programa ARCO			Programa ARCO
10:40-11:30		Programa ARCO			
11:30-12:20		Garda de recreo			
11:55-12:20			Garda de recreo		
12:20-13:10		Programa ARCO	Programa ARCO	Garda de clase	
13:10-14:00		Programa ARCO	Programa ARCO	Programa ARCO	

HORARIO EQUIPO DIRECTIVO

EQUIPO DIRECTIVO					
HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50	XEF	XEF	XEF	XEF	XEF
09:50-10:40	DIR	DIR	DIR	SEC	DIR
10:40-11:30	DIR	DIR	DIR	SEC	DIR
11:30-12:00	RECROO				
12:00-12:20	LECTURA				
12:20-13:10	SEC	SEC		DIR	DIR
13:10-14:00		XEF/SEC	SEC	DIR	DIR/XEF/SEC

(* As que aparecen en cor son as horas de atención ao público)

ANA AYALA RODRÍGUEZ					
HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50	4º INF A	4º INF A	4º INF A	4º INF A	4º INF A
09:50-10:40	**DIR**	**DIR**	DIR	4º INF A	DIR
10:40-11:30	DIR	DIR	**DIR**	4º INF A	DIR
11:30-12:00	RECREEO				
12:00-12:20	LECTURA				
12:20-13:10	4º INF A	4º INF A	4º INF A	DIR	**DIR**
13:10-14:00		4º INF A	4º INF A	**DIR**	DIR

ANA GRAÑA PIÑEIRO					
HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50	XEF	XEF	XEF	XEF	XEF
09:50-10:40	1º B	1º B	1º B	1º B	1º B
10:40-11:30	1º B	1º B	1º B		1º B
11:30-12:00	RECREEO				
12:00-12:20	LECTURA				
12:20-13:10	1º B	1º B	1º B	1º B	1º B
13:10-14:00	1º B	XEF	GARDA	1º B	XEF

MARÍA DEL CARMEN JULÍAS CASÁS					
HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50	4º INF B	4º INF B	4º INF B	4º INF B	4º INF B
09:50-10:40	4º INF B	4º INF B	4º INF B	SEC	4º INF B
10:40-11:30	4º INF B	4º INF B	4º INF B	SEC	4º INF B
11:30-12:00	RECREEO				
12:00-12:20	LECTURA				
12:20-13:10	SEC	SEC	4º INF B	4º INF B	4º INF B
13:10-14:00	4º INF B	SEC	SEC		SEC

CADRO PROFESORADO DE APOIO E DE GARDA

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50-9:00	Garda de clase (todo o profesorado)				
09:00-09:50	MÓNICA (G) TERE (G) SUSANA(COORD) ANA GRAÑA (XEF.) CARLOTA SABELA	LOLA (G) LORENA (G) BELÉN C. (APOIO) NURIA G.(COORD) ANA GRAÑA (XEF) QUIQUE	CARLOTA (G) SABELA(G) ANABEL (G) PAULA (*AP. PSICO) ANA GRAÑA (XEF) BELÉN C. ANILDA	ANILDA (G) TERESA(G) CARMEN (APOIO) ELENA (APOIO) FÁTIMA(*AP.*PSICO) ANA GRAÑA(XEF) ANA AYALA(DIR.)	CARMEN (G) SABELA (G) LOLA (APOIO) ANA GRAÑA (XEF) EVA
09:50-10:40	BELÉN B (G) EVA (G) CARMEN (APOIO) ANAAYALA (DIREC) LOLA	CARMEN (G) ANILDA (G) CARLOTA (APOIO) ELENA (APOIO) ANAAYALA (DIREC) LOLI B.	ANA RIELO (G) SUSANA (GA) M. MAR (*AP. PSICO) EVA (COORD) ANAAYALA (DIREC) NURIA G BERNARDO	EVA (G) LOLA(G) LOLI (G) ALBA (*AP *PSICO) M JULÍAS(SECR) BELÉN B	LUCÍA (G) BERNARDO (G) TERESA (APOIO) ANAAYALA (DIREC) PAULA
10:40-11:30	LUCÍA (G) MARIA REY(G) ELENA (APOIO) ANAAYALA (DIREC) FÁTIMA	MÓNICA(G) FÁTIMA (G) LUCÍA (APOIO 3º) ANAAYALA (DIREC) ARIADNA TERESA	ARIADNA (G) ANA MARQUEZ (G) CARMEN (APOIO) LUCÍA (COORD) ANAAYALA (DIREC) ALBA T. ELENA	BERNARDO(G) MARIA REY(G) LUCÍA (COORD) M JULÍAS (SECR) ANA GRAÑA MÓNICA	ANA RIELO(G) LORENA (G) ELENA(G) ANAAYALA(DIREC) SUSANA MARIA MAR
12:30-13:10	SUSANA(G) NURIA G (G) ANILDA (APOIO) SABELA(APOIO) ALBA T. (COORD) M JULÍAS (SECR)	PAULA (G) BELÉN B.(G) BELÉN C (APOIO) EVA (COORD) BERNARDO(COOR) M JULÍAS (SECR)	BELÉN C. (G) ELENA (G) LOLI B. (G) CARLOTA (COORD) LOLA (COORD)	NURIA(G) ALBA T (G) CARLOTA(APOIO) LOLA (APOIO) ANA AYALA (DIREC)	BELEN C. (G) CARLOTA (G) FÁTIMA (G) ALBA (COORD) ANA AYALA(DIREC)
13:10-14:00	DOLORES (G) EMMA(G) EVA (COORD) LUCÍA SILVIA ANAAYALA	QUIQUE (G) ARIADNA (G) EMMA(G) SILVIA(COORD) M. JULÍAS (SEC) ANAGRAÑA (XEF) ANA MÁRQUEZ DOLORES	DOLORES (G) QUIQUE (G) ANA G (G) SUSANA (APOIO 4º) M. JULIAS (SEC) CARMEN	DOLORES (G) ANA MÁRQUEZ(G) BERNARDO (COORD) ANA AYALA(DIREC) M. JULÍAS EMMA ANABEL	ANABEL (G) SILVIA (G) ANILDA (APOIO) EQUIPODIRECTIVO ANA RIELO LORENA

A persoa que aparece en primeiro lugar é a que está de garda, a continuación as persoas que están de apoio e a continuación os coordinadores. A continuación os que teñan hora libre. No caso de ter que recorrer ao cadro para organizar as substitucións irían nesa orde. Os coordinadores só irían no caso de non contar con ninguén máis para facer as substitucións, o mesmo que o equipo directivo.

As persoas que constan en cor verde teñen hora libre nese momento. Iso quere dicir que poden ausentarse do colexio se así o desexan.

C.- PERSOAS ENCARGADAS DA BIBLIOTECA NOS RECREOS.

- **Eva M^a Bouza Rey**
- **Dolores S. González López**

A Biblioteca permanecerá aberta todos os días durante os recreos nos que non chova.

O traballo a realizar será o seguinte :

- Facilitar os préstamos de libros.
- Controlar a correcta colocación dos libros devoltos para que pasen a corentena correspondente.

6.5. DISTRIBUCIÓN HORARIA DO PERSOAL NON DOCENTE.

- **Nuria Blanco Díaz. Conserxe**

Por ser traballadora dependente do Concello, rexerese polo horario que lle marque dita entidade en todo caso de 8:00 a 14:30 h. todos os días e os martes ademais de 16:00 a 19:30h.

- **Teresa Pereira López. Administrativa.**

O seu horario é o seguinte: de luns a venres de 8:30 a 14:30, e os martes de 16:00 a 19:00 h. Aínda que o horario de atención ao público é o seguinte: de luns a venres de 9:30 a 13:30, e os martes pola tarde de 16:00 a 19:00 h. Ademais para completar o seu horario virá algunha tarde mais nas épocas de maior traballo administrativo (matrículas, Fondo Libros...)

- **Persoal do Servizo de limpeza.**

Actualmente son traballadoras da empresa contratada polo Concello.

Realizan o seu traballo no horario que lles marque a súa empresa (de 14:00 a 22:00).

Este curso e polo protocolo covid-19 hai unha limpadora a maiores polas mañás en horario de 8:30 a 13:15. Comeza coa desinfección dos xogos do patio de infantil e vai facendo roldas de limpeza e desinfección polos baños, barandas e superficies de máis uso.

7. PLANS DE ACTUACIÓN.

7.1. PLAN DO EQUIPO DIRECTIVO.

A marxe das outras funcións que lle son propias e de actuar ante os imprevistos que poidan xurdir, as cuestións básicas para o Equipo Directivo serán crear as condicións favorables para:

- Unha vez consultado o Claustro informar ao Consello Escolar sobre a P.X.A.
- Facilitar que o Consello Escolar coñeza os orzamentos e gastos deseñados pola Comisión Económica para a súa aprobación.
- Elaborar a memoria de fin de curso.
- Revisar o Plan de Igualdade.
- Solicitar ao Concello que se poña remedio as deficiencias sinaladas polo Plan de Protección do Centro.
- Solicitar un paso asfaltado desde o portalón traseiro ata a zona cementada.
- Solicitar a eliminación da gravilla do patio de E. Infantil e substituílo por algo máis acorde coa idade do alumnado.
- Velar porque no colexio haxa un clima de respecto e axuda entre iguais e corrixir todas aquelas condutas contrarias a esta norma.
- Velar para que o protocolo covid se leve a cabo en todas as aulas, departamentos e dependencias do centro

7.2. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.

Plan de Autoprotección do centro foi elaborado grazas a colaboración co Concello de Narón. O documento atópase no centro e segue en vigor aínda que precisaría dunha revisión e actualización.

7.3. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS ESCOLARES

Durante a xornada escolar lectiva, as instalacións escolares serán de uso exclusivo dos alumnos legalmente matriculados no centro cos seus respectivos mestres/as así como do persoal non docente que desenvolve o seu traballo no centro.

Fóra do horario lectivo

Dado o protocolo covid-19 intentarase que ninguén o utilice para favorecer a desinfección do mesmo e a súa preparación para as clases do día seguinte.

O servizo de **madrugadores**, fáse no comedor escolar. Os nenos poden entrar ás 7:30 ou ás 8:00, cunha marxe de 5 minutos antes e despois. Tralo servizo, o espazo quedará ventilado, e as mesas limpas e desinfectadas.

O **comedor escolar** atópase situado dentro do recinto, comunicado co edificio principal polo ximnasio que este curso tamén será usado como lugar de xantar polas medidas do protocolo covid-19.

O xantar está xestionado pola Xunta de Galicia a través dunha xestión indirecta. Foron concedidas 143 prazas de usuarios desde o 18 de outubro de 2019. A limpeza corre a cargo do Concello agás a zona de cociña que lle corresponde ao servizo de catering. O xantar é de 14:00 a 16:00 horas, establecéndose unha soa quenda de uso, ocupando os espazos de comedor (para o alumnado dende 4º de Ed Infantil ata 2º A de ed. Primaria) e o ximnasio dende 2º B de Ed. Primaria ata 6º) ao mesmo tempo. A empresa de cátering que sirve os alimentos é **Eurest**, da Coruña.

7.4 - PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO DE 4º DE ED. INFANTIL.

Na vida familiar, a entrada na escola do neno/a representa un momento importante tanto para el/ela como para a súa familia.

Fronte a unha situación de separación é lóxico que existan dúbidas e temores, o problema está en que eses sentimentos teñan tanta forza que a separación sexa traumática. O papel dos pais e nais é fundamental para que isto non suceda, por iso queremos contar coa vosa axuda para levar a cabo este periodo de adaptación.

Normalmente teríamos unha reunión no mes de xuño para explicar todo isto, pero este ano por mor da pandemia non poido realizarse. Cando viñeron a matricular aos nenos/as explicouse que este periodo existía.

No calendario escolar publicado pola Xunta con data 4 de xuño de 2021 permite o periodo de adaptación de Ed. Infantil ata o 21 de setembro inclusive.

Por todo iso o período de incorporación á escola será do seguinte xeito:

Hai dúas aulas Grupo A con 20 alumnos/as e grupo B con 20 alumnos/as.

Os días 9 e 10 de setembro virán en grupos de 6-7 alumnos/as segundo a orde da lista durante 45 minutos, O grupo 1 virá de 10:00 a 10:45 h. O grupo 2 virá de 11:15 a 12:00 e o grupo 3 virá de 12:30 a 13:15 h.

A semana do 13 ao 17 virán en dous grupos de 10 alumnos/as segundo a orde da lista. O primeiro grupo virá de 10:00 a 11:30 h. e o segundo grupo virá de 12:15 a 13:30 h.

Do 19 ao 21 de setembro virán todos en horario de 10:00 a 13:00.

A partir do 22 de setembro a incorporación será como o resto do alumnado de 9:00 a 13:45 para todos.

7.5. PLAN DINAMIZADOR DO USO DO GALEGO



INDICE

- 1- XUSTIFICACIÓN
- 2- ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO
 - 2.1- INTRODUCCIÓN
 - 2.2- CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO
 - 2.3- SITUACIÓN DO PROFESORADO
 - 2.4- SITUACIÓN DO ALUMNADO
 - 2.5- SITUACION DAS FAMILIAS DO ALUMNADO DO CENTRO
 - 2.6- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO
- 3- LINGUAS DO ENSINO:
 - ✓ EDUCACIÓN INFANTIL
 - ✓ EDUCACIÓN PRIMARIA
- 4- DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS.

- ✓ Respecto ao contorno sociolingüístico do centro.
- ✓ Respecto á situación do profesorado.
- ✓ Respecto á situación do alumnado.
- ✓ Respecto á situación lingüística do centro.

5- ACTIVIDADES

6- COMPOÑENTES DA EQUIPA DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

1.XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

Partindo destas premisas:

- a) A lingua é considerada como patrimonio cultural dun pobo que debe ser respectada e protexida polo seu valor de cohesión nunha determinada comunidade.
- b) A aprendizaxe de varias linguas favorece a adquisición doutras.
- c) A nova lei educativa reconece tanto ao castelán como ao galego o seu carácter oficial e vehicular na nosa comunidade autónoma.
- d) O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 5 define o galego como lingua propia de Galicia, que os idiomas galego e castelán son oficiais e que todos teñen dereito a coñecelos e usalos.
- e) O estudo sociolingüístico realizado a comezos deste 2021 dinos que o 70 % do profesorado, o 85-87 % das nais/pais, o 90 % do alumnado e o 100 % do persoal non docente empregan o castelán como única lingua vehicular..

Queda claro que o equipo dinamizador está ante un reto enorme: Cómo mellorar tal situación? Cómo aproximar a teoría á práctica neste curso?

Ademáis de usar o Currículo e a labor docente como garantes de que o noso alumnado coñeza as dúas linguas ao rematar Primaria, intentaremos atopar pequenas claves que nos axuden a transmitir aos nenos/as amor pola lingua galega, que a sintan como útil e que queiran usala máis.

1- ***ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.***

2.1 INTRODUCCIÓN.


O C.E.I.P. A GÁNDARA é un colexio público situado no barrio de A Gándara (Narón). Esta é unha zona urbana de nova construción (con picos nas décadas de


1970-1980 e na primeira do século XXI) na que se asentaron moitas familias novas, con fillos pequenos.

Aínda que nos últimos anos parece haber un pequeno estancamento, debido ás sucesivas crises económicas da comarca, Narón continúa por riba dos 39.000 habitantes (oitavo concello máis poboado de Galicia) e o noso colexio segue a ter grupos numerosos (aulas de 25 alumnas/os).

2.2.- CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.

Como explicar que en 2021 a maioría dos sectores da nosa comunidade educativa emprega o castelán exclusivamente como lingua vehicular? Pois pola ubicación xeográfica. Ferrolterra é unha das comarcas galegas con menor presenza da lingua galega e Narón é un dos concellos que forma parte dela. Isto explica en gran parte que a maioría do noso alumnado chega ao centro falando castelán, lingua habitual nas súas casas cando se dirixen aos nenos/as





Fonte:

Lingua e Sociedade: a evolución sociolingüística:1992-2016 (H. Monteagudo, X. Loredó, M. Vázquez)

2.3. SITUACIÓN DO PROFESORADO:

No CEIP A Gándara nos últimos anos parece haber unha tendencia á baixa no número de profesoras/es galegofalantes. Por exemplo: no curso pasado os resultados da enquisa reflectiron que so o 13 % empregaba así o galego).

Neste curso 2021-22 volve haber unha importante incorporación de novo profesorado, que pode facer variar ou manter esta tendencia.

En calquera caso, a competencia lingüística en galego é do 100% por parte dos docentes. Para garantir esta competencia, dende o centro formulamos os seguintes obxectivos:

- Garantir que o profesorado teña competencia lingüística oral e escrita para

poder desenvolver a súa labor docente en lingua galega.

- Manter informado ao profesorado sobre a realización de cursos para mellorar e manter o nivel lingüístico nesta lingua.
- Comunicar ao profesorado os cambios legislativos ou normativos que poidan afectar a esta lingua.
- Difundir na comunidade escolar toda a información sobre materiais didácticos, lingüísticos (lexicográficos e terminolóxicos) e pedagóxicos que poidan contribuír a unha mellora na docencia, prestándolle especial atención aos relacionados coas TIC.

2.5- SITUACIÓN DO ALUMNADO.

Continuando coa información extraída das últimas enquisas, a comezos de 2021 máis do 90 % do noso alumnado (segundo as súas nais e pais) usa o castelán habitualmente. Como moito, hai arredor dun 1 % que ten o galego como lingua vehicular preferente. Así pois, teñen o castelán como lingua inicial e tamén como lingua habitual.

A capacidade teórica para comunicarse en galego semella mellorar cara ao final da Primaria, pois ante a pregunta sobre a competencia que traen de cursos anteriores, o 58,1 % das nais/pais dos nenos/as de 3 a 9 anos cren que é mala, fronte ao 21 % dos de 10-11 anos (incluso un 40,6 % destas nais e pais pensan que é boa ou moi boa). Parece seguir vixente por tanto que, canto máis pequenos son, máis dificultade para expresarse en galego. Tamén que, en xeral, costa máis a expresión oral que a escrita.

O problema é que ademais de non falar galego habitualmente, senten desapego por el. Así resulta que, aínda que o 67,7% do alumnado de 5º e 6º pensan que aprender dúas linguas é enriquecedor, únicamente o 39,4 % do alumnado de 5º e 6º estaría dacordo en aprender Matemáticas en galego (incluso hai un 37,4 % en desacordo) e so a un 19,7% lles parece útil para usala en videoxogos.

Vemos claro entón que a falta de uso en contextos non académicos é a gran barreira a superar.

Con estas premisas os nosos obxectivos con respecto á expresión oral para o alumnado seguen a ser:

- Facer ver que o galego é unha manifestación cultural propia do noso pobo.
- Estudar diferentes aspectos da realidade galega, e máis concretamente do entorno próximo do colexio, se as circunstancias sanitarias o permiten.

- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade en ambas as dúas linguas, co fin de facilitar e acadar un correcto e eficaz emprego das mesmas.
- Atopar esas claves que aproximen a lingua galega aos nenos/as con agarimo, que a sintan útil e queiran usala un pouco máis.

2.6.- SITUACIÓN DAS FAMILIAS DO ALUMNADO DO CENTRO.

Segundo a enquisa, entre o 85-87 % das nais/pais do alumnado fala sempre ou predominantemente en castelán (fronte ao 10-12,5 % que fala galego).

Observamos que a gran maioría empregan o castelán como lingua principal de comunicación cos seus fillos/as, sendo a presenza do galego moi baixa ou case nula nese ámbito. Co resto da familia ou amizades pode ser diferente.

formulamos os mesmos obxectivos para traballar coas familias:

- Garantir dende o centro unha comunicación en galego, para que as familias aprecien o seu emprego no centro educativo.
- Dialogar coas familias aconsellando que non transmitan sentimentos negativos aos seus fillos/as en contra do galego.
- Intentar que non se vexa no colexio o galego como imposición, senón como lingua oficial en Galicia que convive en harmonía con outra lingua oficial, o castelán, en incluso con outras como por exemplo o inglés, o francés (cando cheguen á ESO) ...
- Aconsellar sobre a realización de actividades en familias: lectura de libros en galego, películas ou xogos educativos nesta lingua.
- Intentar implicalos na búsqueda de ferramentas que fagan máis atractivo o uso do galego para os nenos/as.

2.7.- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

Fora das clases en Lingua Galega, o galego pervive como lingua vehicular nalgúns materias (que detallaremos noutro apartado), nas comunicacións escritas oficiais (da Consellería, do Concello e do propio Colexio) e nunha parte moi reducida da comunidade educativa. É dicir: a comunicación co alumnado, coas familias e con outras institucións faise respectando a lei, dentro das porcentaxes marcadas pola Consellería.

Hai un fondo de biblioteca en galego e en todas as aulas dispoñemos dunha biblioteca de aula que dispón dun 50%, aproximadamente, de libros en galego. Ademáis, o Plan Lector permite a lectura durante vinte minutos todos os días dentro da aula.

Por mor da pandemia, e como xa ocorreu no pasado curso, vémonos na obriga de manter a suspensión da “Biblioteca de libros compartidos” ata novo aviso. Esta iniciativa consistía en traer da casa libros que despois compartían cos compañeiros de clase.

Manteremos a recomendación para que as titoras de Infantil lembren ás nais/pais que lles merquen libros en galego aos seus fillos/as. Esta práctica é unha moi boa maneira de implicar ao alumnado, que está aprendendo a ler e a escribir, no uso indistinto de galego ou castelán. Nos niveis elevados de Primaria (5º e 6º) obsérvase unha mellora significativa no coñecemento de vocabulario e expresións en galego.

A utilización do galego nas TIC é aínda deficiente polas dificultades que xorden para atopar material suficiente orixinal ou traducido á lingua galega. Trataremos de mellorar e usalas máis neste curso.

2- *LINGUAS DO ENSINO.*

A tendencia dos últimos anos xa o apuntaba e os datos da análise sociolingüística levada a cabo recentemente (a comezos de 2021) o confirma: estamos nun contorno castelán falante claro e con tendencia a aumentar.

Tendo en conta o marco legal e o noso punto de partida, fixaremos a lingua de ensino segundo os seguintes criterios.

- Educación infantil.

O Decreto 79/2010 do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, establece que na etapa de Educación Infantil o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, tendo en conta a lingua do contorno e coidando de que o alumno/a adquira, de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial. Atendendo a este criterio a lingua vehicular en Educación Infantil é o castelán. Esta decisión ven tomada da análise das enquisas que realizan os pais e nais da etapa infantil 3 anos cando realizan a matrícula no mes de xuño.

En calquera caso, dende a área de Educación Física, haberá momentos en que se vaia introducindo o galego tamén como lingua de comunicación oral.

- Educación primaria.

O Decreto 79/2010 de 20 de Maio, anteriormente citado, establece que na etapa de Educación Primaria impartirase a materia de Lingua castelá e galega na lingua respectiva tanto polo profesorado como polo alumnado.

Tendo en conta o Proxecto Lingüístico do centro, impártense en galego as seguintes materias:

- Primeiro e segundo nivel: Ciencias Sociais e da Natureza, *Educación Artística e Educación Física*.
- Terceiro e cuarto nivel: Ciencias Sociais e da Natureza, *Educación Artística e Educación Física*.
- Quinto e sexto nivel: Ciencias Sociais e da Natureza, *Educación Artística, Educación Física e Educación en Valores Cívicos e Morais*.

Garántese deste xeito que haxa un certo equilibrio nas materias en galego e en castelán na distribución de horas semanais.

3- **DESCRIPCIÓN DOS OBXECTIVOS.**

A persistencia da pandemia de COVID 19 obriga a manter os cambios tamén no funcionamento das actividades do EDNLG ,iniciados o curso pasado. debendo usar moitas ferramentas virtuais e telemáticas. Aínda así, mantemos estes obxectivos do Proxecto:

- ❖ **Respecto ao contorno sociolingüístico do centro.**

- Potenciar o uso do galego en todos os contextos, incentivando o seu uso e transmisión.
- Recuperar tradicións populares: xogos, cantigas, bailes, refráns ou ditos.
- Recuperar o prestixio social da nosa lingua entre todos os membros da comunidade educativa.
- Desenvolver accións encamiñadas á superación de prexuízos lingüísticos.
- Integrar ás familias na dinámica lingüística do centro.
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Dar apoio á ANPA, cando nos necesiten, nas actividades que realicen para que poidan desenvolverse en Lingua Galega.

- ❖ **Respecto á situación do profesorado.**

- Tratar de involucrar ao profesorado en compromisos individuais que leven a un cambio de actitude con respecto ao idioma. Neste sentido, faremos un concurso de

ideas no que pediremos propostas que fagan máis atractivo ao galego e que queira usalo máis xente

- Continuar levando a cabo en galego toda a correspondencia cos organismos oficiais e entre o profesorado, sempre que sexa posible e dentro do respecto á lexislación vixente.
- Dar a coñecer ao profesorado as disposicións lexislativas en dereitos lingüísticos.
- Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.
- Utilizar as TIC como medio para a inclusión do galego en todas as actividades.

❖ ***Respecto á situación do alumnado.***

Educación Infantil:

- Ir introducindo o galego como lingua vehicular en diversos contextos.
- Intentar que os nenos e nenas vaian introducándose nun ambiente galego.
- Introducir aos nenos nos contos de tradición oral galegos.
- Ir ampliando ou iniciando, nalgúns casos, o vocabulario en lingua galega.

Educación Primaria:

Primeiro e segundo nivel de primaria:

- Expresarse en galego, aínda que sexa con frases curtas.
- Ir introducindo a lecto-escritura en galego.
- Ampliar o vocabulario en lingua galega.

Terceiro e cuarto nivel de primaria:

- Ser capaz de expresarse en galego cunha certa fluidez e ser capaces de manter un diálogo en galego.
- Ler en galego con fluidez.
- Ampliar o vocabulario en lingua galega.
- Ser capaces de facer unha composición escrita sinxela en galego.

Quinto e sexto nivel de primaria:

- Ser capaces de manter unha conversa en galego con soltura.
- Ler en galego con fluidez.
- Ampliar o vocabulario galego.

- Ser capaces de expresarse por escrito con soltura en galego.
- ❖ **Respecto á situación lingüística do centro.**
- Proporemos un concurso de ideas entre os diversos sectores da comunidade educativa que nos axude a ver a lingua galega doutra maneira: interesante, máis próxima, con prestixio, máis fácil, con agarimo, máis útil ...
- A partir do segundo ciclo todos os alumnos e alumnas terán o seu propio dicionario de lingua galega.
- Aumentaranse o material fonográfico, informático así como o volume de libros en lingua galega na biblioteca do centro e nas distintas bibliotecas de aula.
- Proporemos establecer o uso de músicas e cancións en galego nas baixadas e subidas dos recreos. Aumentarase.
- Independentemente de que nas áreas impartidas en galego tanto os textos como a lingua vehicular sexa o galego, moitos profesores e profesoras usarana na vida cotiá do centro como mostra de apoio.
- Todos os comunicados e escritos, tanto oficiais como particulares, continuarán en galego.
- En todas as celebracións tradicionais e festivas, a lingua que se utilice será a galega.
- Todas as programacións escolares estarán en galego.
- Intenteremos elaborar este ano o nº XIX da revista ALFAR, tamé en lingua galega.
- Editarase un novo calendario para o ano 2022 cun lema sobre a Normalización Lingüística.
- Editarase, en colaboración coa ANPA, unha postal felicitando as festas de Nadal.

4. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA ATENDENDO A ACADAR OS OBXECTIVOS.

CELEBRACIÓN DE FESTAS TRADICIONAIS.

O MAGOSTO:

Debido aos protocolos do covid 19, seguirase a facer con limitacións. Consensuamos varias medidas co Equipo de Actividades Extraescolares: o alumnado de E. Infantil tomará as castañas na aula. O de Primaria, por grupos burbulla, nos espazos exteriores asinados. Ademáis, organizaremos quendas para

que tanto uns como outros poidan ver o proceso de asado das castañas (realizado por profesorado voluntario en colaboración coa ANPA).

Mantemos así o noso obxectivo:

- Dar a coñecer ao alumnado a festa do magosto e fomentar o uso do galego como a lingua asociada a esta celebración.

·O SAMAÍN:

Na segunda quincena de outubro , durante os recreos poñeranse músicas e cancións relacionadas co samaín. Proporemos tamén algúns libros para o tempo de lectura estes días.

Ademáis, en colaboración co equipo de extraescolares, convocaremos un concurso de cabazas para o alumnado do cole. Igual que no curso anterior, todos os participantes deberán decorar na casa as súas obras, pero nesta a ocasión serán expostas no vestíbulo do colexio. Haberá catro premios: un libro (relacionado con esta temática) para cada un dos gañadores/as por categorías de idades (Infantil, 1º-2º, 3º-4º e 5º-6º).

Publicaremos na web do cole tanto o nome dos gañadores/as como a foto das súas cabazas e a entrega de premios.

Os obxectivos son:

- Dar a coñecer ao alumnado a festa do Samaín.
- Fomentar a conversa e o traballo compartido no ámbito familiar arredor desta festa tradicional.

· NADAL:

Con motivo do Nadal, cada alumno/a fai unha postal de Nadal para participar no concurso en colaboración coa ANPA. Destas postais escóllese unha que será a que se mande ás familias. As demais colocaranse polos corredores do centro nunha exposición.

Tamén pediremos a colaboración das titoras para a elección dos debuxos do calendario de 2021.

Debido ás restricións pola pandemia, non haberá festival de Nadal este ano, mais faránse outras actividades que o substitúan.

Os obxectivos son:

- Fomentar a participación e a creatividade entre o alumnado.
- Traballar en común toda a comunidade educativa.
- Potenciar o uso do galego en todos os contextos incentivando o seu uso e transmisión.

·DÍA DA PAZ:

Aínda que sexa o Equipo de Extraescolares quen defina e organice a actividade concreta, dende noso propoñemos elaborar carteis con lemas ou frases simbólicas a favor da paz escritas en galego. Tamén a lectura dun conto para traballar co alumnado nas aulas.

Obxectivos:

- Expresarse en galego con frases e/ou oracións curtas.
- Empregar nas celebracións e festas a lingua galega.

Comprometémonos a colgar os carteis nos taboleiros da pranta baixa (diante das aulas de Infantil) o día 30 de xaneiro.

·ENTROIDO:

Colaborar co Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias na organización desta celebración, tanto se é virtual (de continuar as restricións pola pandemia) como presencial.

Centrariámonos en que durante a semana de Entroido se leran ou explicasen aspectos desta celebración tradicional: disfraces, receitas e sobremesas propias do entroido galego, os mandados e a queima do Meco. Tamén nos parece interesante que algúns alumnos/as que proceden doutras comunidades ou países quixeran explicar como se celebra o entroido alí.

Obxectivos:

- Dar a coñecer ao alumnado a nosa cultura e as diferentes culturas doutras rexións e países.
- Fomentar a convivencia de xente de diferentes culturas.
- Traballar conxuntamente toda a comunidade educativa, fomentando a colaboración.

LETRAS GALEGAS:

O COVID 19 segue moi presente no inicio este curso 2021/22. En principio, pensamos celebralas como no pasado curso:

- Durante a quincena anterior ao 17 recopilaremos diferentes materiais sobre o autor homenaxeado (Florencio Delgado Gurriarán) para que as titoras poidan usalos na aula.
- O 18 de maio montaremos unha exposición de prensa escrita en galego (con materiais deses días).

Se no mes de maio a pandemia tivera desaparecido e con ella as restricións, volveríamos retomar o Festival das Letras Galegas 2022 no Pazo da Cultura de Narón.

Os obxectivos son:

- Valorar a importancia da celebración das Letras Galegas,.
- Coñecer os escritores/as de gran repercusión para a nosa lingua.
- Coñecer a biografía e a obra do da persoa homenaxeada.
- Achegamento á lingua galega mediante a lectura de prensa escrita.
- Observar a utilidade do galego para contar noticias de todo tipo.
- Motivar ao alumnado para que lea en galego.

COÑECEMENTO DO NOSO PATRIMONIO CULTURAL E SOCIAL

Non poderemos realizar saídas polo entorno nin acudir ao teatro que organiza o concello ata que mellore a situación sanitaria.

ACTIVIDADES ORAIS E DE ANIMACIÓN Á LECTURA

Tanto o Certame de Intercentros e o carriño viaxeiro dos libros, como as visitas de autores de literatura galega seguen pendentes da evolución da pandemia e se retomarán no momento en que sexa posible

EDICIÓN DO Nº XIX DO XORNAL ALFAR:

Coa colaboración do todo o alumnado do centro e coa axuda dos profesores e profesoras, editarase o xornal correspondente ao curso 2021-2022. Este xornal contará cos traballos de todos os niveis e con diversas seccións, estará escrito integramente en galego. Con isto inténtase reflectir parte dos traballos feitos ao longo do curso.

Dende hai varios cursos faise en edición dixital polo alto custo e o minguante orzamento do EDLG. Cólgase na páxina web do centro e so se imprimen uns poucos exemplares para ter de consulta na Biblioteca.

Obxectivos:

- Contribuír ao uso da lingua no centro e no noso ámbito de influencia.
- Dignificar o uso do galego na prensa escrita como lingua de comunicación social e científica.
- Fomentar hábitos de traballo en equipo.
- Facer do xornal escolar unha tarefa común para toda a comunidade educativa

·EDICIÓN DO CALENDARIO ANO 2022:

En Nadal editarase un calendario do ano 2022 ilustrado cunha composición feita cun debuxo seleccionado entre os feitos por todo o alumnado do centro, ademais levará un lema alusivo á lingua galega.

Obxectivos:

Normalizar a lingua escrita, tentando que o alumnado vaia asimilando a nomenclatura dos meses na forma galega, deixando de usar castelanismos.

Prestixiar o uso da lingua galega.

Destinatarios: todo o centro educativo.

·COMPRA DE MATERIAL BIBLIOGRÁFICO, FONOGRAFICO, AUDIOVISUAL E INFORMÁTICO:

Coa intención de familiarizar ao alumnado no que atinxe ao fomento do uso da lingua galega, tanto a nivel escrito, como oral, sonoro e informático.

Obxectivos:

- Potenciar a lingua galega con soportes escritos, audiovisuais e informáticos.

·USO DAS TIC

Neste curso, independentemente da presencialidade ou do teletraballo, farase uso da aula virtual en calquer nivel educativo, Edixgal en 5º e 6º de EP e da páxina páxina Web do centro. Dende o EDLG trataremos de atopar recursos para profesores e alumnos e facer un uso didáctico deles, aparte de servirilles como divertimento e motivación.

Obxectivos:

- Emprego de Novas Tecnoloxías, as TIC, onde os alumnos e alumnas poñan en marcha estratexias de busca, filtración, selección e estudo crítico de páxinas web engalego.
- Utilizar as TIC para buscar información e poder elaborar eles mesmos os seus traballos.

Este proxecto pretende animar os nosos alumnos/as non só a falar en galego senón tamén a ler e escribir na nosa lingua, que a empreguen para elaborar diferentes tipos de textos e que se divirtan lendo en galego. Buscamos, polo tanto, realizar unha serie de actividades, ao longo de todo o curso, nas que implicaremos a toda a comunidade educativa para acadar unha maior utilización da lingua galega.

4- COMPOÑENTES DA EQUIPA DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

- ❖ Fátima Muíños, 5º B Ed. Infantil.
- ❖ Ana Rielo (Orientadora).
- ❖ María del Mar Rey, 5º A Ed. Infantil.
- ❖ Emma Mª Salgueiro Veiga, especialista en Inglés.
- ❖ Silvia Mª Sabín Mesa, especialista en Inglés.
- ❖ Anabel Mosquera, especialista en AL
- ❖ J. Bernardo Montero Doce, Ed. Física (coordinador).

V^{to} e Prace

Adirectora

O coordinador

Asdo: Ana Ayala

Asdo: J. Bernardo Montero Doce

7.6-. PLAN DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA.

1.- COMPOÑENTES

- Sabela Casal Sánchez.(1º EP)
- Belén Bellón Navarro (EI)
- Dolores Basoa López (EI)
- Teresa Pedre Lorenzo (2º EP)
- Mónica Méndez Sachocos (PT)
- Lorena Velasco de Vena (PT)
- Eva Mª Bouza Rey (coordinadora) (6º EP)

2.- INTRODUCCIÓN

O Decreto 105/2014 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia, recolle no artigo 18 a obriga de que os centros contén cunha biblioteca escolar como instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (proxecto lector de centro), como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

A lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola LOMCE, no seu artigo 113 segue a facer mención específica ás bibliotecas escolares como lugares onde se fomentará a lectura e se facilitará a todo o alumnado e resto de comunidade educativa o acceso a información en diferentes soportes e formatos.

Conscientes do noso papel en relación coa formación deses novos lectores e usuarios de diversas fontes de información, concibimos a Biblioteca escolar como un lugar de aprendizaxe, de encontro, de lecer e comunicación, integrada no proceso pedagóxico para favorecer a autonomía e responsabilidade dos alumnos. Continuamos traballando na promoción deste lugar como centro de recursos para a ensinanza e o aprendizaxe, integrándoa no currículo escolar e no PE do noso Centro.

A persoa responsable da biblioteca escolar formará parte ca CCP.

3.- OBXECTIVOS

Durante o curso 2021-2022, e seguindo o protocolo covid, centraremos o noso traballo na consecución dos seguintes obxectivos:

1. O noso obxectivo prioritario é apoiar ao profesorado no exercicio das súas prácticas docentes e facilitar ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares.
2. Crear e fomentar nos alumnos o hábito e o gusto por ler, aprendendo a utilizar as bibliotecas ao longo das súas vidas con finalidades recreativas, informativas, de investigación e de formación permanente (formación de usuarios).
3. Fomentar a expresión escrita e a creatividade do alumnado dándolles visibilidade as producións propias, tanto as relacionadas coa propia biblioteca como as de outros departamentos coma as do ENDL.
4. Promover os recursos da biblioteca entre os membros da comunidade educativa. Para iso cada titor ou profesor especialista ten un número de usuario de biblioteca o que lle permitirá retirar ata 30 títulos durante sesenta días para uso específico na aula. Logo do cal terán que volver á biblioteca para utilización doutros usuarios.
5. Impulsar a participación do profesorado e do alumnado en actividades de animación á lectura propostas.

6. Promover o funcionamento da Biblioteca como espazo de información, lecer e entretemento. Neste curso queremos volver a dar maior importancia ás “Producións propias”, reservándolles un espazo específico dentro da biblioteca. Cada mes ou cada dous meses faremos unha proposta. O alumnado que queira participar entregará o seu traballo na biblioteca para facer un libro, que logo se encadernará e gardará para uso de todo o alumnado do centro.
7. Participar en actividades de fomento da lectura promovidas polo Concello, editoriais ou calquera outra institución. Intentaremos conseguir a visita dalgún escritor ou ilustrador relacionado coas lecturas recomendadas tamén en colaboración co ENDL, sempre que se cumpran as medidas de protección covid.
8. Poñer aos alumnos en contacto con distintos tipos de textos (contos, poemas, cómics,...) así como textos en formato dixital e imaxes; contribuindo así á alfabetización múltiple, consistente na comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información. É unha competencia esencial para a vida e a porta cara o resto das aprendizaxes.
9. Dar a coñecer entre o alumnado a biblioteca escolar como un espazo que dispón dunha ampla oferta de materiais e recursos que están alí á súa disposición. Cumpriremos así unha función de compensación de desigualdades.
10. Fomentar entre os titores a utilización da Biblioteca no horario escolar. Para isto establecerase un horario onde, sen excluír outros momentos, o profesorado teña reservada unha hora semanal para traballar dentro da biblioteca.
11. Involucrar ás familias no fomento da lectura e na necesidade de ler.
12. Revisar e completar o Proxecto Lector do Centro (Dotar á biblioteca de exemplares do Plan Lector).
13. Poñer en funcionamento novamente o “Carriño da Lingua” en colaboración co ENDL. Unha selección de títulos en L. Galega que irá recorrendo as diferentes aulas para o seu uso na “Hora de ler”.
14. Selección de novos exemplares para a Biblioteca, tendo en conta as necesidades e as preferencias literarias do alumnado e do profesorado. Daremos prioridade a adquisición de textos de tipo científico para a realización de proxectos atendendo as suxestións do profesorado.
15. Rexistro e etiquetado das novas adquisicións.
16. Dentro das posibilidades orzamentarias a información en soporte audiovisual.
17. Procurarase dentro do posible a equiparación dos fondos bibliográficos en lingua galega e lingua castelá.

4.- FUNCIONAMENTO.

Aparece recollido no apartado de protocolo.

- 1) Política de préstamos
 - a) Cada alumno ten un número de lector co que pedirá o préstamo dun libro.
 - b) Deberá devolvelo ao cabo de 7 días.
 - c) Se non rematara a lectura do mesmo, pode pedir prórroga outra semana pero ten que pasar co exemplar pola biblioteca para renovar o préstamo.

- d) O alumno que non devolva o libro ou o deteriore gravemente de xeito intencionado terá que mercar outro igual ou similar.
- e) Os libros que se poden levar prestados serán:
Os de lectura (narrativa, poesía, teatro, cómic, etc)
Os de consulta (relacionados con outras materias) de pequeno formato.
- f) Non se prestarán dicionarios, enciclopedias ou libros de consulta de gran formato. A Biblioteca estará aberta todos os días durante as dúas quendas de recreo para préstamos e devolucións habendo un día sinalado para cada grupo para cumprir cos grupos burbulla do protocolo covid.
- g) Non se permite o consumo de ningún alimento ou bebida dentro da biblioteca, xa que poden estragar os fondos.
- h) O uso dos ordenadores durante o recreo terá unha duración de 20 minutos por cada usuario. Ao rematar ese tempo será desinfectado para un novo usuario. Para distribuír mellor o tempo de uso dos ordenadores haberá un cadro de reserva a dispor dos usuarios que poderán usalos previa reserva o día que teñan establecido como día de préstamo.
- i) O usuario que eleve a voz ou non cumpra as normas será privado do dereito de uso da biblioteca durante o recreo.

5. ACTUALIZARASE O ESPAZO WEB DA BIBLIOTECA.

Integrado preferentemente na páxina web do centro, como un instrumento esencial para a comunicación co alumnado e as familias, a difusión de recursos seleccionados, a comunicación de propostas e retos, a publicación de producións elaboradas polo alumnado e outros.

A Xefa de Estudos

A Coordinadora

Asdo: Ana Graña Piñeiro

Asdo: Eva M^a Bouza Rey

5. PROTOCOLO DE USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR DURANTE O CURSO 2021-22.

A biblioteca poderá ser usada de acordo co aforo xeral previsto para as bibliotecas públicas (75%). A persoa responsable da biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca, se fose posible mediante petición previa. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala. O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles. Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado. O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual. Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

1. A biblioteca conta con MEDIDAS DE HIXIENIZACIÓN:

Ao entrar na Biblioteca existe unha alfombrilla desinfectante para os pés e un dispensador de hidroalcol para lavar as mans. Non se poderá entrar na biblioteca

e coller ningún libro sen antes desinfectar as mans e pasar por encima da alfombrilla desinfectante.

2. Sinalización dos postos habilitados para a lectura:

Existen na biblioteca seis mesas de lectura para maiores, dúas mesas para pequenos e dous bancos e catro sillóns. En cada mesa hai habilitados dous postos de lectura dos catro dispoñibles para manter as distancias de seguridade. Nos bancos dos pequenos so poderá estar unha persoa de 1º ou 2º curso, así como nas mesas de pequenos. Os sillóns están dispostos para usar os catro ao mesmo tempo pero non poderán usarse os do círculo central que están para manter distancias. Os postos que poden ser usados están sinalizados cun semáforo verde.

Ademais hai dous ordenadores que tamén poden ser usados de xeito individual previa petición de uso.

3. Movemento dentro da biblioteca.

Hai marcas no chan que indican cal é a dirección para moverse na biblioteca. A profesora de garda vixiará que estes movementos se fagan de xeito ordenado. Non se permitirá a entrada de novos usuarios mentres que o aforo estea completo.

4. Ventilación:

Para permitir unha correcta ventilación da biblioteca as dúas portas que dan ao patio permanecerán abertas durante as dúas quendas de recreo, así como a porta que dá ao corredor de infantil para permitir a circulación de aire. Se fose necesario tamén se abriría algunha das fiestras altas.

5. Distribución de días de uso da biblioteca:

Ao haber dúas quendas de recreo (1º de 11:30 a 11:55, 2ª de 12:00 a 12:25) o uso da biblioteca será distribuído un día para cada grupo dos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º de E.Primaria, e un día para o alumnado de 5º e 6º de Primaria. O cadro de uso será entregado a cada aula e haberá outro colocado na porta de entrada da biblioteca para que todo o alumnado saiba que día pode usar a biblioteca para préstamos e devolucións.

Tamén na sala do profesorado haberá un cadro para que cada titora reserve unha das horas da xornada escolar para o uso exclusivo da biblioteca co seu alumnado.

7.7.-PLAN LECTOR DE CENTRO.

7.7.1.-ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA .

O CEIP " A Gándara"está enclavado en Narón, preto de Ferrol, nunha zona de crecemento urbano e preto dunha zona de concentración industrial e comercial.

Preto do colexio atopase o Pazo da Cultura, unha gardería municipal , o pavillón municipal, un centro social e unha biblioteca.

En canto á lectura, na actualidade atopamos os seguintes problemas:

- Certo rexeitamento cara a lectura en xeral por parte dalgúns alumnos/as.
- Dificultades na comprensión lectora.
- Escaso vocabulario, sobre todo en Lingua Galega.
- Escasa motivación nalgúns familias.
- Dificultades na:

- Selección de libros de lectura para o lecer.
- Localización de fontes de información adecuadas a unha actividade ou necesidade.
- Manexo de obras de referencia en distintos soportes.
- Localización de documentos e diferentes obras de consulta na biblioteca.

7.7.2.-ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO.

7.7.2.1-.PRÁCTICAS LECTORAS E ESCRITORAS DO ALUMNADO:

7.7.2.1.1-E. INFANTIL

Durante todo o curso realízanse actividades de animación á lectura a través de:

- ❖ A “hora do conto”:
 - Selección de contos.
 - Hábitos de escoita.
 - Actividades de comprensión.
 - Dramatizacións.
 - Traballos artísticos relacionados.
 - Tarxetas de vocabulario, personaxes, título do conto...
 - Partes do conto.
- ❖ Textos diversos:
 - Comprensión de contos, fábulas, poesías, trabalinguas, adiviñas, cancións...
 - Memorización e recitado de poesías.
- ❖ Biblioteca de aula:

- Dentro da aula, a biblioteca é un recanto fixo, o alumnado na “hora de recantos” poden ir libremente. Neste recanto como nos outros teñen unhas normas que cumprir e unas actividades, por exemplo, saber que conto queren ler, saber que conto están lendo, coidar os contos, ler por parellas, deixar recollido...
- En cinco anos, contando coa colaboración dos pais, tódalas semanas os nenos e nenas levan un conto para que llo lean na casa; as veces da biblioteca da aula, outras veces da biblioteca do centro.
 - ❖ Biblioteca do centro:
 - Participar nas actividades de animación á lectura propostas pola biblioteca do centro.
 - ❖ Revista escolar: participamos na elaboración da revista escolar O Alfar con traballos elaborados polo alumnado...
 - ❖ Saídas relacionadas: teatro, contacontos..
 - ❖ Informática: CD motivadores adaptados a súa idade: contos con actividades relacionadas, de aprendizaxe lecto-escritor, un ordenador por aula+ proxector+ brazo proxector de opacos., e nas aulas de EI 5 pizarras dixitais.

7.7.2.1.2. CURSOS DE 1º E 2º.

- ❖ Actividades previas á lectura.
- ❖ Interpretación das imaxes das lecturas, lembrar as imaxes que había co libro pechado. Anticipación do tema, segundo as ilustracións, facéndolles preguntas ou libremente.
- ❖ Lectura
 - Lectura tanto en silencio como en voz alta, colectiva, individual ou encadeada, en todas as materias todos os días.
 - Lectura dramatizada dun texto dialogado ou cómic.
 - Lectura comprensiva de distintos tipos de textos en diferentes formatos.
 - Memorizar e recitar poemas, adiviñas, trabalinguas... inventar, copiar rimas, poemas...
- ❖ Ortografía
 - Explicar palabras descoñecidas, para recordalas e ampliar vocabulario.
- ❖ Outras

- Completar sopas de letras, encrucillados...
- Completar unha historia comezada ou cambiar o final (oralmente ou por escrito, individual ou colectivamente).
- Expresar sentimentos, emocións, ou opinións.

❖ Biblioteca

- Participación en todas as propostas da Biblioteca escolar.
- Biblioteca de aula (galego e castelán) lectura libre.
- Biblioteca escolar: unha hora semanal reservada para lectura libre dos libros da biblioteca.
- Prestamos nos recreos de xeito libre e individual.

❖ Ordenador

- Buscar no ordenador diversas actividades relacionadas cos temas traballados na clase coa axuda dos pais na casa.

7.7.2.1.3. CURSOS DE 3º e 4º

❖ Lectura

- Lectura en voz alta, baixa, encadeada ou dramatizada de diversos textos narrativos, poéticos e informativos das distintas materias (sociais, naturais, matemáticas, etc.)

❖ Ortografía

- Realización de ditados nos que hai que descubrir palabras, ou rematar unha historia.

❖ Outras

- Facer resúmenes e esquemas de Unidades Didácticas.
- Realizar sopas de letras, encrucillados...
- Buscar noticias (nos xornais) e elaborar eles as súas propias noticias.
- Traballo de investigación na casa sobre temas tratados na clase coa axuda dos pais.
- Lectura obrigatoria de obras en Lingua Galega dentro da hora de ler mais unha sesión da materia de Lingua Galega.
- Actividades de animación a lectura relacionadas cos textos traballados.
- Remuíños de ideas para a elaboración de diferentes textos: descrições, narracións...

❖ Biblioteca

- Consultas de libros na biblioteca sobre algún tema concreto.
- Semanalmente poden levar un libro da biblioteca, os préstamos faranse durante a hora do recreo e a selección é individual e libre.
- Dedicación dun tempo semanal a ler contos da biblioteca de aula, e dunha selección de libros da biblioteca do centro.
- Participación nas actividades que propón a biblioteca escolar.
- Encontros cos diferentes escritores dos textos seleccionados e lidos durante o curso.

7.7.2.1.4. CURSOS DE 5º e 6º.

❖ Actividades previas á lectura

- Se o texto ven precedido dunha lámina, tratamos de imaxinar sobre o que versa a lectura. Anticipar unha trama e un desenlace. Situar nun planisferio o país onde sucede a lectura.
- Anticipar a época histórica na que sucede fixándonos no vestuario ou na arquitectura que aparece na ilustración.

❖ Lectura

- Lectura silenciosa, con axuda do dicionario, para consultar dúbidas que poden xurdir.
- Realizar unha lectura colectiva en voz alta e unha comprensión da mesma oral ou escrita.
- Finalizar cun resumo que tamén pode ser oral ou escrito.

❖ Ortografía

- Correccións ortográficas individualmente e colectivamente.
- Escribir oracións co vocabulario novo aprendido.
- Escribir pequenos textos coas palabras aprendidas.

❖ Outras

- As composicións realizadas polos nenos sempre se len colectivamente, para corrixir erros e para enriquecerse coas ideas dos demais.
- Elaboración de textos diversos para gardar dentro da biblioteca escolar no apartado de “Produccións propias”.

❖ Biblioteca

- Uso da Biblioteca de xeito autónomo e voluntario durante os recreos, onde os nenos elixen un libro para ler na súa casa.
- Participación nas actividades propostas pola Biblioteca escolar, e polo equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Uso da biblioteca escolar durante unha hora semanal para facer traballos de investigación, escritura cooperativa, lectura dramatizada ...

7.7.2.2. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS: SITUACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR E OUTROS RECURSOS.

7.7..2.1. –SITUACIÓN DE PARTIDA:

- No referente aos soportes non escritos (CD, DVD, programas informáticos etc.) son escasos.
- Escasa utilización por parte do profesorado.
 - Tomáronse as seguintes medidas:
 - Actualización dos fondos, facendo fincapé no tema informativo.
 - Creouse un equipo de Biblioteca formado por catro persoas. Unha é a que leva as gardas de biblioteca durante o recreo. A coordinadora ten catro horas de garda para a catalogación dos fondos.
 - Continuouse a catalogación informatizada das obras aplicando a CDU simplificada para un uso sinxelo en E.I e E.P.
 - Proposta de actividades dende a Biblioteca Escolar tanto de uso propiamente dito da biblioteca, como de fomento da lectura, ou de campañas culturais.

7.7..3.OBXECTIVOS , FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN.

7.7.3.1.OBXECTIVOS XERAIS.

- Formación de lectores competentes en todo tipo de textos e soportes , con todo tipo de finalidades.
- Creación e consolidación de hábitos de lectura. Estimular o hábito lector despertando a necesidade de ler dende as idades máis temperás.

- Descubrir no alumnado a sensibilidade literaria, cultivando o gusto e o gozo de ler, compensando na medida do posible a falta de estímulos familiares, sociais ou persoais.
- Capacitar ao alumnado para un uso crítico e autónomo das diversas fontes informativas.
- Implicación e participación dos distintos sectores da comunidade educativa, especialmente das familias, co fin de crear un ambiente lector dentro e fora do aula e do centro.
- Integración da Biblioteca Escolar no traballo cotián do centro, dotándoa de forma permanente dos recursos precisos para o seu funcionamento.

7.7.3.2.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

7.7.3.2.1.EDUCACIÓN INFANTIL:

- Experimentar a biblioteca de aula ou de centro (segundo a programación de aula) como lugar máxico de encontro co libro.
- Establecer un primeiro contacto co seu amigo o libro de forma lúdica e respectuosa.
- Adquirir hábitos relacionados co comportamento que se debe manter na biblioteca e o trato que se debe dar aos libros.
- Presentar a lectura como fonte de gozo e descubrimento, despertando o desexo de descubrila.

7.7.3.2.2. EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Profundar na relación coa biblioteca como lugar que permite saciar a súa curiosidade.
- Espertar, favorecer e estender o gusto pola lectura como fonte de gozo e aprendizaxe, incrementando o interese pola literatura como expresión de coñecemento e cultura.
- Desenvolver a imaxinación e creatividade empregando os recursos que ofrece a biblioteca (de aula, de centro...), despertando a necesidade de elaborar creacións propias que formen parte dos fondos da biblioteca.
- Mellorar nos hábitos de comportamento na biblioteca, desenrolando hábitos de coidado e respecto polos libros e demais materiais existentes.
- Formar ao alumnado e profesorado na metodoloxía bibliotecaria básica (formación de usuarios/as)

- Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible nos diferentes formatos e soportes da forma máis autónoma posible, aproveitando os recursos dispoñibles para ampliar os coñecementos adquiridos no aula.
- Ampliar a propia visión do mundo, abrindo a mente a outras realidades sociais e culturais con actitude de respecto e tolerancia.

A Xefa de Estudos

A Coordinadora

Asdo: Ana Graña Piñeiro

Asdo: Eva M^a Bouza Rey

72

7.8. PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS TIC.

COMPOÑENTES

- Susana Santalla Fernández 3º ciclo e Coordinadora Tic`s
- Paula Carballo Leira (Ed. Infantil)
- Alba Tenreiro López(Ed. Infantil)
- Dolores Sagrario González López
- Carlota Pena Freijomil (2º Ciclo)
- Belén Casanova Mayo (2º Ciclo)
- Anilda Vidal Sanjurjo (3º ciclo)

1. INTRODUCCIÓN

A **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)** expón que as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) son unha peza fundamental para mellorar a calidade do noso sistema educativo. Así mesmo, defende que o uso responsable e ordenado destas novas tecnoloxías por parte do alumnado debe estar presente en todo o sistema educativo.

Igualmente, o **Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**, establece como un dos

obxectivos en Educación Infantil (EI) desenvolver no alumnado capacidades que lle permitan “achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación”.

En Educación Primaria, o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**, tamén determina que as TIC son un elemento transversal que debe traballarse en tódalas disciplinas, e indica como un obxectivo para o alumnado “iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran”, defendendo que o uso das mesmas constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que garantan o éxito educativo en Galicia.

Seguindo esta perspectiva, para o aproveitamento educativo das novas tecnoloxías a **Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes**, establece que nos centros educativos poderá designarse unha persoa encargada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), que terá como obxectivo o mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, así como o soporte no seu uso didáctico ao resto dos profesores do claustro.

O CEIP A Gándara, perseguindo o estipulado na lexislación vixente, desenvolve a través deste proxecto TIC a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro con motivo de fomentar a adquisición por parte do noso alumnado da competencia dixital. En consecuencia, é de vital importancia aproveitar os beneficios educativos que nos ofrecen as novas tecnoloxías, pois serven como unha ferramenta motivadora, interactiva e con enormes posibilidades creativas que facilitan enormemente as aprendizaxes significativas nos discentes.

Neste curso 2021/2022, o centro segue adaptándose e desenvolvendo as competencias do alumnado coas TIC nas aulas, a través da aula virtual do centro, e en 5º e 6º niveis de Educación Primaria (EP) dende o Proxecto E-Dixgal. Do mesmo xeito, o profesorado emprega tódolos recursos tecnolóxicos dos que dispón para compensar as necesidades educativas do alumnado, adaptando a educación ás súas características e necesidades.

3. OBXECTIVOS

3.1 Obxectivos do centro

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC como unha ferramenta de traballo explotando as súas posibilidades educativas.
- Desenvolver un uso crítico das TIC na comunidade educativa como medio para acceder á información, coñecementos e servizos, avaliando as vantaxes, inconvenientes e limitacións.
- Implicar a todo o profesorado na utilización das TIC.
- Dispor de equipamento informático que permita explotar as posibilidades educativas das TIC.
- Desenvolvemento e mantemento conxunto por parte de todo o profesorado da páxina web e da aula virtual do centro.
- Difusión do emprego das TIC entre as familias do alumnado.

3.2 Obxectivos do profesorado

- Empregar eficazmente a páxina web, a aula virtual do centro e a aula virtual do Proxecto E-Dixgal.
- Utilizar e/ou crear material didáctico en formato dixital para fomentar o desenvolvemento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- Fomentar a motivación por aprender do alumnado aproveitando as novas tecnoloxías.
- Contribuír ao desenvolvemento da competencia dixital no alumnado.
- Continuar formándose mediante a teleformación, pescuda de recursos na rede, e intercambios de experiencias nas TIC.

3.3 Obxectivos específicos do equipo TIC

- Empregar e manter actualizadas a aula virtual e a páxina Web do centro.
- Mantemento da aula de informática para o seu aproveitamento durante a pandemia causada polo virus COVID-19 e como recurso de iniciación ás clases de informática para alumnado de 3º e 4º de primaria.

- Deseño dunha estratexia para o uso seguro e eficaz da aula de informática do centro.
- Solucionar aqueles problemas informáticos que non requiran a actuación da UAC (Unidade de Atención a Centros) e prover de recursos para o seu emprego dixital nas aulas.
- Elaborar e difundir materiais-guías sobre o uso das novas tecnoloxías.
- Analizar o estado dos recursos TIC dispoñibles detectando as necesidades de materiais, debilidades e fortalezas do centro no relativo as novas tecnoloxías.
- Inventariar todo o material tecnolóxico da aula de informática e mantelo actualizado.
- Promover o uso e aproveitamento dos recursos TIC do centro.
- Coordinarse co asesor Abalar da zona e coa UAC.

3.4 Obxectivos do alumnado

- Potenciar a súa autonomía e aprendizaxe no uso das TIC.
- Desenvolver a súa competencia dixital.
- Potenciar na medida do posible o traballo cooperativo empregando as TIC.
- Desenvolver o uso crítico das TIC como medio de acceder á información, coñecementos e servizos, avaliando as súas vantaxes, inconvenientes e limitacións.

3.5 Obxectivos das familias

- Implantar o uso das TIC como unha ferramenta de traballo no proceso de ensinanza aprendizaxe, e coñecer os seus usos básicos e as súas posibilidades para a Comunidade Educativa.
- Potenciar o intercambio de información e os trámites administrativos co centro empregando as novas tecnoloxías.
- Fomentar no alumnado un uso crítico e responsable das novas tecnoloxías, tanto como ferramentas de traballo como de lecer, cultivando igualmente un uso adecuado e saudable do tempo libre.

4. ORGANIZACIÓN

O proxecto TIC lévase a cabo de maneira global e coordinada por todo o centro educativo, e pretende dinamizar e impulsar o uso das novas tecnoloxías como medio para favorecer e estimular a adquisición da competencia dixital contemplada na **LOMCE**. Igualmente, as TIC serven para motivar a adquisición de novas aprendizaxes e para asentarse e consolidar as xa adquiridas dunha maneira máis dinámica e amena.

5. HORARIO

O coordinador TIC elaborará un horario para o uso da aula de informática e dos seus recursos. Só se poderá empregar a aula de informática por un grupo de alumnos cada día. Unha vez feito o horario comunicáraselle ao resto do profesorado.

6. METODOLOXÍA

A situación causada polo virus COVID-19 supuxo un cambio metodolóxico substancial nos centros de ensinanza. Para adaptar a aula de informática a esta nova circunstancia, e seguindo o estipulado no **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022** a aula de informática empregárase sempre que as condicións de seguridade o permitan. Por conseguinte, estas son as medidas que se levarán a cabo para o seu correcto uso e funcionamento:

- Todas as persoas e o alumnado dende os seis anos levarán postas máscaras para evitar contaxios, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.
- Manterase sempre a distancia de seguridade e de non ser posible o alumnado estará separado por mamparas.
- O alumnado e o profesorado realizará a hixiene de mans con xel hidroalcohólico ao entrar e saír da aula de informática, e non poderán compartir material de ningún tipo co resto de persoas da aula.
- Ao tusir ou esbirrar, taparase a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben farase contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.

- A aula de informática deberá ter sempre as súas portas e ventás abertas para facilitar a ventilación do espazo. Non se pode usar a función de re-circulación do aire dentro da aula.
- Tras cada uso a aula de informática será debidamente desinfectada e ventilada, como mínimo 15 minutos antes da xornada e 15 minutos tras cada sesión.
- A aula de informática só poderá empregarse por un único grupo de alumnos cada día.
- Os equipos de traballo da aula de informática (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa asignada a ese posto durante todo o curso escolar, e de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

6.1 Metodoloxía con respecto ao uso dos equipos informáticos

- O alumnado coñecerá previamente o funcionamento da aula e as actividades que van realizar nela: acender e apagar o ordenador, uso do rato e o teclado, aparellos, conexións, programas cos que se vai traballar, etc.
- Acostumarase ao alumnado a tratar correctamente o material e deixar recollida a aula.
- Ao remate da actividade, o profesorado é responsable de que a aula quede recollida, os equipos apagados e todo disposto para volver a ser utilizada novamente. Igualmente, comunicaráselle ao coordinador TIC as posibles incidencias que puido haber no material co fin de amañalo o antes posible.
- Na aula de informática traballaranse tanto contidos propios do currículo de EI e EP como as competencias dixitais.

7. FORMACIÓN DO PROFESORADO

En consonancia con todo o exposto neste Proxecto TIC, o profesorado continuará formándose durante todo o curso escolar nas novas tecnoloxías, mellorando as súas destrezas e aumentando os recursos dixitais dos que dispón para desenvolver os procesos de ensinanza e aprendizaxe nos discentes.

Algúns dos cursos que se van realizar neste ano académico 2021-2022 son:

-“Digicraft “ no marco do Plan Digitalent promovido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

-“Iniciación a Canva” incluído dentro do plan de formación do profesorado do centro en colaboración con CEFORE.

Posteriormente, poderán realizarse novos cursos de formación convocados por administracións públicas con plenas competencias educativas ou por universidades, ou actividades incluídas no plan de formación permanente do profesorado organizados por entidades colaboradoras coas administracións educativas ou actividades recoñecidas pola Administración educativa correspondente.

78

8. AVALIACIÓN

Realizarase un seguimento trimestral das actividades realizadas na aula de informática e do proxecto E-DIXGAL co que traballa o alumnado de 5º e 6º de EP. Ademais, analizaranse os recursos e necesidades relativos as TIC que atinxan ao centro.

Ao rematar o curso farase unha avaliación final valorando o grao de consecución dos obxectivos e que incluírá as propostas de mellora oportunas. Todos estes datos reflectiranse nunha memoria final onde se recollerán os resultados da avaliación do Proxecto TIC.

7.9. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DE PROFESORADO.

Os Plans de Formación Permanentes de Profesorado (PFPP) son plans específicos de formación permanente que, partindo dunha avaliación das necesidades do centro, permitan deseñar accións formativas destinadas á actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais do profesorado para a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares.

Neste curso 2021-2022 continuamos co PFPP no primeiro trimestre no que afondaremos na iniciación á robótica co programa de “DIGICRAFT” e no emprego

de ferramentas dixitais para a elaboración de recursos na aula coa ferramenta on-line “CANVA”, aprendizaxes que se realizarán por medios dixitais, a plataforma de “WEBEX”.

7.10. PLAN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

79

INTRODUCCIÓN

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares está constituído este curso 2021/2022 polos seguintes membros:

- Lucía Vellón Fernández (coordinadora e representante de 3º ciclo).
- María del Carmen Julías Casás (infantil) .
- Enrique Blanco Guillén (1º ciclo).
- Ana Graña Piñeiro. (1º ciclo).
- Ana Márquez Moreno. (2º ciclo).
- Ariadna Mascarón Sanchís. (AL)

Temos que destacar que todas as actuacións reflexadas nesta programación teñen moi presente a actual situación sanitaria provocada pola pandemia da Covid 19, polo que, a medida que a nova normalidade se vaia impondo, tamén flexibilizaremos as distintas actividades.

Propóñense os seguintes obxectivos:

- Organizar e poñer en práctica (en colaboración co resto de profesorado do centro) as actividades para celebrar as distintas conmemoracións e festividadeas marcadas no

calendario escolar 2021/2022 así como outras datas que se acorden xunto co resto do profesorado.

- Promover e colaborar nas saídas (no caso de que se poidan realizar) dos distintos niveis e proporcionar información sobre as mesmas.
- Achegar as distintas actividades que oferte o concello ou outras entidades e promover a súa participación.

A presente programación ten como finalidade recoller e analizar as actividades que o Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias deste centro organiza ou desenvolve, en maior ou menor medida, para este curso, agrupadas do seguinte xeito:

1. Conmemoracións
2. Festivais
3. Actividades complementarias: visitas, excursións e saídas
4. Actividades extraescolares.

Nos casos de non existir concreción de datas ou actividades, estas serán fixadas ao longo do curso, dada a dificultade existente para a determinación dalgunha delas ao inicio do curso. Así, todas aquelas posibles concrecións ou a realización de actividades inicialmente non propostas aparecerán reflectidas na Memoria Final.

1. CONMEMORACIÓNS

1º TRIMESTRE:

- Samaín: última semana do mes de outubro.
- Magosto: primeira semana de novembro.
- Nadal: 21 de decembro.

- **2º TRIMESTRE:**
- Día da Paz: 30 de xaneiro.
- Entroido: 25 de febreiro.

3º TRIMESTRE:

- Día das Letras Galegas: última quincena de maio.

Ditas conmemoracións, así como os festivais reflectidos máis abaixo, celebraranse a nivel de centro, pero ademais cada mestre/a na súa aula e co seu grupo de alumnos/as poderá celebrar as datas que se reflicten no artigo 8º da Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do venres, 4 de xuño de 2021), e aproveitar para traballar sobre temas relacionados coas conmemoracións que se citan:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 3 ao 10 de decembro de 2021: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 20121: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.

- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 11 ao 15 de marzo de 2022: Semana da Prensa.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 25 e 29 de abril de 2022: Semana do libro

Tal e como establece esta mesma orde, cando algunha das datas ás que se refiren os puntos anteriores sexa sábado, domingo, festividade local ou estea incluída nalgún dos períodos de vacacións, a correspondente conmemoración celebrarase o día lectivo inmediatamente anterior ou posterior segundo estableza a programación xeral anual.

2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: VISITAS, EXCURSIÓNS E SAÍDAS

As visitas, saídas e excursións son organizadas polos distintos ciclos en función das súas preferencias ou da relación que estas teñan cos contidos educativos a tratar no nivel para o presente curso. Porén, agardemos a que a situación sanitaria mellore para comezar coas saídas e só faremos aquelas na que as medidas sanitarias estean garantidas.

En calquera caso si haberá visitas virtuais a diferentes centros a través de medios telemáticos.

4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Son as organizadas pola ANPA do centro en horario non lectivo e realizaranse no pavillón da mocidade e no local social de A Gándara.

A súa distribución é a seguinte:

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00 a 17:00	kÁRATE	Patinaxe	Kárate Xadrez	Multideporte Guitarra	Zumba
16.00 a 17.30		Debuxo e pintura		-Artesanía e creatividade.	
17:00 a 18:00	kárate		kÁRATE		

7.11 PLAN DA EQUIPA DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA

1.COMPOSICIÓN.

Este curso as compoñentes da Equipa de Convivencia son as seguintes :

- Ana Ayala Rodríguez (Infantil)
- Nuria Gutiérrez González (1º Ciclo)
- Elena Pérez Fernández (2º Ciclo)
- M^a Dolores Carpenle Carpenle (2º Ciclo e coordinadora).
- Carmen M^a Rodríguez Rouco (3º Ciclo)

2.-OBXECTIVOS

Este curso, igual que nos anteriores anos, seguiremos traballando nos seguintes bloques:

- “COIDAMOS O NOSO ENTORNO “: Procurar un ambiente acolledor: limpo, ordenado e cun ton de voz axeitado.
- “COIDAMOS AS PERSOAS “ : O obxectivo é traballar distintas habilidades sociais, as boas maneiras de dirixirse aos demais, e a prevención do acoso escolar ou de calquera outro tipo de abuso.
- “COIDAMOS AS RELACIÓNS” : O obxectivo é traballar a mediación como forma de resolución de conflito, mellorar os estilos de comunicación, aumentando o estilo

asertivo fronte ao estilo inhibido ou agresivo e intentarase utilizar a relaxación nas aulas.

3.- PROPOSTA DE TRABALLO.

Coidemos o noso entorno:

1º.- Limpeza de patio: xa que neste curso aínda non sabemos o que nos deparará a COVID-19, non poderemos empezar, coma outros anos, a limpeza do patio por parte do alumnado. O que si sería importante é que nas aulas se explicasen as normas para a reciclaxe nos colectores indicados e sensibilizar a necesidade de diminuír o uso dos plásticos e todo tipo de materiais prexudiciais para o medio ambiente.

2º.- Movemento polo colexio en orden: é preciso concienciar aos alumnos de que debemos circular polo centro de forma ordeada e respetuosa.

Coidamos as persoas e as relacións:

1º.- Traballar as normas de clase que están elaboradas, facendo partícipes aos alumnos nas consecuencias do seu incumprimento.

2º.- Traballar as habilidades sociais semanalmente:

-Habilidades de interacción social:

- Sorrir e rir.
- Saudar.
- Presentacións.
- Favores.
- Cortesía e amabilidade.

- Habilidades para facer amigos e amigas:

- Reforzar aos outros.
- Iniciacións sociais.
- Unirse ao xogo con outros.
- Axuda.
- Cooperar e compartir.

- Habilidades conversacionais:

- Iniciar conversas.
- Manter conversas.
- Rematar conversas.
- Unirse as conversas de outros.
- Conversas de grupo.

- Habilidades relacionadas cos sentimentos, emocións e opinións:

- Autoafirmacións positivas.

- Expresar emocións.
- Recibir emocións.
- Defender os propios dereitos.
- Defender as propias opinións.

- Habilidades de solución de problemas interpersonais:

- Identificar problemas interpersonais.
- Buscar solucións.
- Anticipar consecuencias.
- Elixir unha solución.
- Probar a solución.

- Habilidades para relacionarse cos adultos:

- Cortesía co adulto.
- Reforzo ao adulto.
- Conversar co adulto.
- Peticións ao adulto.
- Solucionar problemas con adultos.

3º.- Tratar e previr “bullying”/ “acoso escolar” e calquera outro tipo de abuso.

- Empregar a caixa de suxestións para que cada quince días vaian dicindo como se sinten tanto no colexio como na casa.
- Proporcionarse o protocolo da Xunta: “Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso” a todo o profesorado.
- Realizáranse sociogramas en tódalas clases para ver o funcionamento da aula.
- Propórnanse dinámicas cooperativas que fomenten a boa relación entre iguais, sempre que sexa posible, por mor da COVID.
- Daranse fichas sobre o acoso escolar para que se fagan en todas as clases.
- Contarase en todas as clases contos relacionados co tema do acoso, incluso poden ser inventados polos propios alumnos e profesores. A partires deles faranse distintas actividades, tanto orais como escritas.

4º.- Facilitar ó profesorado protocolos de actuación ante a diversidade.

5º.-Continuar, na medida do posible, coa formación de mediadores (5º e 6º de E. Primaria) que actuarán na resolución de conflitos, en espera de que normalice a situación actual.

6º.- Traballar o estilo “ asertivo” no colexio entre: profesorado, pais/nais, e alumnado.

7º.- Propoñer a realización de técnicas de relaxación en todas as aulas.

8º.-Escoller contos de distintas temáticas: emocións, discapacidades, comportamento, circunstancias familiares difíciles, igualdade de xénero.... para traballar en cada aula.

Os ciumes: Traballarase a partires dos seguintes contos:

“ Cuando estoy celoso” de Editorial SM,

- “ El nuevo hermanito” de Bruno
- “ Yo soy el mayor” de SM
- “ Celos” de Everest.

A separación dos pais-nais: A partires dos seguintes contos:

- “ Mamá y papá se separan” de Ediciones Morata
- “ Teño dúas casas” de Edicións Embora
- “ Mis padres ya no son novios... ahora son amigos” de Editorial Salvatella.
- “ Esto no es una fábrica de sonrisas”- Editorial “ La Galería”.
- “ Vaia lío de familia!”- Editorial “La Galera”

A dislexia: Traballarase a partir do conto:

“ Que lle pasa a Marcelo?”: Conto inventado este curso sobre un alumno disléxico. Contarase en todas as aulas e faranse despois distintas actividades.

Outros contos son:

- “ Me cuesta leer” de Editorial Salvatella.
- “ Tengo dislexia”- Editorial Miau.

Propoñemos tamén a película india con subtítulos en español: “ Como estrellas sobre la tierra”.

Rasgos do espectro autista: A partires dos contos:

- “ Síndrome de Ásperger” de Editorial Salvatella.
- “ El síndrome de Ásperger”- Equipo Deletrea.
- “ Quieres conocerme?”- Autismo. Editorial Salvatella.
- “ Juan tiene autismo”- Editorial Miau.

A hiperactividade: A partires dos contos:

- “ Topito Terremoto”- Editorial Beascoa.
- “ Alex, basta ya! Editorial Salvatella
- “ Clara non para” de Baia Edicións “
- “ Ratoncito Fernandito no para quieto ni un poquito” de Ediciones Fortuna.

A morte : A partires dos contos.

- “ Mi amiga invisible”- Editorial Salvatella.
- “ A nai da nai da miña avoa”- Editorial Hercules Ediciones.
- “ Hoy estoy triste”- Editorial Beascoa.
- “ No es fácil pequeña ardilla” de Kalandraka
- “ Para siempre” de Timun Mas.

A ira /A tranquilidad: A partires dos contos.

- “ Cando estou tranquilo”- Baía edicións.
- “ La cola de dragón” de Editorial Salvatella

- “ O segredo de Flora” de edicións Embora
- “ Yo pienso, yo soy” de Ediciones Jaguar
- “ Sin excusas” de Ediciones Jaguar
- “ El perrito Antón se comporta como un matón” de Ediciones Fortuna
- “ A princesa que bocexaba a todas horas” de OQO.

As diferenzas : A partires dos contos.

- “ Orelas de bolboreta” de Kalandraka,
- “ Si, son gorda” de Ediciones Brosquil,
- “ Las cosas que le gustan a Fran” de Editorial Violeta Infantil
- “ Negros e Brancos” de Xerais, ¿” Cal é a miña cor”? de Xerais.
- “ Monstruo rosa” de Apila

As discapacidades: a partires dos contos:

- “ Son especial para os meus amigos” de Rodeira
- “ Mimi y la jirafa azul” de Editorial Salvatella.

Os medos : A partires dos contos:

- “ A superheroína supersónica”- Editorial Baia Edicións.
- “ Te aseguro que los monstruos no existen” de Elfos
- “ Gato Guille e osa monstros” de Kalandraka
- “ Un pesadelo no meu armario” de Kalandraka.
- “ Los atrevidos dan el gran salto” de Beascoa

A convivencia:

- “ El diario de la convivencia en clase” de Desclée Aprender a ser.
- “ Aprender a comportarme” de Geu
- “ Energías y relaciones para crecer” de Parramón

As emocións: A partires dos contos:

- “ Valores de oro”de Palabras Aladas.
- “ El gran libro de las emociones”- Editorial Parramón.
- “ El arte de emocionarte “ de Nube de tinta.
- “ Leo TEAyuda las emociones básicas” de Psylicom
- “ El gran libro de las emociones” de Parramón
- “ Los atrevidos en busca del tesoro” de Beascoa
- “ Valores de oro” de Palabras Aladas
- “ Manual para soñar” de Palabras Aladas
- “ Emocionario” de Palabras Aladas
- “ Cómo está el clima” de Parramon
- “ Colección desde dentro” de Salvatella

Durante o curso iranse mercando máis libros para poder actualizar a biblioteca de convivencia e así, ofrecer máis variedade de títulos e temas.

Ao mesmo tempo, todo o que vaia xurdindo ao longo do curso e vexamos que é interesante para tratar os temas relacionados coa convivencia, aproveitarase para traballalo nas aulas.

A Xefa de Estudos

A Coordinadora

88

Asdo: Ana Graña

Asdo: Dolores Carpenle Carpenle

7.12- PLAN DE IGUALDADE.

1. Introducción.

Durante o curso 2018-19 a Comunidade educativa do CEIP A Gándara detectou a necesidade de recoller todo o traballo de coeducación que se levaba desenvolvendo durante anos a través dun documento marco.

No curso 2019-20, a Xunta de Galicia insta aos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan as etapas de educación infantil, primaria, secundaria ou formación profesional, a elaborar un Plan de igualdade. O Plan formará parte do Proxecto Educativo de cada centro, e desenvólvese anualmente no marco da PXA (Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa)

Coeducar supón un modelo educativo que se sustenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantindo o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa.

2. Contextualización da normativa e do centro.

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

No preámbulo da **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

A **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade de mulleres e homes** establece no artigo 23, a educación en igualdade de mulleres e homes, e no artigo 24, a integración do principio de igualdade na política de educación.

O artigo 17 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece as medidas a prol dunha educación en igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. O artigo 19 fala da erradicación de prexuízos nos centros docentes.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (27 de xullo de 2017) recolle no seu punto 170 que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria.

Entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Ademais destas medidas lexislativas tivéronse en conta as seguintes:

Estatal

- Constitución Española de 1978
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional

- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno (BOE 14/10/2003. Núm. 246)
- Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29/12/2004. Núm. 313)
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE 23/03/2007. Núm. 71)
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Autonómica

- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG 3/08/2004. Núm. 149)
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG 13/04/2007. Núm. 72)
- Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG 7/08/2007. Núm. 140)
- V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).
- VI Plan Galego para a igualdade entre homes e mulleres. (Estratexia 2013 - 2015)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).
- VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

- O profesorado do centro é maioritariamente feminino. Así dentro dun cadro de persoal formado por 32 docentes, so 4 son profesores.

- O persoal administrativo e de servizos tamén é totalmente feminino: unha conserxe e unha administrativa.
- O persoal coidador tamén é totalmente feminino: dúas coidadoras.
- O persoal de limpeza tamén é totalmente feminino: catro limpadoras, aínda que, ás veces, o encargado da limpeza dos cristais é un home.
- Do persoal encargado de servir e coidar no comedor tamén é totalmente feminino: catro monitoras-coidadoras.
- O equipo Directivo está formado por tres profesoras .
- O alumnado é maioritariamente masculino. En E. Infantil hai 66 nenas fronte a 69 nenos dos 135 que hai en total. E en E. Primaria hai 124 nenas fronte a 170 nenos dos 294 que hai matriculados.

4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

4.1- Promoción da Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- Promover a igualdade de xeito transversal na organización e funcionamento do centro.
- Revisar e comprobar que en todos os documentos oficiais do centro se contemplan obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre mulleres e homes .
- Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos. Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios e sexistas.
- Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relacións de igualdade, promover o cambio das relacións entre mulleres e homes e a responsabilidade do profesorado.
- Fomentar a participación igualitaria nas actividades que se realicen na aula.

4.2- Prevención, detección e intervención nos casos de violencia de xénero.

- Obxectivo “violencia cero nas aulas e nos recreos”.
- Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero.

- Sensibilizar sobre a importancia da corresponsabilidade.

4.3- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Sociedade igualitaria, empregando a educación como medio para combater a discriminación.
- Usar modelos de familias e relacións de parella variados, tal e como son na sociedade actual e como temos nas nosas aulas.

4.4- Prevención, detección e intervención no caso de LGBTIfobia.

- Inclusión e integración da diversidade sexual e plena de todas as persoas sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1- Organización do centro.

- O centro está organizado en seis aulas mixtas de E. Infantil e 12 de E. Primaria.
- Cando se organizan as aulas de 4º de E. Infantil un dos criterios usados para repartir o alumnado é que haxa unha equiparación entre o número de nenos e nenas que hai en cada aula.
- Fomentar a representación equilibrada de nenos e nenas nas aulas.

5.2- Eliminación de estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Na elección de materiais educativos terase en conta que non transmitan estereotipos nin masculinos nin femininos, senón que promovan a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- No xogo simbólico que aparece nas aulas de infantil e primeiras etapas de primaria non se diferenciaren os xoguetes en función dos sexos.

5.3- Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Non haberá no centro discriminación entre nenos e nenas na utilización dos espazos, nin dos recursos e fomentaranse os modelos femininos nas distintas áreas do saber para que tamén haxa referentes e modelos a seguir dese sexo.

5.4- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Educar en igualdade aloxándonos dos estereotipos, prexuizos e discriminacións.
- Transmitir unha imaxe do centro, plural e non estereotipada.

6. Seguimento e avaliación.

- Dentro do Consello Escolar formouse un grupo de traballo para o seguimento deste Plan. Tamén está constituído o Observatorio da convivencia.
- A inspección educativa supervisará este plan para formular as suxestións e correccións oportunas.

7.13 PLAN DE FORMACIÓN DEL PROFESORADO

Durante o curso 2021-22 temos previsto o seguintes cursos e formación no CFR de Ferrol:

- E –Dixgal: comezado o curso pasado, e continúa obrigatoriamente este ano pasado, posto que a formación é de dous anos.
- ERASMUS+, comezada hai dous cursos e interrompida pola pandemia. Formación na que pode anotarse máis profesorado, malia que as prazas por centro son limitadas.
- Plan dixital: obrigatorio para o equipo directivo e todo aquel que queira participar.
- CANVA, formación interesante neste portal de deseño gráfico, e que queremos empregar na próxima revista do colexio, ALFAR.
- AACC (Altas Capacidades), dado que no centro temos alumnado destas características, é importante recoñecelo e poder dar resposta axeitada ao seu proceso de aprendizaxe.

7.14 PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2021-2022

7.14.1 MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

DENOMINACIÓN DO CENTRO, ENDEREZO E TELÉFONOS

CEIP A Gándara Narón. Rúa Colmeote SN 15570. Narón (A Coruña)

Teléfono: 881.938.386

Correo electrónico: ceip.gandara.naron@edu.xunta.es

MEMBROS EQUIPO COVID

Ana Ayala Rodríguez (Directora) – Responsable Covid

Enrique Blanco Guillén (Mestre de Ed. Física)

Fátima Muñños Rodríguez (Mestra de 5º de Ed. Infantil)

94

CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA

Centro Saúde Narón. Rúa 25 de xullo SN 15570. Narón (A Coruña)

Teléfono: 981.383.791

Persoas de contacto: Julia Leira Vivero (referencia) e José Manuel Villar Freire (reserva).

ESPAZO ILLAMENTO COVID

O espazo de illamento COVID será a ludoteca, ubicada na planta baixa con boa ventilación. Esta aula está dotada de máscaras, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

ALUMNADO

	A	B	C	TOTAL
4º INFANTIL	20	20		40
5º INFANTIL	21	21		42
6º INFANTIL	24	25		49
1º PRIMARIA	24	23		47
2º PRIMARIA	25	23		48
3º PRIMARIA	25	25		50
4º PRIMARIA	25	25		50
5º PRIMARIA	18	17	17	52
6º PRIMARIA	22	24		46

CADRO DE PERSOAL

DOCENTE				
<i>TITORAS</i>	<i>APOIOS</i>	<i>ESPECIALISTAS</i>	<i>PLAN RECUPERA-T</i>	<i>ORIENTADORA</i>
19	2	10	2	1
NON DOCENTE				
<i>CONSERXE</i>	<i>ADMINISTRATIVA</i>	<i>COIDADORAS</i>		
1	1	2		

95

GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

GRUPO	Nº ALUMNOS/AS	TITORAS	OUTRO PROF
4º INFANTIL A	20	Mª Belén Bellón Navarro	Mestras Apoio Infantil + EP e Especialistas EF, Inglés, Música, Relixión e PT-AL.
4º INFANTIL B	19	Dolores Basoa López	Mestras Apoio Infantil+EP e Especialistas EF, Inglés, Música, Relixión e PT-AL
5º INFANTIL A	21	Mª Mar Rey Lago	Mestras Apoio Infantil+EP e Especialistas EF, Inglés, Música, Relixión e PT-AL. Coidadora e psicomo
5º INFANTIL	21	Fátima Mª Muñños	Mestra Apoio Infantil+EP

B		Rodríguez	e Especialistas EF, Inglés, Música, Relixión e PT-AL. Coidadora e psicom
6º INFANTIL A	24	Paula Carballo Leira	Mestra Apoio Infantil+EP e Especialistas EF, Inglés, Música, Relixión e Psicom.
6º INFANTIL B	25	Alba Tenreiro López	Mestra Apoio Infantil+EP e Especialistas EF, Inglés, Música, Relixión e Psicom.
1º PRIMARIA A	25	Sabela Casal Sánchez	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión.
1º PRIMARIA B	23	Ana Graña Piñeiro	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión.
2º PRIMARIA A	25	Teresa Pe	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión.
2º PRIMARIA B	23	Nuria Gutiérrez González	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión.
3º PRIMARIA A	25	María Dolores Carpent Carpente	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión.
3º PRIMARIA B	25	Mª Elena Pérez Fernández	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión.

4º PRIMARIA A	25	Belén Casanova Mayo	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión. Mestre ARCO
4º PRIMARIA B	25	Carlota F. Pena Freijomil	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión. Mestre ARCO
5º PRIMARIA A	18	Lucía Vellón Fernández	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión. Mestre ARCO
5º PRIMARIA B	17	Anilda Vidal Sanjurjo	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión. Mestre ARCO
5º PRIMARIA C	17	Carmen González Rouco	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión. Mestre ARCO
6º PRIMARIA A	25	Susana Santalla Fernández	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión. Mestra PROA+
6º PRIMARIA B	25	Eva Mº Bouza Rey	Mestres/as de PT-AL e Especialistas EF, Inglés, Música e Relixión. Mestra PROA+

Cabe recordar que en función das necesidades do grupo poderán entrar mestres/as de apoio. Estes/as serán os mesmos ao longo de todo o curso.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

Os cursos de educación infantil e os de educación primaria constituirán un grupo de convivencia estable (GCE) en sí mesmo, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Sen embargo, é recomendable que de existir grupos colaborativos sexan o máis estables posibles para favorecer a trazabilidade dos contactos estreiros. Así mesmo, existirán un lugar diferenciado no posto escolar para o material de cada alumno/a que non poderá ser manipulado por outros compañeiros.

Se a transmisión é moi baixa (nova normalidade) permitirase que os GCE interaccionen con outros GCE do seu mesmo curso/nivel, sobre todo ao aire libre.

Polo xeral, os GCE estarán nunha zona delimitada do patio e a súa aula sen interaccionar co resto de cursos.

CANLE DE COMUNICACIÓN

A canle de comunicación será vía telefónica. Esta vía empregarase para dar a coñecer os posibles casos de sintomatoloxía compatible, así como as ausencias de persoal docente e non docente e a comunicación das familias co equipo COVID no caso dalgunha incidencia ou ausencia.

Todo o persoal (docente e non docente) disporá dos teléfonos móbiles dos mestres/as do equipo COVID.

REXISTRO DE AUSENCIAS DO PERSOAL E DO ALUMNADO

O procedemento de rexistro de ausencias do persoal (docente e non docente) e do alumnado serán o que empregamos habitualmente por medio da aplicación XADE da consellería de educación, universidade e formación profesional.

O profesorado tratará de volcar as faltas do alumnado no mesmo día e, como moi tarde, a final da semana.

COMUNICACIÓN DAS INCIDENCIAS ÁS AUTORIDADES SANITARIAS E EDUCATIVAS

O procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades farase por medio dunha canle informática denominada “EduCovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos estreitos dos posibles casos confirmados. Esta información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o centro de seguimento de contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

99

7.14.2 MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN (INDIVIDUAL E COLECTIVA)

Tal e como dita o **Protocolo do 6 de Xullo do 2021 de adaptación ao contexto da covid – 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021- 2022** de forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo, así como o uso da máscara polo persoal do centro, outras persoas que accedan ao centro educativo e para todo o alumnado, (con excepción dos menores de 6 anos). Non obstante, no nivel de ed. Infantil, RECOMÉNDASE o uso da máscara durante toda a xornada lectiva.

Nas etapas de educación infantil e primaria **non** será necesario manter distancia entre os postos escolares porque constitúe cada curso un grupo de convivencia estable. Na medida do posible manterase a estanqueidade dos grupos colaborativos para favorecer o trazado dos contactos. .

Nas entradas do centro disporase de produtos de hixiene que permitan a todo aquel/a que acceda ao centro realizar unha adecuada hixiene de mans, así como tamén en todas as aulas, colocarse un dispensador de xel hidroalcohólico.

O uso da máscara será OBRIGATORIO a partir dos 6 anos (educación primaria) de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal. O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obrigatorio levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor ou na merenda antes do recreo.

Por outra banda, a obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada. Ademais na cartelería do centro existirá unha específica que lembre a formación sobre o uso de máscaras.

O centro informará a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: Lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, obrigatoriamente á chegada á aula e á volta de recreo e baños.
- - Na etapa de educación infantil priorizárase o uso de auga e xabón ou solución xabonosas e restrixir o uso de xel hidroalcohólico.
- - Na etapa de educación primaria extremárase o seu uso e a cantidade do xel será axeitada a cada neno.
- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.
- Habilitar dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada e en espazos comúns.
- Aplicar medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.

- Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcohólico nos espazos comúns.
- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.

Xa na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as. Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.

Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.

Por outra banda, evítaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia o clases, así como as que esixan unha especial proximidade.

Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas do protocolo do 1 de outubro. Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros/as.

Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso, así como unha correcta limpeza do equipo de traballo unha vez finalizado o seu uso. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas

pedagógicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Os usuarios dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros materiais dos empregados públicos. Na portaría, lugar onde se distribúan formularios ou se entregue documentación que deba ser escrita facilitarase o material de escritura, porén realizárase previamente a correcta hixiene de mans. Para estes efectos existirá ao carón un dispensador de xel hidroalcohólico. Nos supostos nos que exista un dispositivo informático a disposición do público xeral, cada usuario deberá realizar a hixiene de mans antes do seu uso.

Finalmente os canles de información ás familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello...) será por vía telefónica.

7.14.3 MEDIDAS DE LIMPEZA

O protocolo de limpeza é obrigatorio para todo o persoal de limpeza con independencia da súa dependencia orgánica polo que será de aplicación non só ás empresas externas senón tamén ao persoal dos concellos que teñen a obriga de realizar o mantemento e conservación de conformidade coa normativa vixente.

TAREFAS DO PERSOAL DE LIMPEZA

- Limpeza das aulas de polo menos unha vez ao día e, no caso de quendas na mesma ou espazos como comedor, se realizará limpeza e ventilación entre quenda e quenda.
- Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día.
- Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.
- Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos dúas veces na xornada.
- Limpeza de papeleiras, (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.
- Utilizaranse desinfectantes para as zonas/utensilios de uso común despois do seu uso.

- Relizarase unha ventilación frecuente de 15 minutos antes e despois de cada xornada e durante todos os recreos. Cando menos de 5 minutos entre clase e de 5 minutos cada 20 durante as mesmas. **Portas das aulas sempre abertas** e ventás dos corredores. Sempre que o tempo o permita, xanelas abertas e NUNCA usar recirculación do aire interior.

TAREFAS DA CONSERXE DO CENTRO E DO PROFESORADO

Seguindo as recomendacións do Protocolo da Xunta de Galicia do 6 de xullo de 2021 , das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade pola que se aproba a actualización do Protocolo de adaptación ao contexto COVID19 nos centros de ensinanza Non Universitaria de Galicia para o curso 2021-2022; así coma os protocolos de prevención da transmisión da Covid-19 no alumnado con Necesidades Educativas Especiais para o ámbito educativo y o de Prevención da Transmisión da Covid-19 nos comedores escolares dos centros educativos non universitarios.

Tendo en conta o Protocolo de PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021 **VERSIÓN 01-10-2021**, no seu punto:

4.2. Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias:

4.2.1. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

4.2.2. Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.

4.3. Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) ventilarase a aula ou sala polos menos 15 minutos logo de cada sesión. Asemade para completar o “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 21/22 do CEIP A Gándara”.

Os profesionais do centro educativo cubrirán unha folia de mantemento de Ventilación das AULAS e AULAS COMPARTIDAS onde se reflexe o cumprimento do PROTOCOLO, diante da posibilidade de que xurdan gromos ou abrochos da COVID 19.

Exemplo de cadro. Mestres/as titores/as.

Aula	Día	Mestra/e	Todo día	Inicio Xornad	Tempo	Recreo	Tempo	Finalización das clases	Tempo	Entre clases	Tempo	Sinatura
1º	05/10/21	xxxx		Si	15'	Si	30'	Si	Ind.	2ª-3º Prof e de inglés	15'	
1º	06/10/21	xxxx	si									

104

Exemplo de cadro. Especialistas PT, AL, Orientación...

Aula	Día	Mestra/e	Todo o día	1ª hora	2ª hora	3ª hora	Recreo	4ª hora	5ª hora	Tempo *15 min	Sinatura
AL	05/10/21	xxxxx	si							15'	
AL	06/10/20	XXXX		SI	SI	-	SI	SI	-		

DISTRIBUCIÓN HORARIA DO PERSOAL DE LIMPEZA

Nos supostos no que existan varias persoas dedicadas a tarefas de limpeza, unha delas realizará total ou parcialmente a súa xornada na quenda de mañá, podendo realizarse rotacións no uso das quendas. Cando as tarefas de limpeza se realicen por unha única persoa realizará parte da súa xornada (polo menos 1/3) en xornada de mañá.

MATERIAL E PROTECCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DAS TAREFAS DE LIMPEZA

O material para a realización das tarefas de limpeza será aquel que facilite a empresa contratada polo concello de Narón. Ademais terán en conta as seguintes indicacións aparecidas no protocolo do 6 de xullo:

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.
- Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

XESTIÓN DE RESIDUOS

En relación coa xestión de residuos, teranse en conta as seguintes recomendacións:

- Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.
- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).
- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

7.14.4 MATERIAL DE PROTECCIÓN

A encargada do rexistro e inventario do material de protección recae na figura da secretaria do centro. Este material básico (pantallas, máscaras, luvas...) atópase no despacho do equipo directivo e aquel/a que precise de algo pode pasarse a recollelo.

Por outra banda, cada aula disporá de xel, panos desbotables e papeleira con pedal, así con proporcionaráselle a cada titora un pulverizador con desinfectante para utilizar nas mesmas. Ademais dispónse de alfombras de desinfección nas distintas entradas do centro e temos termómetros para a medición da temperatura a distancia do alumnado.

7.14.5 XESTIÓN DOS GROMOS

Defínese gromo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote.

TEMOS QUE TER MOI CLARO que **NON ASISTIRÁN AO CENTRO** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19 (febre maior de 37,5° C, tos seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, dor muscular, falta de olfacto e/ou gusto e diarrea), así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo, avisarase ao mestre/a de garda COVID e este/a levarano a un espazo separado de uso individual (ludoteca), colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. O pai, nai ou titor/a legal deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid do centro de saúde de referencia.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.

Por outra banda, a familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

Finalmente, trala aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguíanse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

ESCENARIOS NO SUPOSTO DOS GROMOS

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade. Hai que ter en caso os seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros durante máis de 15 minutos sen a máscara.
- As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia e no plan de continxencia ante peche de aulas e centros educativos.

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

7.14.6 XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para COVID-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2.

7.14.7 MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO

ENTRADAS E SAÍDAS

ENTRADAS

A entrada ao centro para o alumnado de PRIMARIA levarase a cabo dez minutos antes das 9 horas da mañá (8:50-9:00). Esta levarase a cabo de forma LIBRE e INDIVIDUAL, xa que non poden acceder ao recinto escolar acompañados dun adulto. O alumnado entrará ao centro pola porta peonil (Rúa Colmeote) ou pola porta pequena e dependendo a que zona do edificio vaian, empregarán distintas entradas. Polo tanto, os grupos de 1º, 3º e 5º entrarán pola porta B e P (persoal) (véxase mapa ao final deste apartado), mentres que os de 2º, 4º e 6º pola porta A.

Con respecto ao alumnado de infantil, a entrada ao centro comezará xusto despois de que rematen os nenos/as de primaria, arredor das 9 horas. No caso deste alumnado, poderán vir acompañados DUN pai/nai, titor/a legal ou familiar. Coma na entrada de primaria, empregaranse tamén as dúas portas, a porta B para o alumnado de 5º, a P (persoal) para os/as de 6º e a porta A para os/as de 4º de infantil. Os de 5º e 6º farán a entrada de forma LIBRE e INDIVIDUAL (acompañados/as ata as portas P e B), mentres que os/as máis pequenos/as poderán facer unha fila no patio cuberto superior, acompañados DUN pai/nai, titor/a legal ou familiar, respectando a distancia interpersoal de 1,5 metros.

En ambas entradas (primaria e infantil) haberá mestres/as de garda indicando os camiños e velando para que o alumnado cumpra as medidas hixiénicas e de distanciamento. Ademais a porta próxima ao pavillón da mocidade, tamén está habilitada, para que tanto o alumnado de primaria coma o de infantil (cada un na súa quenda) poidan a utilizala se o estiman oportuno.

SAÍDAS

As saídas do alumnado de infantil comezarán quince minutos antes das 14 horas (13:45). Sairán de forma escalonada, comezando os/as de 4º de infantil e rematando os/as de 6º, pola porta que hai no patio do recreo de infantil que da ao exterior do centro (Travesía Bispo Argaya). Alí cada titora entregará a cada neno/a aos seu respectivo pai/nai, titor/a legal ou familiar.

Por outra banda, a saída do alumnado de primaria farase a partires das 13:50 horas. Acompañados/as das súas titoras, entregarán os nenos/as as súas familias, que estarán a esperar fóra do recinto escolar. As quendas de saída serán as seguintes; na primeira quenda 2º (porta peonil que da a rúa Colmeote) e 1º (porta aparcadoiro de mestres/as), na segunda, 3º (porta aparcadoiro) e 4º (porta peonil) e na terceira e última, 5º e 6º (ambos pola porta peonil). Nas saídas haberá mestres/as de garda que irán informando de cando poden ir saíndo para evitar contactos e aglomeracións nas escaleiras e corredores.



OUTROS ASPECTOS

ENTRADA E SAÍDA NAS AULAS

Cada aula dispón de dúas portas, unha delas será a de entrada e a outra a de saída. Na de entrada (xa no interior da aula) haberá xel hidroalcohólico (unicamente manipulable polos mestres/as), panos desbotables e papeleira con pedal.

CIRCULACIÓN NO CENTRO EDUCATIVO E BAÑOS

Na planta baixa (infantil), o alumnado de 4º de infantil empregará o antigo baño das nenas (ala dereita do edificio). Este dispón de catro retretes, dous para o grupo A (un para os nenos e outro para as nenas) e os outros dous restantes para o B, debidamente sinalizado nas portas dos mesmos. Os nenos/as de 4º de infantil non farán ningún recorrido circular, xa que este baño queda próximo as súas aulas. Con respecto ao alumnado de 5º de infantil, utilizarán o antigo baño dos nenos (ala dereita do edificio). O emprego dos catro retretes será o mesmo que en 4º de infantil. Estes nenos/as no momento de ir ao WC seguirán os sinais marcados no chan realizando un circuíto circular para non cruzarse con ningunha persoa. Mentres que os nenos/as de 6º de infantil empregarán o baño que hai na ala esquerda do edificio escolar enfrente da ludoteca. O uso deste WC será o mesmo que nos outros dos baños anteriormente

explicado. Como os de 5º de infantil, terán marcado no chan uns sinais para que fagan un circuío circular de ida e volta á aula que será debidamente reforzado polas súas mestras os primeiros días de clase.

Na primeira planta (1º, 2º e 4º de primaria) aproveitando o corredor circular empregárase o mesmo cando teñan que ir ao WC. Por exemplo unha nena de terceiro sairá da súa aula en dirección ao baño (ala esquerda do centro) e voltará polo corredor no que está o departamento de orientación, facendo un circuío circular.

Na segunda planta, ao dispor dun único corredor, empregaremos a división do mesmo (carril esquerdo e dereito) para que os nenos/as se despracen ao WC, sempre empregando o da dereita.

USO DE ELEVADORES

O uso do elevador quedará limitado as persoas que o precisen por motivos de mobilidade.

NÚCLEOS DE ESCALEIRAS

Sempre empregárase tanto para subir como para baixar, as escaleiras que queden ao lado dereito.

CARTELERÍA E SINALECTICA

Tanto nas distintas zonas importantes do centro (patios, entrada, corredores e baños) coma nas mesmas aulas haberá cartelería sobre hábitos de hixiene, uso correcto da máscara, distancia interpersonal... Ademais nas tres plantas do centro estarán marcados os circuíos circulares para ir ao baño, así como marcas no chan para cumprir a distancia interpersonal no momento en que o alumnado e o persoal docente fagan uso dos corredores e escaleiras.

7.14.8 MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

MADRUGADORES

Este ano a ANPA A Buxaina, será a encargada de levar a cabo o servizo de madrugadores coa mesma empresa coa que funciona o servizo de comedor do centro escolar. O horario de

entrada será ás 7.30 ou ben ás 8:00 (cunha marxe de 5 minutos en ambos casos) e a entrada realizarase sempre pola porta pequena.

XUNTANZAS DO ANPA E CONSELLO ESCOLAR

ANPA

As reunións da ANPA estanse a levar a cabo na medida do posible no exterior e, de non ser posible, realizaranse por videoconferencia. As reunións celébranse en función das necesidades organizativas do centro.

CONSELLO ESCOLAR

Neste centro as xuntanzas co consello escolar levaranse a cabo no comedor do CEIP, gardando a distancia interpersoal de 1,5 metros e empregando o uso de máscara no transcurso da mesma.

TITORÍAS E COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

TITORÍAS

As titorías quedarán a elección de cada titora o medio polo que se farán aínda que será preferible pola vía telefónica e/ou telemática; máis non se descarta que sexan presenciais sobre todo para tratar certos temas que requiran da presencialidade. No caso de ser de xeito presencial, manterase como sempre a distancia interpersoal e o uso de máscara e xeles. Sería tamén recomendable que as familias baixaran aos seus dispositivos móbiles a aplicación abalar para a xustificación de faltas, consulta de notas e calquera comunicación importante.

COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e/ou abalar móbil. Mentres que para trámites administrativos, o centro establecerá horarios específicos para a atención das familias non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos

7.14.9 MEDIDAS DE USO DO COMEDOR

O servizo de comedor manterase aberto durante todo o curso. No seu uso será obrigatorio o uso da máscara incluíndo o tempo de espera entre prato e prato; unicamente se retirará no momento específico de inxesta de alimentos.

O alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas de xeito que se manteña os Grupos de convivencia estable e sempre ocuparán o mesmo sitio. O alumnado separarase do resto de Grupos de convivencia con 1.5 metros sentados en oblicuos ou ben con mamparas.

O alumnado será acompañado nos diferentes grupos de convivencia e deberá realizar a correcta hixene de mans antes e despois de acceder ao comedor.

O equipo covid disporá de plano sobre a disposición no comedor e levará un rexistro diario de asistencia para poder establecer os contactos.

O uso do comedor escolar quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado de diferentes grupos de convivencia separado por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados.

Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza.

Os menús serán os utilizados habitualmente segundo a tempada. Cando sexa posible os menús serán empratados en cociña e servidos en bandexa. No caso de existir varios pratos secuenciais recomendase o uso de máscara no período entre ambos.

Grazas á nova disposición que pode tomar o alumnado e, sumado á posibilidade de xuntar grupos de convivencia estable, todo o alumnado pode facer uso do comedor na mesma quenda. Unha vez que o alumnado remata de comer, saen ao patio en filas mantendo a distancia co resto dos grupos de convivencia e xogarán co seu propio grupo – aula.

O alumnado, previa petición ao centro, poderá saír ás 15.30 e a outra hora de saída será ás 16:00.

7.14.10 MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

EDUCACIÓN FÍSICA

A materia de EF impartirase na súa totalidade no exterior do centro escolar, agás o alumnado de infantil, co cal utilizaríamos a aula de psicomotricidade do centro. Así como se a

meteoroloxía é adversa (excepcionalmente) poderano empregar tamén o alumnado de primaria.

O uso da máscara será obrigatorio (con excepción do nivel de infantil, non obstante neste nivel RECOMÉNDASE o uso da máscara durante toda a sesión) agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans.

CAMBIOS DE AULA

O proceso nos cambios de aula será o similar que cando os nenos/as marchan do cole ou utilizan o baño. Empregaranse polo tanto os percorridos circulares, o uso das escaleiras pola parte dereita e o mantemento da distancia interpersoal de 1,5 metros, así como o uso da máscara.

BIBLIOTECA

A biblioteca poderá ser usada de acordo ao aforo previsto para as bibliotecas públicas. O equipo directivo pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.

A persoa responsable da biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca, se fose posible mediante petición previa. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.

O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles. Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo catro horas antes de volver aos andeis. Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.

7.14.11 MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

INFANTIL

CLIMATOLOXÍA FAVORABLE

Levaranse a cabo tres quendas para os tres grupos de idade. Os horarios das quendas serán os seguintes:

4º Infantil A-B	5º Infantil A-B	6º Infantil A-B
11:00-11:25 horas	11:30-11:55 horas	12:00-12:25 horas

Como se pode observar no cadro, hai 5 minutos entre un recreo e outro que se empregará para que o alumnado poida volver a aula sen que ningún grupo coincida polos corredores.

O patio de infantil dividirase a súa vez en dúas zonas. A zona 1 será a que vai desde o tobogán e as casiñas ata o remate do patio (zona de area). Mentres que a zona 2 collerá os balancíns e os tobogáns e a zona pavimentada que vai a dar a entrada do centro. Cada grupo rotará cunha periodicidade diaria.

CLIMATOLOXÍA ADVERSA

Neste caso as mestras de infantil poderán optar a ir aos patios cubertos do centro antes ou despois dos recreos de primaria, iso si, cada grupo nunha zona, sen mesturarse con outros grupos para asegurar a estanqueidade dos mesmos. Tamén poderán empregar a aula de psicomotricidade.

GARDAS DE RECREO

Cada nivel terá as súas dúas titoras para facer as gardas de recreo máis o reforzo dun mestre/a especialista, agás o grupo de 4º de Infantil que terá o reforzo das dúas mestras de apoio, sobre todo durante o 1º trimestre. Por exemplo, no grupo de 5º de infantil A e B o luns farán garda as súas dúas titoras (descansando o/a especialista), o martes fará garda unha das dúas titoras e o/a especialista (descansando unha das dúas titoras) e o mércores fará a garda de recreo o especialista e a titora que descansou o día anterior. A distribución será a seguinte:

- 4º Infantil: As 2 titoras e as 2 mestras de apoio.
- 5º Infantil: As 2 titoras e 1 especialista.
- 6º Infantil: As 2 titoras e 1 especialista.

Os tobogáns, casiñas, balancíns e bancos quedan clausurados ata que a situación derivada do COVID mellore.

PRIMARIA

CLIMATOLOXÍA FAVORABLE

Realizaranse dúas quendas para os seis grupos de idade. Os horarios das quendas serán os seguintes:

1º Quenda	11:30-11:55 horas
2º Quenda	12:00-12:25 horas

Como se pode observar no cadro, hai 5 minutos entre un recreo e outro que se empregará para que o alumnado poida volver a aula sen que ningún grupo coincida polos corredores.

1º Quenda	1º Primaria (A-B)	3º Primaria (A-B)	6º Primaria (A-B)
2º Quenda	2º Primaria (A-B)	4º Primaria (A-B)	5º Primaria (A-B-C)

O patio de primaria dividirase en sete zonas, que son as seguintes:

ZONA 1	ZONA 2	ZONA 3	ZONA 4	ZONA 5	ZONA 6	ZONA 7
Patios cuberto superior	Patio cuberto inferior	Pavimentada (Sala de mestres/as)	Zona verde 1 (Pavillón da mocidade)	Pista polideportiva	Zona verde 2 (Pistas de volei)	Zona verde 3 (zona araña e corredor).

Cada grupo rotará con periodicidade semanal, os horarios estarán dispoñibles na cortiza da sala de profesorado.

CLIMATOLOXÍA ADVERSA

Neste caso levaranse a cabo tres quendas de recreo e en cada unha baixarán aos dous patios cubertos catro grupos que empregarán medio patio cada un.

1º Quenda	2º Quenda	3º Quenda
1º-2º Primaria	3º-4º Primaria	5º-6º Primaria

Os horarios das quendas serán os seguintes:

1º Quenda	2º Quenda	3º Quenda
11:30-11:45 horas	11:50-12:05 horas	12:10-12:25 horas

Como se pode observar no cadro, hai 5 minutos entre un recreo e outro que se empregará para que o alumnado poida volver a aula sen que ningún grupo coincida polos corredores.

CLIMATOLOXÍA MOI ADVERSA (ALERTA LARANXA OU VERMELLA)

Para aqueles casos nas que a climatoloxía sexa moi adversa e o patio cuberto da parte inferior estea anegado de auga ou sarabia, empregarase en exclusiva o patio cuberto superior en 6 quendas. Os horarios quedan como seguen:

QUENDA	CURSOS	QUENDA	CURSOS
11:00-11:15 Horas	1º A-B	12:00-12:15 Horas	4º A-B
11:20-11:35 Horas	2º A-B	12:20-12:35 Horas	5º A-B-C
11:40-11:55 Horas	3º A-B	12:40-12:55 Horas	6º A-B

De acordo ao **Protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia no curso 2021-2022 establécese no punto 14.3** relativo á xestión dos comedores escolares establece que: *“O alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade no grupo de pertenza e mantendo os grupos estables de convivencia, ocupando sempre o mesmo sitio”*

Así mesmo, na formación recibida no equipo COVID atopamos nas respostas dadas polo comité de expertos ante a pregunta de “*como se procedería coa merenda no caso de non poder realizala no exterior?*” a resposta foi: *insistir na limpeza de mans en que só se retirarán as máscaras para a inxesta de alimentos. Unha vez finalizada, deberán poñer de novo as máscaras”*.


Con todas estas referencias legislativas (e en ausencia dunha referencia máis específica ao respecto) en caso de que sexa completamente imposible desenvolver a merenda no exterior por supoñer un perigo para o alumnado, actuarase como segue:

No 1º ciclo de Educación Primaria (1º e 2º curso) no que as mesas están dispostas en grupos estanco, levaranse a cabo 4 quendas de merenda. Comerá 1 integrante de cada mesa en cada unha das quendas permanecendo os demais coa máscara posta. A ventilación será a máxima que permita a aula e evitando falar durante o momento da inxesta.

No resto de cursos de Educación Primaria nos que o alumnado está disposto en filas e columnas coa máxima separación que a aula permite, propoñemos dúas opcións: comer columnas alternas, unha sí unha non ou ben, facer un zig zag; isto é, retirar a máscara un sí e un non de cada columna e fila. Deste xeito asegurarse o máximo distanciamento posible. Deberá asegurarse a máxima ventilación posible e evitar falar durante o momento de retirada

PLANO RESTO DE PRIMARIA

PLANO PARA 1º CICLO



GARDAS DE RECREO

Cada nivel terá as súas dúas titoras para facer as gardas de recreo máis o reforzo dun mestre/a especialista, orientador/a e PTs-ALs. A distribución será a seguinte:

- 1º Ciclo: As 4 titoras e 3 especialistas.
- 2º Ciclo: As 4 titoras e 2 especialistas.
- 3º Ciclo: As 5 titoras e 2 especialistas.

Por exemplo, no grupo de 1º de Primaria A e B o luns farán garda as súas dúas titoras (descansando o/a especialista), o martes fará garda unha das dúas titoras e o/a especialista (descansando unha das dúas titoras) e o mércores fará a garda de recreo o especialista e a titora que descansou o día anterior.

Cabe recordar que tanto nas saídas aos recreos coma nas entradas ás aulas o alumnado desprazarase polo corredor non coincidindo con outros grupos nos corredores e mantendo sempre a distancia interpersoal de 1,5 metros e empregando sempre a máscara.

7.14.12 MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE INFANTIL E 1º E 2º DE PRIMARIA

INFANTIL

A metodoloxía de traballo será globalizado por proxectos e continuaremos aplicando o método ABN. Empezaremos cada sesión traballando as normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, como algo lúdico.

En canto ao emprego de baños temos un para nenos e outro para nenas na ala dereita da planta baixa. O baño das nenas será usado polas clases de 4º de infantil. Este ten 4 retretes; un para nenas de 4º de infantil A e outro para nenos da mesma aula. Mentres que os outros dous retretes serán, un para as nenas de 4º de infantil B e o outro para os nenos de esa mesma aula. O outro baño de nenos empregarase do mesmo xeito polas aulas de 5º de infantil (A e B). Finalmente o WC empregado para 6º de infantil (A e B) será o que se sitúa ao lado da ludoteca. A distribución será a mesma que para 4º e 5º de infantil.

Por outra banda para o xogo por recantos (ambientes) delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual en grupos colaborativos, garantindo a desinfección posterior do material empregado. Dito material non será de moitas pezas e será de fácil desinfección. Eliminaremos xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios. Todos os xoguetes e utensilios serán dados a cada neno/a de maneira individual para o seu uso na mesa ou no chan ao seu carón dependendo da natureza do mesmo.

Respecto ao material de aula, cada alumno/a terá un estoxo de plástico con tapa co seu material persoal, con nome e foto. Cada neno/a contará con un ficheiro persoal para gardar os seus traballos.

En canto ás merendas, estas realizaranse de xeito individual na aula, en grupos colaborativos en espazos diferenciados por una distancia de 1,5m. Cada alumno/a traerá a súa merenda nun taper identificado co seu nome e deberán acostumarse a non compartir.

Finalmente nos recreos haberá tres quendas, unha para cada nivel, de 11 a 11:25 (4º de infantil A e B) de 11:30 a 11:55 (5º de infantil A e B) e de 12 a 12:25 (6º de infantil A e B). O patio estará dividido en dúas zonas para que non se xunten os grupos A e B. Estas dúas zonas terán una rotación diaria para que ambos grupos podan cambiar de ambiente. Cerraremos aquel mobiliario do parque que requira una desinfección que resulta máis complexa (o tobogán con casiña). O resto do mobiliario estará baixo supervisión das mestras de garda e desinfectando cada vez que remate unha quenda de recreo.

PRIMARIA

Na educación primaria levarase a cabo unha metodoloxía o máis activa posible, dadas as circunstancias. Trataremos de levar a cabo actividades que esperten o interese e curiosidade do alumnado para captar a súa atención e favorecer unha aprendizaxe significativa. Para isto, a maiores da realización de actividades sobre o material funxible empregaranse actividades interactivas grazas á pizarra dixital. Para o emprego da pizarra dixital, proxectaranse as actividades e as mestras farán as propostas ao alumnado quen responderá a viva voz e será a mestra a que manipule o rato e/ou teclado. Se nalgún caso concreto deséxase dar ese protagonismo ao alumnado, será de xeito individual coas medidas de separación e desinfección oportunas.

A maior parte das tarefas que antes asumía o alumnado “encargado” serán tamén traspasadas ás mestras para evitar posibles fontes de contaxio e deambulación innecesaria do alumnado pola aula. Porén, en todo momento trataremos de facer partícipe ao alumnado mediante xogos verbais, debates, conversas,... para atender igualmente a súas necesidades de socialización e benestar psicoemocional.

O material que se vai a empregar cada día vai a estar previamente disposto nunha mesa auxiliar en cada un dos grupos de traballo estables dentro do gran grupo burbulla. Tamén disporán dos útiles de traballo en estoxos ou recipientes individuais para evitar que o compartan ou que manipulen o que non lles corresponde. Será a mestra quen, previa desinfección, faga o reparto diario para que cadaquén dispoña del de xeito individualizado.

En canto aos xogos, empregaranse unicamente aqueles que sexan susceptibles de ser desinfectados con total seguridade e soamente poderán ser empregados por unha persoa cada día pasando a un período de corentena ata o seu próximo uso. Aínda que a premisa será optar por xogos que minimicen ao máximo ao risco ou eviten o contacto.

No relativo ao tempo de recreo, cada grupo clase estará disposto na zona que lles corresponda esa semana coas precaucións oportunas. Durante a merenda, e posto que retirarán as máscaras para o consumo dos alimentos, aseguraremos a distancia de 1.5m. No tempo restante, optaremos por xogos grupais que permitan a interacción co mínimo contacto. Ex: zapatiño quedo está. Coa supervisión constante das mestras de garda para lembrar as normas derivadas da situación COVID na que nos atopamos.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

PRESENCIAL

- Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optárase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

- O persoal que preste atención ao alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras, e de ser posible, máscaras transparentes no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade, ou o traballo a realizar sexa incompatible cunha máscara convencional.
- O Departamento de Orientación colaborará co equipo COVID-19 na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención, de presentar este imposibilidade de realizalo.
- O centro educativo axustará tódalas indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.
- No caso dunha escolarización combinada, coidarase adoptar as mesmas medidas entre ambos centros, co fin de facilitar a comprensión das mesmas por parte deste alumnado.
- No caso do alumnado que non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento de recreo así como hixiene de mans tanto na entrada ao centro, cambio de aula, despois do baño , esberrar ou tusrir dando sempre marxe á súa autonomía.

Dadas as normas específicas establecidas pola Consellería, cabe a posibilidade de que a cantidade de alumnado de atención específica se vexa reducido por non poder realizar intervención conxuntas entre alumnos/as de diferentes aulas.

Non é que exista unha diminución de alumnado con NEAE, senón, que existen condicionantes externas coma os horarios de recreo, normas específicas e/ou outros que fan que se reduzan as posibilidades de atención ao alumnado, sendo recomendable que se dote de maior profesorado para a atención ao alumnado NEAE.

NON PRESENCIAL

Unha vez analizados os posibles escenarios que nos podemos atopar, consideramos que cabe a posibilidade de que no presente curso, volvamos ter unha situación sanitaria semellante a que se presentou durante o pasado curso escolar.

Co fin de levar a cabo accións de carácter compensatorio co alumnado con Necesidades Educativas Especiais, tal como recolle múltiple lexislación, tanto estatal como autonómica a proposta do Departamento de Orientación ao completo está encamiñado a realizar unha intervención a catro niveis, adaptando ditas medidas as circunstancias e características do alumnado:

- De modo presencial, en caso debidamente xustificados por NEAE o/ou casos de vulnerabilidade atendidos polo DO.
 - Se as autoridades educativas e sanitarias permiten levar a cabo unha intervención dentro da escola (por ser un grupo moi reducido de alumnos e contar coa totalidade do centro para levar a cabo a mesma) Dado que o traballo específico que se realiza con este alumnado é moi complexo de realizar para as familias.
- De modo telemática:
 - Por medio da plataforma posta a disposición pola Consellería para a realización de videochamadas (Cisco Webex).
 - Por medio da aula virtual (alumnado de 3º de Educación Primaria ate 6º Educación Primaria).
 - Na páxina web do centro igual que o curso pasado (alumnado de Educación Infantil e o resto dos cursos de Educación Primaria).
 - Proporcionando material cara a impresión por parte das familias vía e-mail corporativo.
- Realizando chamadas ás familias (dende número oculto) para manter unha comunicación constante e realizar un seguimento e guía do proceso de Ensino-Aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Proporcionar material elaborado e adaptado en formato papel, a aquelas familias que pola súa propia idiosincrasia non contan cos medios axeitados para a impresión e o emprego de material dixital.

COORDINACIÓN CO PROFESORADO-TITOR/A

O Departamento de Orientación xunto co/a titor/a determinará un Plan de Actuación Específico para o alumnado co que estaban a traballar; sendo os membros do Departamento de Orientación os encargados de supervisar as tarefas.

Co fin de levar a cabo unha intervención conxunta e non perder o grupo de referencia, o Departamento de Orientación funcionará como un engraxe:

- A orientadora comunicarase (telefonicamente, vía e-mail corporativo e/ou por Cisco Webex) cunha periodicidade dunha vez por semana co profesorado titor/a para saber en que punto se atopan co seu alumnado NEAE.
- Unha vez obtida a información, realizarase unha reunión de coordinación vía Cisco Webex na que se coordinará a actuación a levar a cabo co alumnado, así como a realización de múltiples propostas, co fin de chegar a todos e cada un dos nosos alumnos e alumnas.

Débase procurar que o alumnado con NEAE participe nas actividades de grupo que favorezan a súa integración social, como videochamadas, actividades interactivas, aínda que teña que participar un membro do Departamento de Orientación como apoio á actividade do titor/a de forma puntual.

RECURSOS A EMPREGAR

- Fichas de reforzo das editoriais.
- Cadernos de editoriais ou elaborados.
- Fichas páxinas web.
- Fichas de xogos en papel.
- Debuxos de carteis, actividades conmemorativas de festividade do ano ou culturais.
- Outras actividades e traballo de habilidades: estimulación da intelixencia, traballo da atención, percepción e memoria, actividades manuais (psicomotricidade fina, motivación, etc...).
- Actividades online.

7.13.13 NORMAS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

En principio, as reunións do profesorado levaranse a cabo de forma presencial. Estas realizaranse no comedor do centro, xa que é a sala con maior capacidade e a única do centro na que se cumpriría coa distancia interpersoal de 1,5 metros, usando como sempre a máscara. No caso de que non se puideran levar a cabo de forma presencial, empregaríase a ferramenta proporcionada pola consellería (Cisco Webex).

Por outra banda, o aforo de sala de mestres/as queda limitado a 11 mestres/as, a sala de reprografía e conserxería a 2 e o despacho do equipo directivo a 4 (os 3 membros e unha persoa a maiores).

Con respecto a uso de ordenadores, fotocopiadora, máquina do café... unha vez rematado o seu uso, cada mestre/a limpará aquelas zonas nas que premeu.

7.14.14 MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

FORMATIVO

O equipo COVID asegurárase de que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa. Polo tanto:

- Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.
- Comunicarase (incluída a publicación na web) a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.
- Potenciarase o uso de infografía, carteis e sinalización que fomenten o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

Por outra banda, deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID 19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

A tal efecto, desenvolveranse iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable nos centros educativos a través de dun gran abano de programas como son o Plan proxecta e Contratos programa, entre outros. Estas e outras actuacións desenvolveranse desde unha perspectiva interdisciplinar e baixo as dúas liñas marcadas:

- Hábitos de alimentación saudable.
- Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

Cabe comentar que a Consellería de Sanidade e o SERGAS impartirán a través da presenza de profesionais no centro ou mediante fórmulas de teleformación, a formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2020/2021 incluíranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.

PEDAGÓXICO

A Consellería de Educación, Universidade e FP facilitará ao centro unha Aula Virtual. Esta utilizarase, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia (a partir de terceiro de Educación Primaria) e tamén para o alumnado que parcialmente estea en situación de

corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula. Nos cursos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros, vídeo chamadas, blogs ou calquera outras ferramentas que as mestras consideren oportuno para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

No caso de que non se usen aulas virtuais en infantil e nos dous primeiros cursos de educación primaria, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica. Corresponde ao coordinador TIC e á coordinadora EDIXGAL do centro, asistidos de ser o caso polos asesores Abalar, colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da aula virtual. Durante o mes de setembro, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado.

Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas.

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que os/as do alumnado estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual. Crearase tamén un usuario na aula virtual para o/a inspector/a do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dito/a inspector o seu usuario e clave.

No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

Finalmente as programacións didácticas incluírán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia. Ademais, incluírase na programación o modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Tamén se incluírán os mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

PROGRAMACIÓNS:

A data límite de entrega será o 15 de setembro e a maiores das consideracións metodolóxicas e contidos, sistema de avaliación etc deberá deixarse claro qué metodoloxía se levará a cabo en caso de ensino a distancia, que tipo de sistema de comunicación, elaboración de horarios con videoconferencias, etc.

Este plan de adaptación é susceptible de sufrir modificacións, unha vez posto en práctica e detectados posibles erros, cambios ou melloras, así como tamén en función da evolución da pandemia e ás futuras indicacións das autoridades sanitarias

8.-TAREFAS EXTRAESCOLARES

Segundo o DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia os centros docentes poderán incluír dentro da súa PXA, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

No caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

9. QUENDAS DE VIXILANCIAS.

Segundo a orde do 22 de xullo de 1.997, DOG do 2 de setembro de 1.997, as quendas de vixilancia serán do seguinte xeito:

No patio de educación infantil estarán por cada 25 alumnos ou fracción 1 profesor/a.

No patio de educación primaria estarán por cada aula burbulla 1 profesor/a.

Neste curso académico e dado o protocolo de prevención da covid-19 as gardas de recreo faranse do seguinte xeito:

1º Quenda Primaria: De 11:30 a 11:55. Baixará o alumnado de 1º, 3º e 6º de Ed. Primaria. Son seis grupos e estará cada grupo nunha zona do patio vixiados polos correspondentes titores.

2º Quenda Primaria: De 12:00 a 12:25. Baixará o alumnado de 2º, 4º e 5º de Ed. Primaria. Son sete grupos e cada un estará nunha zona do patio vixiados polos respectivos titores.

En cada grupo de primaria haberá un especialista que fará quendas de vixilancia alternándose co titor/a correspondente de xeito que cada persoa do grupo libre unha garda de recreo cada dous días.

En Ed. Infantil haberá tres quendas de recreo.

1º quenda: 4º de Infantil de 11:00 a 11:25.

2º quenda: 5º de Infantil de 11:30 a 11:55

3º quenda: 6º de Infantil de 12:00 a 12:25.

O mesmo que en primaria o patio de infantil estará dividido en dous espazos un para o grupo A e outro para o grupo B. Cada quenda de recreo estará vixiada polas titoras correspondentes engadindo a cada quenda un/ha especialista que rotarán coas titoras para que cada dúas gardas de recreo poidan librar unha.

As zonas delimitadas do patio para cada grupo irán rotando cada semana para que todos os grupos pasen polas diferentes zonas delimitadas.

GARDAS DE RECREO NA BIBLIOTECA .

Seguirase o marcado no Plan de adaptación da Biblioteca Escolar. Os profesores encargados das vixianzas nos recreos serán:

Eva Mª Bouza Rey (titora de 6ºB)

Dolores Sagrario González López (profesora de Relixión Católica)

10.- LIBROS DE TEXTO :

EDUCACIÓN INFANTIL

3 ANOS (4º DE EDUCACIÓN INFANTIL)

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	ANO
MATEMÁTICAS ABN1	ANAYA	978-84-678-3238-9	2017
ABCOLE INICIACION	SM	978-84-9107-313-0	2018
PROYECTO "EL HADA Y EL DUENDE"	SANTILLANA	978-84-680-0214-9	2011

4 ANOS (5º DE EDUCACIÓN INFANTIL)

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	ANO
MATEMÁTICAS ABN 2	ANAYA	978-84-678-3239-6	2017
LA VUELTA AL MUNDO 3.0	SANTILLANA	978-84-680-5789-7	2020
LECTO + NIVEL 2	SANTILLANA	978-84-680-5826-9	2020

5 ANOS (6º DE EDUCACIÓN INFANTIL)

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	ANO
-MIS LETRAS CON ENLACE INICIAL. VERSIÓN PAUTA 0 4	SANTILLANA	ISBN 978-84-680-1203-2	2013

1º DE ED. PRIMARIA

MATERIA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	ANO
MATEMÁTICAS	MATE+	SANTILLANA	978-84-80-5843-6	2020
LENGUA CASTELLANA	LENGUA+	SANTILLANA	978-84-80-5167-3	2019
LINGUA GALEGA	TECELINGUA-LINGUA1	XERAI	978-84-121-359-8	2018

CIENCIAS SOCIAIS	TECECIENCIAS - CIENCIAS SOCIAIS1	XERAIS	978-84-121-706-0	2020
RELIXIÓN CATÓLICA	RELIGIÓN CATÓLICA 1	ANAYA	978-84-98-4006-1	2020
LINGUA INGLESA	GO! STUDENT'S PACK	RICHMOND	978-84-68-2920-5	2018

2º DE ED. PRIMARIA

MATERIA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	ANO
MATEMÁTICAS	MATE +	SANTILLANA	978-84-680-5842-9	2020
LENGUA CASTELLANA	LENGUA +	SANTILLANA	978-84-680-5168-0	2019
LINGUA GALEGA	LINGUA+	SANTILLANA	978-84-997-2776-9	2018
CIENCIAS SOCIAIS	TECECIENCIAS- CIENCIAS SOCIAIS 2	XERAIS	978-84-9121-719-0	2020
CIENCIAS NATURAIS	TECECIENCIAS- CIENCIAS NATURAIS 2	XERAIS	978-84-9121-718-3	2020
RELIXIÓN CATÓLICA	RELIGIÓN CATÓLICA 2 AMISTAD	ANAYA	978-84-698-4009-2	2018
LINGUA INGLESA	GO! 2 STUDENT'S PACK	RICHMOND	978-84-668-2624-2	2018

3º DE ED. PRIMARIA

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	ANO
Matemáticas 3 Pieza a pieza	Anaya	978-84-698-4201-0	2020
Lengua 3 Pieza a pieza	Anaya	978-84-698-4164-8	2020
Lingua 3 Peza a peza	Anaya	978-84-698-6693-1	2020

Ciencias da Natureza 3 Peza a peza	Anaya	978-84-698-6705-1	2020
Ciencias Sociais 3 Peza a peza	Anaya	978-84-698-6715-0	2020
Relixión Católica 3º. Amistad. Autor: Marco Valerio Crespo	Anaya	978-84-698-4295-9	2020
GO! 3 Student´s pack	Richmond	978-84-668-2540-5	2018
GO! 3 Activity pack	Richmond	978-84-668-2731-7	2018

4º DE ED. PRIMARIA

TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	ANO
MATEMÁTICAS 4º:	Anaya.	978-84-678-7781-6	2017
CIENCIAS SOCIAIS 4º	Anaya. Aprender é crecer en conexión.	978-84-678-8021-2	2015
CIENCIAS DA NATUREZA 4º	Anaya. Aprender é crecer en conexión.	978-84-678-8017-5	2015
L.CASTELLANA 4º *	Santillana.Saber hacer.	978-84-680-2956-6	2015
LINGUA 4º *	Santillana. Saber hacer.	978-84-9972-616-8	2015
RELIGIÓN CATÓLICA 4º	Anaya. Aprender é crecer en conexión.	9788467883954	

*Polo de agora non se deben mercar os libros de Lengua Castellana e Lingua Galega.

5º DE ED. PRIMARIA

Este curso teremos libros dixitais porque entramos no programa E- dixgal.

6º DE ED. PRIMARIA

Este curso teremos libros dixitais porque continuamos co programa E- dixgal.

11. ORZAMENTOS PARA O CURSO 2020/21.

Teñen carácter estimativo xa que non coñecemos todos os ingresos que nos fará a Xunta de Galicia para o ano 2020. No orzamento aprobado o 15 de abril non se contemplaban todos os gastos relacionados co protocolo covid-19 que están sendo moi numerosos.

<u>REMANENTE DO ANO 2019 E INGRESOS DA CONSELLERÍA PARA O ANO</u>	
<u>2021</u>	
• Remanente do ano 2020:48.984,15 €	
• Ingresos da Consellería para o ano 2021:22.270,00 €	
• TOTAL INGRESOS:..... 71.254,15 €	
ORZAMENTO POR CONCEPTOS	GASTOS
1. Arrendamentos (1 %)	712,54 €
2. Reparacións mantemento e conservación (9,25%)	6.591,00 €
3. Material de oficina (12%)	8.550,50 €
4. Subministracións (12%)	8.550,50 €
5. Comunicación (0,75%)	534,41 €
6. Transporte (9%)	6.412,87 €
7. Traballos realizados por outras empresas (12%)	8.550,50 €
8. Primas de seguro (1%)	712,54 €
9. Tributos (0,15 %)	106,88 €
10. Axudas de custo e locomoción (1%)	712,54 €
11. Gastos diversos (6,85 %)	4.880,91 €
12. Mobiliario e utensilios inventariables (20%)	14.250,83 €
13. Outros materiais inventariables (15 %)	10.688,13 €
Total	71.254,15 €

12- PLAN DE ORIENTACIÓN.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.
2. CONTEXTO LEGAL.
3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NA CONTORNA.
4. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.
 - 4.1. FUNCIONAMENTO INTERNO DO D.O.
5. COMPETENCIAS DO DEPARTAMENTO.
6. OBXECTIVOS XERAIS.
7. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES.
8. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS
9. AVALIACIÓN.

1. INTRODUCCIÓN

O presente Plan de Orientación toma como referencia o Proxecto Educativo de Centro (PE), o Plan de Acción Titorial (PAT), e o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) estando os tres fortemente vinculados co establecido no Plan de Convivencia.

Por tanto, é o documento institucional que recolle a programación do Departamento de Orientación, e ten por obxecto coordinar as respostas máis axeitadas para a atención ás necesidades dos diferentes membros da comunidade educativa, alumnado (e dentro deste como parte fundamental o alumnado con NEAE), familias e profesorado.

2. CONTEXTO LEGAL

Para a redacción e organización do presente documento tivéronse en conta as seguintes referencias legais, fundamentos básicos para o desenvolvemento das competencias do Departamento Orientación:

- 🇺🇦 Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (**LOMLOE**).

- ✚ Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa que modifica á Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE/LOMCE)
- ✚ **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✚ Orde xxx
- ✚ **Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- ✚ **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- ✚ **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✚ **Decreto 330/2009**, do 16 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma Galega.
- ✚ **Decreto 120/1998** polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional en Galicia.
- ✚ **Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- ✚ **Circular 18/2007** da dirección xeral de ordenación e innovación educativa e de formación profesional e ensinanzas especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- ✚ **Circular 10/2010** da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- ✚ **Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

- ✚ **Orde do 27 de decembro de 2002** pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- ✚ **Orde do 31 de outubro de 1996** pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- ✚ **Orde do 28 de outubro de 1996** pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- ✚ **Orde do 6 de outubro de 1995** pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NA CONTORNA

Concello de Narón, situado ao Noroeste da provincia da Coruña. Pertence a comarca de Ferrol. O concello ten unha extensión de 66,91 km² e unha poboación de 39.056 habitantes (segundo o INE 2020) e limita coa cidade de Ferrol.

O centro escolar é un CEIP que consta dun edificio con seis unidades en Educación Infantil e trece de Educación Primaria. O número total de alumnos/as é de 422 (130 discentes de Educación Infantil e 292 de Educación Primaria) e conta con 32 mestres/as. Entre os que cabe destacar os que compoñen o presente Departamento de Orientación que son: unha orientadora, dúas especialistas de Pedagogía Terapéutica (PT), dúas especialistas de Audición e Linguaxe, representantes de Educación Primaria e a coordinadora de ciclo de Educación Infantil. Ademais tamén son dependentes deste departamento dúas persoas pertencentes ao persoal de administración e servizos, máis concretamente dúas persoas cuxa labor é a de auxiliar técnico educativo (ATE).

O alumnado que asiste ao colexio procede dun entorno socioeconómico e sociocultural diverso, con diferentes necesidades específicas de apoio educativo (discapacidade, trastorno de conduta, altas capacidades, trastornos do espectro do autismo, dislexia, trastornos por déficit de atención e hiperactividade... entre outros).

Unha vez que rematan a etapa da Educación Primaria, o centro temos adscrito é o “Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos”, aínda que o alumnado adoita espaxarse polos demais institutos da contorna.

4. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

No **Decreto 120/1998**, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e posteriormente na Orde que o desenvolve (**Orde de 24 de xullo de 1998**), considérase que o Departamento de Orientación constitúe, dentro de cada centro, o garante de que a orientación, entendida como proceso que inclúe a toda a comunidade educativa que comeza no momento da escolaridade e remata ao finalizar as ensinanzas non universitarias, forma parte esencial da actividade educativa e que establece unha vía de asesoramento permanente ó profesorado e ás familias.

Neste senso, o artigo 4º de dito decreto dispón que formarán parte do Departamento de Orientación dos colexios de Educación Infantil e Primaria os seguintes membros:

Xefatura do Departamento	Ana Rielo Tellado
Mestras especialistas en PT	Mónica Méndez Sachocos
	Lorena Velasco de Vena
Mestras especialistas en AL	Ariadna Mascaró Sanchís
	Ana Isabel Mosquera Fernández
A coordinadora de Educación Infantil	Alba Tenreiro López
Representante de equipos de 1º e 2º cursos	Nuria Guitiérrez González
Representante de equipos de 3º e 4º cursos	Carlota F. Pena Freijomil
Representante de equipos de 5º e 6º cursos	Silvia Mª Sabín Mesa

4.1. FUNCIONAMENTO INTERNO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

As especialistas de PT, AL e a orientadora celebrarán, cando menos, unha reunión mensual un martes pola tarde, en horario de 16:00 a 17:00 horas. Tamén se celebrará unha vez ao trimestre unha reunión con todo o Departamento de Orientación, na que deberán asistir os coordinadores de ciclo e/ou representantes dos distintos niveis do centro.

Ademais celebraranse:

- Reunións periódicas co equipo directivo e os titores.
- Reunións mensuais de ciclo.
- Reunións mensuais da CCP.
- Coordinación co Departamento de Orientación do IES Terra de Trasancos, ao que estamos adscrito o centro.
- Coordinación con distintas entidades, organizacións e centros colaboradores co departamento: Sanidade, Servizos Sociais do Concello, ONCE, outros centros da contorna, ASPANEPS, o EOE e todas aquelas que contribúan e sexan necesarias para o tratamento, valoración, apoio ou seguimento do alumnado que o precise.

Ademais á hora de atender á diversidade lóxica que se atopa entre o alumnado do centro, o Departamento guiarase por unha serie de prioridades que se especifican a continuación:

- Alumnado con necesidades educativas permanentes, debidamente xustificadas con informe dos Servizos médicos, que requiren para a súa atención de medidas de atención extraordinarias (modificación significativa do currículo e/ou cambios esenciais das medidas organizativas xerais).
- Alumnado que, tras a valoración psicopedagóxica, require dunha Adaptación Curricular (AC).
- Alumnado que, tras a valoración psicopedagóxica, require de medidas de apoio extraordinarias (apoyo de PT ou/e AL), por presentar necesidades específicas de apoio educativo de carácter temporal ou permanente.
- Alumnado que precisa de medidas ordinarias, enfocado á consolidación de aprendizaxes concretos ou para favorecer a mellora do proceso de ensino - aprendizaxe.

En canto á intervención directa dos especialistas coordinarase coas tarefas da aula, na procura de evitar a ausencia sistemática dos alumnos/as nas áreas básicas, polo que se priorizará o

apoio dentro da aula ordinaria. As especialistas en Audición e Linguaxe atenderán ao alumnado de forma individualizada ou, circunstancialmente, agrupándoos por características similares ou cuestións organizativas do centro. As especialistas en Pedagogía Terapéutica atenderán ao alumnado tanto na aula ordinaria como na aula de apoio coa finalidade de rendabilizar os recursos, en pequeno grupo (respectando sempre a normativa COVID), a partir dun programa de traballo con obxectivos similares.

En xeral, priorizarase a atención do alumnado de 1º e 2º niveis de Primaria, a fin de abordar de forma preventiva as dificultades que se asocian á asimilación das aprendizaxes instrumentais. A coordinación entre titores e especialistas realizarase de forma fluída e sistemática.

Os titores/as con alumnado atendido polo departamento de orientación disporá de información trimestral que recollerá a evolución do alumnado e que se transmitirá nas sesións de avaliación pertinentes; elaborarse un informe final ao remate do curso, coas conclusións da avaliación final, orientacións e medidas necesarias para o vindeiro curso.

5. COMPETENCIAS DO DEPARTAMENTO

No **Decreto 120/1998**, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e posteriormente na Orde que o desenvolve asínselle ao Departamento de Orientación as seguintes competencias:

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial do centro, así como coordinar o profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención a diversidade.
- Facilitarlle ó alumnado o apoio e asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, coma o ingreso no centro, cambio de etapa cando corresponda e/ou a resolución de conflitos de relación interpersoais.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de cohesión de grupos e en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

6. OBXECTIVOS XERAIS

6.1 Obxectivos referidos ó Centro:

Este curso temos como obxectivos xerais os seguintes :

- 6.1.1 Seguir co Plan de Atención á diversidade que foi elaborado e aprobado no centro.
- 6.1.2 Colaborar na Planificación e Organización educativa do centro, especialmente no que se refire ó alumnado con necesidades educativas.
- 6.1.3 Potenciar a cooperación entre o Centro e as familias.
- 6.1.4 Colaborar co Equipo de dinamización da convivencia escolar.
- 6.1.5 Colaborar na programación e avaliación por competencias. Fomentar nas clases as sesións de tutoría baseándonos no noso Plan de Acción Titorial.
- 6.2.8 Axudar a mellorar a autoestima do alumnado valorando o seu traballo e valorándoo como persoa, como punto clave dunha boa aprendizaxe.
- 6.2.9 Ser constantes e firmes coas normas que temos elaboradas e coas con secuencias do non cumprimento delas.

6.2.10 Propoñer que os conflitos se resolvan a través da “mediación” sempre que sexa posible e presentar modelos e colaboración para facelo así.

6.2.11 Valorar durante todo o curso ó alumnado que presenta dificultades para deseñar en calquera momento programas, horario e material de apoio, que axuden a solucionar esas deficiencias.

6.2.12 Estar atentos a posibles casos de acoso escolar e propoñer actividades que axuden á prevención.

6.2.13 Fomentar a comunicación asertiva fronte a agresiva e a inhibida.

6.3 Obxectivos referidos ó profesorado

6.3.1 Coordinar a actuación dos titores, especialistas, profesorado de P. T e de A.L e orientadora , de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado que está recibindo algún tipo de apoio.

6.3.2 Participar nunha avaliación formativa do alumnado, manifestando aspectos a mellorar, medidas que se pode tomar e destacar aspectos positivos de cada alumno.

6.3.3 Colaborar na resolución das necesidades que presente o profesorado en xeral.

6.3.4 Colaborar na resolución de conflitos, a través da mediación ou con outros tipos de intervencións.

6.3.5 Facilitar protocolos de actuación para alumnado con dislexia, déficit de atención con ou sen hiperactividade, características do espectro autista, problemas de conduta, altas capacidades e trastorno específico da linguaxe.

6.3.6 Propor ter unha comunicación entre profesorado alumno, profesorado familias, profesorado entre si de forma asertiva.

6.4 Obxectivos referidos ás familias :

6.4.1 Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual (informacións privadas), ou colectiva (informacións xerais), co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa.

6.4.2 Informar e asesorar ás familias do alumnado con neae.

6.4.3 Facilitar que as familias se poidan achegar ó departamento de orientación co ánimo de solucionar calquera dúbida ou preocupación que poidan ter con respecto ós seus fillos.

6.5 Obxectivos referidos ás Asociacións:

6.5.1 Colaborar coas Asociacións da Contorna, Aspaneps, Áurega, Aspanaes, Asperga..., facilitando información sobre o alumnado que acude a lí e solicitando asesoramento en canto a medidas a tomar con este alumnado.

6.5.2 Colaborar coas asociacións e ou gabinetes externos que atenden aos alumnos con NEAE e que presenten programas a levar a cabo co noso alumnado.

Tendo en conta que o presente curso académico estamos a vivir unha situación extraordinaria mediatizada polo COVID 19, parte dos obxectivos propostos poden sufrir algunha modificación , priorizando o asesoramento, avaliación e o seguimento do alumnado NEAE.

7. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES

A planificación e temporalización do Departamento de Orientación será o seguinte:

ACTUACIÓNS		RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
01	Proposta de atención alumnado do profesorado de PT-AL e de profesorado con horas asignadas polo equipo directivo para apoio.	Orientadora.	Xefe de estudos.	Todo o curso.
02	Revisión de expedientes do Departamento.	Orientadora e especialistas de PT/AL.	DO	Todo o curso.
03	Revisión do PO.	DO + orientadora.	Equipo directivo + claustro.	1º trimestre.
04	Tramitación de bolsas NEAE.	Orientadora.	Familias.	1º trimestre.

05	Recollida de datos estadísticos sobre o alumnado (Drdadi + Drdoreinta)	Orientadora.	Consellería de Cultura, Educación e Universidade.	1º e 3º trimestre.
06	Elaboración e aprobación da programación do DO. Composición do DO.	DO + orientadora.	Equipo directivo + claustro + comunidade educativa.	1º trimestre.
07	Elaboración da concreción do PXAD para a PXA.	DO + orientadora.	Equipo directivo + claustro.	1º trimestre
08	Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes.	Xefa do DO.	Demandantes, equipos docentes e familias.	Todo o curso.
09	Revisión do Programa de Preparación para a ESO	Titoras de 6ºEP + orientadora + IES.	Alumnado e familias de 6º	3º trimestre.
10	Avaliación do Plan Anual de Actividades do Departamento.	DO.	Equipo directivo + claustro.	Maio – xuño.
11	Avaliación do Plan de Orientación.	DO.	Equipo directivo + claustro.	Maio – xuño.
12	Memoria PO – DO.	DO.	Equipo directivo + claustro.	Xuño.
13	Participación nas sesións de avaliación.	Orientadora e especialistas de PT/AL.	Equipos docentes.	Ao remate de cada trimestre (datas por concretar).
14	Reunións trimestrais do	DO.	Membros do DO.	Un martes ao trimestre.

	Departamento			
15	Asesoramento á comunidade educativa.	Orientadora	Comunidade educativa.	Todo o curso.
16	Proposta de adquisición de material para o DO.	Orientadora + especialistas de PT/AL.	Dirección.	Todo o curso.
17	Asesoramento na realización das AC e seguimento das mesmas.	Orientadora.	Xefe de estudos, equipos docentes e profesorado de apoio.	Todo o curso.
18	Asesoramento xeral na acción tutorial.	Orientadora.	Profesorado	Todo o curso.
19	Asesoramento e colaboración na elaboración/revisión documentos do centro.	Orientadora.	Equipo directivo + claustro.	Todo o curso.
20	Actuacións promotoras da convivencia.	DO.	Comunidade educativa.	Todo o curso.
21	Revisión dos horarios das especialistas en PT/AL.	Orientadora.	Alumnado.	Todo o curso.

Ademais, pasaranse diversos screening avaliativos ao longo do curso, entre os que se recollen o BADYG E3 (6º Educación Primaria), o BADYG E1 (2º Educación Primaria) e o BADYG I (6º Educación Infantil).

8. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

O presente plan susténtase nuns principios e criterios que se resumen da seguinte forma:

- Globalidade. Concíbese a orientación educativa como unha actividade necesaria para dotar á educación do alumno dun carácter global. A orientación contribúe a preservar

a dimensión global da educación, propiciando o desenvolvemento integral do alumno como persoa.

- Xeneralización: A transcendencia da acción orientadora fai que se deba levar a cabo de forma xeneralizada, aplicándose ao conxunto do alumnado.
- Continuidade: Concíbese a orientación como un proceso continuo, que se realiza de modo permanente durante toda a escolarización do alumno, aínda que se intensifica en determinados momentos de transición e toma de decisións.
- Sistematicidade: A acción orientadora será desenvolvida de forma sistemática.
- Adecuación. A intervención ha de perseguir a adecuación ás características de cada caso, polo que se debe levar a cabo con criterios de gran flexibilidade e adaptabilidade. Prevención. As accións propugnadas non se limitarán á intervención e compensación das dificultades xa existentes, senón que contemplarán a súa prevención para diminuír o risco de aparición nun futuro

Así, para a posta en práctica das distintas acción do Plan de Orientación propónse un modelo de intervención grupal a través de intervencións e/ou programas conxuntos, que faciliten a información e axuda necesaria para o desenvolvemento persoal e educativo de cada un dos alumnos, procurando en todo momento, favorecer a participación e colaboración activa de todas as persoas implicadas no mesmo.

Por outro lado, sempre que sexa necesario, a orientadora realizará unha labor de asesoramento en estratexias, métodos, técnicas e materiais concretos, naquelas situacións nas que se detecten dificultades relacionadas co proceso de ensino aprendizaxe e de adaptación do alumnado. As estratexias de intervención referiranse:

- Ao centro: Colaboración na elaboración e seguimento dos distintos documentos e actividades propias do Departamento de Orientación.
- Ao alumnado: fundamentalmente a través do profesor tutor.
- Ao profesorado: colaborando con el e asesorándoo no proceso de ensino aprendizaxe, así como facilitándolle os recursos necesarios.
- Ás familias: dando resposta as súas demandas concretas e establecendo canles de comunicación, información e participación recíprocas.
- A outras institucións: Solicitando información e asesoramento, así como, colaborando, fomentando o traballo en equipo e coordinando o seguimento.

- ACTUACIÓN CO ALUMNADO QUE PRESENTA NECESIDADES EDUCATIVAS:

A partires dos resultados das probas globais que se pasan, das probas individuais e das sesións de avaliación que se realizan desde E. Infantil , nas que participan os titores, especialistas e orientadora, vanse detectando as características de todo o alumnado e as necesidades educativas que presentan, ben sexan transitorias ou permanentes.

É necesario que unha vez recibida esa información, cada titor e todo o profesorado especialista que imparte clases nesas aulas, analice e reflexione sobre a metodoloxía máis axeitada para cada neno/a, observe as relacións que se establecen nese grupo e actúe en consecuencia.

No caso de actuacións co alumnado que presenta necesidades educativas actuaremos da seguinte maneira:

A. ATENCIÓN ORDINARIA:

Reforzo sen apoio: Son medidas que leva a cabo o propio profesor con aqueles alumnos que teñen algunhas dificultades nalgúns aspectos da programación diaria, que necesitan reforzar algúns contidos, ou que necesitan traballos de ampliación.

Reforzo con apoio: Contemplan o apoio temporal da especialista de PT e/ ou de AL de xeito temporal ou o longo do curso,.

Cando o horario das especialistas de PT e de AL, non chega para cubrir todas as necesidades, este apoio tamén se leva a cabo co profesorado ordinario nalgúns horas de libre disposición.

B. ATENCIÓN EXTRAORDINARIA: (alumnado con Adaptación Curriculares)

En alumnado que presenta necesidades educativas especiais moi graves e permanentes formularase a elaboración da AC cando haxa un desnivel de máis dun curso nunha ou en varias materias. De tódolos xeitos analizarase cada caso en particular.

CRITERIOS PARA OS APOIOS:

No mes de maio cando se solicita á inspección o profesorado de apoio necesario para o vindeiro curso, reúnen os titores, as profesoras de apoio e a orientadora, e en función das necesidades que se detectan entre todos, elabórase unha táboa con todas as necesidades que presenta o noso alumnado, sesións de apoio que serían necesarias e tipo de apoio proposto.

Esa táboa envíase a inspección cada curso. Clasificamos ó alumnado con necesidades educativas moi graves, graves ou de apoio na aula.

No mes de setembro, cos informes que temos elaborados no pasado curso e cos datos que facilitan os titores ó realizar a avaliación inicial, observando ó alumnado que ven novo, valoraranse as necesidades educativas que se presentan no centro e cos recursos cos que se conta iniciárase o apoio.

9. AVALIACIÓN

Para valorar a funcionalidade e a eficacia deste plan debermos revisar a consecución de obxectivos, as accións deseñadas que non sexan funcionais e/ou non dean os resultados óptimos, así como, aqueles puntos fortes detectados, e, por tanto, ser eficaces na nosa labor.

Débese establecer a periodicidade conveniente para a revisión, a avaliación e o control da súa aplicación (propoñendo as liñas de revisión e mellora na memoria final). Este proceso continuo parte de unha avaliación inicial (ao inicio de curso que da lugar a este documento), continúa coa procesual (ao longo de todo o curso revisando accións) e final (ao finalizar o curso materializándose na memoria final).

Todo este proceso permitirá establecer liñas de mellora, sen esquecer a todos os profesionais implicados no Plan de Orientación.

En liñas xerais podemos indicar os seguintes CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Adecuación do Plan ao contexto do centro educativo.
- Funcionalidade e relevancia das medidas adoptadas ao longo do curso.
- Grao de desenvolvemento das medidas previstas no Plan.
- Grao de participación e de satisfacción dos diferentes axentes implicados: alumnado, profesorado e familias.
- Grao de adecuación e aproveitamento dos recursos persoais e materiais do centro.
- Nivel de cumprimento do calendario de reunións.
- Nivel de participación e colaboración na CCP.
- Grao de seguimento das directrices da CCP.
- Funcionalidade e relevancia dos documentos elaborados no DO.

Ana Rielo Tellado

Xefa do Departamento de Orientación

En Narón, a 15 de setembro 2021.

PROGRAMACIÓN DE PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA

147

CEIP A GÁNDARA (NARÓN)

CURSO 2021-22

INDICE

- 1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
- 2) PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS
- 3) OBXECTIVOS XERAIS
- 4) OBXECTIVOS DAS ÁREAS CURRICULARES E CONTIDOS
- 5) ACTIVIDADES E A SÚA PRIORIZACIÓN
- 6) METODOLOXÍA
- 7) RECURSOS, ESPAZOS E MEDIOS
- 8) AVALIACIÓN
- 9) COORDINACIÓN ENTRE PROFESIONAIS E COA FAMILIA
- 10)COMPETENCIAS CLAVE

1. INTRODUCCIÓN

O CEIP a Gándara conta con dúas mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica que forman parte dos recursos persoais cos que conta o centro a nivel global, e é a ese nivel ó que debe entenderse a súa actuación. Implicarase en actuacións como a colaboración co resto dos profesionais na prevención, detección e valoración das dificultades de aprendizaxe; a elaboración conxunta co equipo educativo das medidas de atención a diversidade precisas para atender aos nenos e nenas na realización das actividades educativas e a participación no seguimento e avaliación dos procesos de ensino aprendizaxe.

A nosa actuación debera ser levada a cabo sempre que sexa posible dentro da aula ordinaria. Debido á aplicación do Protocolo COVID terá como primeiro obxectivo conseguir a **máxima presencialidade** no ensino polo que a premisa é **evitar contaxios** e procurar sempre a máxima seguridade na saúde.

As medidas de prevención marcan e condicionan a vida no centro e organización do noso traballo polo que mentres a situación non se normalice os horarios e posibilidades de agrupamento nas nosas intervencións están enormemente influídas e mermadas con respecto ó que é habitual. Algúns dos condicionantes que continúan este curso son:

- Máis tempo dedicado ó control das entradas (vixiancia da separación dos nenos nas filas, desinfeccións de mans e calzado)
- Tempo dedicado ás saídas, vixiando que se cumpran as medidas de prevención en canto á distancia de seguridade, acompañamento de alumnado de comedor e supervisión de desinfección de mans.
- Horarios marcados pola necesidade de ter varias quendas de recreo, á súa vez terán horario distinto dependendo do tempo ou incluso en tempos distintos dependendo se é en Primaria ou en Infantil.
- Imposibilidade de formar grupos con alumnado de distintas aulas para intervir na aula de PT, co que se reduce á nosa capacidade de actuación.

Por outra parte, tivemos en conta que pode darse nalgún momento do curso a suspensión de clases (total ou nalgún grupo) polo que a nosa intervención contempla tanto o **modo presencial**, como o **semipresencial** e a **distancia**. As solucións propostas estarán recollidas no Documento de Prevención Básica do Centro, apartado de Normas específicas para

alumnado NEE. e foron deseñadas polo DO.

Durante este curso, as nosas actuacións estarán baixo as directrices da normativa vixente, a Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa; actualmente derogada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por la que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, pendente de publicar os decretos e orde de avaliación. O decreto 229/2011 de 7 de decembro de atención á diversidade pendente de publicación da nova orde de atención á diversidade. Os distintos protocolos de prevención ditados pola Consellería aprobados no centro, outra normativa vixente e do concretado na Programación Xeral Anual.

2. PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS :

- Desenvolver en cada estudante ao máximo as súas potencialidades a través de diferentes estratexias e técnicas para adquirir as competencias básicas, habilidades, coñecementos e valores para fomentar un clima de convivencia no centro desenvolvendo actitudes de tolerancia, respecto, solidariedade e non discriminación.

-Detectar de xeito precoz calquera dificultade a través de diferentes instrumentos, para atender as necesidades detectadas.

-Posibilitar o acceso ao currículo ordinario de todo o alumnado do centro e individualizar os procesos de ensinanza para adaptarse as necesidades de cada alumno/a.

-Facer partícipes a todos os membros da comunidade educativa, da inclusión do alumnado con NEAE, aproveitando axeitadamente os recursos persoais, e materiais existentes no centro, flexibilizando espazos e tempos para garantir unha atención individualizada e formando, asesorando e informando aos docentes para garantir os fins educativos.

-Establecer vías de coordinación a nivel externo e interno que favorezan unha atención de calidade.

Atendendo á lexislación vixente, a intervención das PT é unha medida de atención á diversidade extraordinaria polo que as intervencións serán levadas a cabo de forma que se atenda aos nenos con Adaptación Curricular, ou con dificultades de aprendizaxe graves. Neste último caso deben ter informe xustifique a necesidade da intervención.

3. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos, teñen que estar formulados de maneira clara, facendo referencia aos contidos, e ser flexibles ás características concretas do alumnado. Deben ser acadados ao finalizar o proceso educativo como resultado dos procesos de ensinanza-aprendizaxe planificados para ese fin.

En relación ás necesidades detectadas, estes son os **obxectivos xerais** deste plan de apoio:

- ***Con respecto ao centro***

- ∞ Identificar e previr coa maior brevidade posible ao ACNEAE en colaboración co resto do profesorado do centro.
- ∞ Adoptar as medidas de carácter pedagóxico, curricular e organizativo necesarias para atender adecuadamente ás necesidades..
- ∞ Promover, estimular e apoiar os procesos de ensinanza e aprendizaxe do ACNEAE dando prioridade sempre á súa inclusión educativa.
- ∞ Asesorar ao profesorado en canto a material, agrupamentos, estratexias educativas e actuacións preventivas para atender á diversidade do centro.
- ∞ Establecer unha boa coordinación co Equipo de Orientación Específico (EOE), co profesorado do centro e cos profesionais e familias do alumnado para atender adecuadamente as súas necesidades educativas.
- ∞ Cooperar e coordinar co profesorado do centro o seguimento e avaliación das necesidades educativas do alumnado.
- ∞ Orientar e apoiar ás familias do ACNEAE para conseguir un desenvolvemento óptimo do alumnado.
- ∞ Fomentar e potenciar a atención á diversidade e a inclusión educativa como valores educativos fundamentais promovendo metodoloxías, prácticas e estratexias entre o profesorado e a comunidade educativa.

- ***Con respecto ao alumnado***

- ∞ Promover o seu desenvolvemento integral en tódolos ámbitos (intelectual, físico, social e afectivo) converténdoo en futuros cidadáns críticos e responsables.
- ∞ Conseguir un clima de traballo agradable e de confianza que facilite a adquisición de novas aprendizaxes.
- ∞ Potenciar e motivar as capacidades do alumnado para que se desenvolva de xeito pleno adaptándose á sociedade na que vive.
- ∞ Desenvolver actitudes de solidariedade, tolerancia e respecto mutuo entre o alumnado.

- ∞ Adaptar a ensinanza aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a autonomía, cooperación e participación do alumnado.
- ∞ Atender adecuadamente ás características e necesidades individuais de cada alumno.
- ∞ Promover unha educación para a igualdade evitando calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, razas e outras características individuais e sociais.
- ∞ Desenvolver os procesos cognitivos, especialmente aqueles referidos á comprensión e expresión oral e escrita, así como ao razoamento lóxico e matemático.
- ***Con respecto ás familias***
 - ∞ Apoiar e orientar ás familias en canto á educación do alumnado.
 - ∞ Fomentar a participación das familias nas actividades do centro.
 - ∞ Realizar entrevistas periódicas coas familias para informar sobre os progresos e dificultades do alumnado.

Os obxectivos específicos que debe acadar o alumnado veñen determinados polos correspondentes decretos de currículo: Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia para Educación Primaria (EP) e Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia para Educación Infantil (EI). No caso do alumnado con Adaptación Curricular (ACS), conforme á Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral, pendente de publicar a nova orde. Os obxectivos poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; ao igual que os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.

Polo tanto a avaliación do alumno que siga unha AC farase en función dos criterios de avaliación individualizados establecidos nela, sen prexuízo de que para efectos de promoción o referente sexan sempre os obxectivos establecidos para a etapa correspondente (Orde do 6 de outubro de 1995).

a. OBXECTIVOS DAS ÁREAS CURRICULARES E CONTIDOS.

Agás os alumnos con Adaptación Curricular o traballo do resto dos alumnos está centrado no currículo ordinario, polo que os obxectivos serán os mesmos para todo o alumnado (serán os recollidos na programación de cada nivel) especialmente no traballo das áreas instrumentais básicas e englobado nos seguintes ámbitos:

A) Reforzo e apoio de Linguas:

Coordinación: Cos titores e cos mestres de lingua castelá e galega.

Linguaxe oral: Procurala, cando non a hai. No resto, producir textos orais sinxelos como experiencias, vivencias, sentimentos, narracións, respetando unha orde, ritmo, pronuncia e vocabulario adecuado. Manexar a lingua como instrumento para a adquisición de novos aprendizaxes.

Lectura: de imaxes, frases e textos, de forma fluída, e adecuados ós niveis dos alumnos.

Comprensión: comprender as palabras (vocabulario) de frases e textos. Traballaranse estratexias de comprensión lectora.

Escritura: escribir sílabas e palabras correctamente; escribir frases que dean lugar a pequenos textos, como as descripcións e distintos tipos de texto. Incidirase nas normas de ortografía.

Tecnoloxía da comunicación: Utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación como instrumento de aprendizaxe. Utilización de programas educativos.

A nivel xeral traballaremos os seguintes **contidos:**

En xeral, nas aulas de PT, trabállese para acadar os obxectivos e contidos que cada alumno ten aprobado e detallado na súa Adaptación Curricular. Estes son confidenciais. A grandes trazos serán:

- . Expresión e comprensión oral.
- . Expresión e comprensión escrita:
- . Diferentes tipos de texto
- . Lectoescritura e escritura.
- . Vocabulario
- . Ortografía:

Dentro da aula ordinaria trabállase sempre cos contidos propostos na Programación Xeral Anual polo Equipo Docente e a súa coordinadora para cada curso e, en todo caso, polo que nos indica a titora de cada grupo.

B) Área de Matemáticas:

Con alumnado con adaptación curricular procuraranse os obxectivos e contidos propostos para cada un na súa adaptación curricular. Estes son confidenciais. Principalmente serán:

- . Reforzar as operacións básicas.
- . Realizar problemas sinxelos.
- . Realizar operacións de cálculo mental.
- . Diferenciar e utilizar as unidades principias do sistema métrico decimal.
- . Coñecer e diferenciar as unidades de tempo e a monetaria.

Tamén se van traballar outras capacidades, como son a memoria, atención e percepción, o razoamento verbal, espacial, numérico, etc.

Contidos xerais.

- . Números naturais, enteiros, inicio de decimais e inicio de fraccionarios.
- . As operacións.
- . A resolución de problemas adecuados a cada nivel.
- . Razoamento.
- . Instrumentos e unidades de medida.
- . Organización da información.
- . As formas e a representación do espazo.
- . O tempo, unidades e medida.
- . O diñeiro. Moedas e billetes europeos.

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe de Matemáticas.

- . Suma e resta números naturais con e sen levadas.
- . Multiplica números naturais.

- . Por unha cifra.
- . Por varias cifras (se é o caso)
- . Divide números naturais por unha cifra.
- . Divide números naturais por varias cifras (se é o caso)
- . Resolve problemas utilizando as operacións anteriormente citadas.
- . Realiza operacións básicas con números decimais (se é o caso)
- . Opera con distintas unidades de medida: metro, litro, quilogramo...
- . Coñece e utiliza correctamente a moeda europea e a medida de tempo.

C) Habilidades Mentais Básicas

Razoamento Lóxico Básico.

O razoamento é unha das operacións mentais máis básicas que intervén en case todas as operacións mentais. Pódese definir como a aptitude para descubrir regras ou principios, que en esencia consiste en encontrar series estables de relacións. No Razoamento Lóxico, sobre todo no indutivo, que é o que máis importante no desenvolvemento adecuado do neno, precísase: primeiro, observar para encontrar semellanzas e diferencias na realidade observada; segundo, clasificar arredor desas semellanzas e diferencias encontradas; terceiro, establecer hipóteses para conceptualizalas; cuarto, seriar, ordenar ou relacionar os datos de observación.

Alteracións de Lecto-Escritura.

Para intentar conseguir un suficiente dominio lecto-escritor que os capacite para un normal desenvolvemento no resto das aprendizaxes escolares, procurando eliminar ou paliar as secuelas de problemas lecto-escritores nos alumnos con deficiencias ou retrasos de aprendizaxe nesta área.

Perfeccionar as aptitudes lecto-escritoras superando as dificultades propias dos niveis anteriores.

Orientación Espacial. Lateralidade.

Considérase importante mellorar as habilidades espaciais, pois facilitan moitos procesos de aprendizaxe, incluso o de amplos campos como o das matemáticas.

A psicoloxía evolutiva demostrou que os conceptos de espazo e tempo non son innatos, senón

que se elaboran e estruturan a través das experiencias activas dos suxeitos.

Atención selectiva. Percepción e Memoria Visual.

Habilidades e aptitudes que están na base de calquera aprendizaxe e que a miúdo presentan dificultades nestes alumnos.

O interese non é transmitir contidos e coñecementos escolares, senón procurar a adquisición e potenciación dos mecanismos, automatismos e destrezas fundamentais sen as que é difícil conseguir un adecuado rendemento escolar.

Traballar entendendo o proceso de aprendizaxe e maduración cognitiva como un continuo que indefinidamente pode mellorar e progresar. Para isto irase aumentando levemente a complexidade dos exercicios (tendo en conta sempre as características psicolóxicas).

Tratamento cognitivo.

Traballaremos cos alumnos impulsivos con programas cognitivos, encamiñados a desenvolver o autocontrol na realización de tarefas se é posible.

Traballando todos estes aspectos preténdese:

Maíor autoestima nas tarefas escolares incorporando autocontrol no seu traballo e conduta.

Incrementar a atención e concentración nas tarefas.

Sentirse reforzados e aceptados nos seus logros dentro e fóra da aula.

Mellorar a memoria inmediata e a longo prazo.

Desenvolver a súa capacidade lingüística e comunicativa: reforzar os aspectos máis funcionais de tipo expresivo-comprensivo (vocabulario, expresión clara e ordenada de ideas, razoamento, comprensión e xuízo práctico en situacións sociais).

Aumentar o grao de estruturación nos seus relatos escritos.

Mellorar as súas habilidades de cálculo e resolución de problemas.

Moi importante: os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe dos alumnos con Adaptación Curricular están contidos nese documento CONFIDENCIAL para cada un deles.

b. ACTIVIDADES E A SÚA PRIORIZACIÓN.

A nivel xeral serán motivadoras, variadas e dinámicas, estimularan a participación, solidariedade e non discriminación, integrarán contidos de distinto tipo e con graos de dificultade axustados e progresivos a diferentes niveis de intervención, empregando diferentes enfoques de resolución, admitindo a interacción e permitindo a xeralización das aprendizaxes.

1. Para desenvolvemento cognitivo: Busca, asociación ,relación, clasificación, recoñecemento, diferenciación de elementos dun modelo dado ,empregando o ordenador, material impreso, onde terán que realizar estas accións con imaxes, imaxe-grafía, arrastrando unha serie de consignas. Xogar ao memory, fuga de detalles, vexo-vexo, diferenzas, preguntas relacionadas coa resolución de problemas da vida cotiá. Realización de escaes de textos, crebacabezas, sopas de letras, seguimento de instrucións, busca de erros en palabras con omisións, sudokus, identificar figuras idénticas....

2. Para inserción social e habilidades sociais: Realización en murais das normas da aula, realización de contratos, economía de fichas, traballos e actividades en grupo,debates,...

3. Para as técnicas instrumentais básicas: En lectoescritura, lectura en silencio, en voz alta, escribir frases con palabras dadas, completar frases, lectura comprensiva de distintos textos de diferentes niveis, ordenar frases, poñer títulos, xogar co dominó silábico, realizar un pequeno dicionario de palabras traballadas ordenado por campos semánticos, identificar partes dos textos, caligrafías, ditado, copia, facer escritos notas, redaccións, adiviñas...En cálculo e resolución de problemas, contar series ascendentes e descendentes, ordenar números dados en diferentes graos de dificultade, número anterior e posterior, resolver problemas...

4. METODOLOXÍA.

A acción terapéutica realizarase de forma personalizada, individual ou en pequenos grupos, para conseguir unha atención continuada no proceso.

Unha metodoloxía baseada na motivación e participación do alumno, fomentando o seu interese cara a adquisición de coñecementos adecuados as súas necesidades, procurando que lle reporten satisfacción e seguridade, estimulándoo no inicio, desenvolvemento e final de tarefas.

Partirase de actividades individuais e con un alto grao de concreción para continuar con actividades menos guiadas e en grupos moi reducidos.

Farase unha intervención didáctica que facilite a actividade construtiva dos alumnos, tendo en conta os coñecementos previos como punto de partida e reducindo o grao de dificultade das tarefas propostas valorando os seus niveles e tratando de lograr a maior motivación polo aprendizaxe. Procurarase en todo momento unha aprendizaxe significativo, intentando conectar as actividades propostas coa realidade na que o alumno se encontra.

Para isto será necesario:

- Estructurar máis o traballo e aumentar as consignas ofrecidas.
- Reducir o grao de dificultade das tarefas propostas xogando cos seus niveles de abstracción e complexidade.
- Proporcionar maiores recursos e adaptar os que se lle ofrecen ó conxunto do grupo.
- Priorizar estratexias que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión.

Para a consecución dalgúns obxectivos e contados utilizaranse métodos e técnicas específicas, marcadas polos seguintes fundamentos:

- Motivación polas tarefas.
- Reforzo positivo.
- Mediación no aprendizaxe.
- Ensinanza titorizada.
- Xeralización no aprendizaxe.
- Interacción.
- Resolución de problemas que estean preto da realidade do alumno.

5. RECURSOS, ESPAZOS E MEDIOS.

O centro dispón de medios materiais e persoais que permiten unha atención máis específica e profesional para atender ó alumnado e dúas aulas de Pedagogía Terapéutica con material diverso.

No traballo con estes alumnos, tanto dentro da aula como fóra, utilizaranse sempre que sexa posible materiais ordinarios e recursos didácticos adaptados ó seu nivel. Por outro lado acordarase cos especialistas de área os aspectos a traballar e afianzar na aula de apoio que logo serán formulados na aula de apoio ou viceversa. Ademais vanse combinar os materiais

adaptados (libros, fichas...) cos recursos informáticos na medida do posible. No centro contamos con este o proxecto E-dixgal no 3º ciclo.

RECURSOS EDUCATIVOS:

- **Persoais:** Recursos persoais internos como o titor/a , compañeiros/as do alumnado, equipo directivo, mestras de PT, mestras de AL e mestra de AL de atención preferente o DO e especialistas. Entre os recursos persoais externos atopamos o centro de formación e recursos (CFR), IE, o equipo de orientación específico (EOE), asociacións gabinetes , a familia e o Concello.

- **Materiais:** O apoio levarase a cabo a través de material ordinario diverso: Material da aula de apoio, secuencias temporais, láminas, abecedarios, material impreso de diferentes editoriais, material funxible, fondos bibliográficos e legislativos, libros de texto, libretas pautadas e cuadriculadas...

Traballárase con materiais didácticos específicos das áreas instrumentais básicas; con materiais adaptados as necesidades do alumnado, e con materiais ordinarios:

- Libro de texto dixital, libros de texto adaptados ó nivel curricular de cada alumno, dicionarios, guías didácticas, cuadernillos, contos variados, Comprensión lectora de diferentes editoriais

Traballárase con material visual: abecedario, normas ortográficas, numeración, táboas de multiplicar, horarios, calendarios... Con material manipulativo: moedas, reloxo, regras. Con material de consulta, de avaliacións, manipulable (puzzles, ensartables, memoris...) Outros materiais complementarios como materiais de consulta e materiais de avaliación. Material manipulable ensartables, puzzles, lotos, memoris, letras magnéticas, pesas e siluetas. Traballárase con materiais didácticos específicos, con materiais adaptados as necesidades do alumnado, e con materiais ordinarios.

Para os alumnos máis pequenos poderemos empregar tamén os seguintes:

- Vocabulario expresivo e comprensivo: “ Vocabulario básico en imágenes” , “Nuevo Loto de Oficios” , “Cuentos para hablar” de CEPE,...
- Cadernos para reforzo de lectoescritura (“Ven a leer” edit. S.XXI (1,2 y 3), “Promelec” edit. Promolibro, Teo, Vivencias, La Tortuga, Debecasa,...
- TIC (Clic, Pipo, Cazacosas, “Las tres mellizas”, “Érase una vez”,...).

- Matemáticas e Cálculo : “Pues Claro” edit. CEPE, “Ejermat” e “Problemat” edit. Promolibro, “Cuadernillos de matemáticas” edit. Bruño,...
- Borobil, Nardil,s.l. Xogos didácticos,...

Recursos informáticos e audiovisuais: o **ordenador** para facer búsquedas xerais en Internet ou xogar con xogos educativos como. Pipo, Lince, Aquari, 1ºs pasos coello lector, ALES II, O cofre das palabras e A illa dos números da Calesa ,Os trasnos máxicos. Páxinas web como:” proxectos cifras, alquimia, en poucas palabras e aprender da paxina <http://ares.cnice.es>; www.leoloqueveo.org; caricature (caligrafía)_ e softwares educativos.

- **Organizativos:** intervencións específicas das mestras de PT ,coordinacións dos diferentes profesionais e familia, organización de tempos e espazos entre o profesorado. A través de claustros, reunións periódicas do DO Nivel, CCP... intentarase levar a cabo unha acción conxunta e coordinada do proceso de E/A. Aportarase cando o soliciten información ás familias do alumnado así como pautas de actuación e distintos cauces de participación en colaboración cos profesores/as titores/as. O noso horario de atención ás familias será os martes de 16:00 a 17:00 horas. A xefa do DO en colaboración coas titoras/es e as PT elaborarán un horario en función das necesidades de cada alumno/a partindo dunha valoración inicial; dito horario será susceptible de modificacións ao longo do curso en función da evolución do alumnado ou de novos casos que podan xurdir. Os obxectivos a traballar así como a metodoloxía estarán en función das necesidades individuais de cada alumno/a procurando a máxima coordinación cos titores e resto de profesorado. Para que poidan acadarse na maior medida posible as competencias clave.

6. **AVALIACIÓN.**

Atendendo á lexislación vixente a avaliación terá dous elementos: **os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe**. Estes defínense como as concrecións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumno debe saber e saber facer en cada área. Deben ser observables, medibles e avaliáveis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.

No casos dos alumnos con Adaptación Curricular seguiranse os criterios establecidos individualmente para cada un deles. No caso dos alumnos que seguen currículo ordinario seguirase os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe establecidos para o grupo na Programación Xeral Anual.

A avaliación comprende tres modelos diferentes pero moi relacionados entre sí: avaliación inicial, formativa, sumativa ou final.

A **avaliación inicial** vai ser un punto moi importante ó que hai que dedicar unha especial atención. Permítenos obter información de partida para saber que vamos a traballar co alumno. Realízase no primeiro trimestre, identifícanse posibles necesidades, planifícanse a resposta educativa así como os programas de intervención. Estas serán extraídas das propostas das editoriais coas que traballa o centro, especialmente Santillana e Anaya, no caso de alumnos con Adaptación Curricular, ou das propostas en páxinas web especializadas.

A **avaliación formativa** proporciónanos información sobre o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, permitíndonos tomar medidas de corrección ou seguir na mesma liña en función dos resultados que vaíamos obtendo. Será continua, cos titores e equipo docente. Os medios utilizados son a observación directa principalmente.

A **avaliación final** tanto do alumno como do proceso de ensino, que nos fará reflexionar sobre o traballo obtido.

No caso da posta en práctica das AC o alumnado será avaliado en funcións dos criterios de avaliación fixados nesta.

Tanto no trimestre como na avaliación final serán avaliados tendo en conta aqueles aprendizaxes nos que foron capaces de avanzar.

Características a ter en conta nas avaliacións para o alumnado ACNEAE:

-Tenden a enfermarse máis e faltar máis.

-Tenden a ser máis lentos aprendendo. Non afrontan aprendizaxes directamente, senón por aproximacións sucesivas.

-Necesitan moitas repeticións e abordar a aprendizaxe de varias formas para conseguir asentalo. Iso consume tempo.

-Moitas veces está presente unha escasísima memoria, polo que moita parte do tempo de cada sesión hai que invertelo en facer tarefas de asentamento, afianzamento e recordo de aprendizaxes básicos (resta con levadas, táboa de multiplicar, cálculo mental...) que merman o tempo da sesión para inverter no traballo de novos aprendizaxes.

-Non xeralizan.

-É frecuente que a familia non sexa capaz de axudalos porque non posúe o dominio suficiente do currículo ou directamente non dominen a nosa lingua ou non estean alfabetizados.

-Necesitamos tempo para encontrar a forma, a metodoloxía ou canle de aprendizaxe que máis se adapte a cada neno. Cada un é distinto.

-Case sempre presentan, ademais, déficit de atención.

Por tanto, todos os elementos contidos en cada Adaptación Curricular son para estas aulas de PT unha meta, un ideal, pero temos en conta que non sempre nos é posible acadalos, sen que esta circunstancia teña que afectar á cualificación positiva. Aqueles elementos do currículo que queden sen traballar ou escasamente dominados serán recollidos na seguinte AC. O noso traballo e actuación pedagóxica serán revisados periodicamente co fin de modificar a resposta educativa elixida.

Desde PT se realizará un informe de seguimento anual co obxectivo de avaliar como evolucionan os apoios e axustar mellor as adaptacións nos casos que sexa necesario.

A avaliación do alumno realízase TRIMENTRALMENTE de forma conxunta co profesor de área en función do establecido na AC, cando sexa o caso, e en todos os casos, segundo o traballo realizado na aula clase e aula de apoio ademais da súa actitude, participación e respecto polos compañeiros.

O SEGUIMENTO realízase con reunións periódicas con titores e especialistas de área, participación nas sesións de avaliación, e revisión constante dos problemas frecuentes e posibles erros.

Todos os aspectos quedarán reflectidos na **Memoria Final** de curso, que vai incluída na **Memoria Final de Anual**, da cal se deducen as **propostas de mellora** para o próximo curso académico.

7. COORDINACIÓN ENTRE PROFESIONAIS E COA FAMILIA

Existe unha estreita coordinación entre todos os profesionais implicados: o titor/a, mestras de PT, AL, XDO, gabinetes, familias e o DO, traballadora social, pediatras... É imprescindible a colaboración co profesorado, titor/as para establecer pautas de actuación comúns, e organizar a resposta educativa. A aproximación coas familias faise a través de encontros informais, entrevistas, circulares, principalmente a través do titor ou titora.

A hora de atención ás familias é os martes de 16:00 a 17:00 horas.

Os membros do Departamento de Orientación temos marcada á sesión de reunión semanal os martes pola tarde.

8. COMPETENCIAS CLAVE:

A Dirección Xeral de Educación e Cultura da Comisión Europea (2007) define as competencias clave coma a combinación de aptitudes, capacidades e coñecementos que as persoas precisan para o emprego, a realización e desenvolvemento persoal, a inclusión social e exercer unha cidadanía activa. Neste plan de apoio trabállanse tódalas competencias e están directamente relacionadas cos obxectivos e contidos formulados.

Por outra banda, en Educación Infantil existen 8 competencias básicas (Decreto 330/2009): competencia en comunicación lingüística (trabállase lendo contos infantís con texturas, contos multisensoriais, facendo asembleas...), competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico (desenvólvese con actividades e xogos de motricidade fina), tratamento da información e competencia dixital (adquírese realizando aprendizaxes empregando as TIC), competencia social e cidadá (con xogos socioafectivos para potenciar as relacións empáticas, a comprensión, o respecto e a valoración da diversidade), competencia cultural e artística, e autonomía e iniciativa persoal (adquírese con simulacros de situacións da vida real coma visita a unha tenda, poñer a mesa; fomentando hábitos de autonomía persoal, propiciando que tome decisións...).

En EP podemos distinguir 7 competencias clave (Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, educación secundaria obrigatoria e o bacharelato):

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL): habilidade para expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita empregando a lingua. Trabállase con actividades e xogos creativos e grupais (Pasapalabra...) sempre que sexa posible, con actividades de escritura creativa...

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): capacidades de aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá, e habilidades para utilizar metodoloxía e coñecementos científicos para explicar a realidade que nos rodea e dar resposta aos nosos desexos e necesidades. Desenvólvese esta competencia

mediante materiais manipulativos como a máquina da suma e da resta, as regretas multibase, a caixa aritmética, o ábaco... e actividades e problemas relacionados cos seus intereses.

3. Competencia dixital (CD): habilidade para empregar de forma segura e crítica as TIC para obter, producir, analizar e intercambiar información. Adquírese mediante actividades nos ordenadores, realizando buscas de información guiadas na rede, etc.

4. Aprender a aprender (CPAA): capacidade para organizar a propia aprendizaxe. Trabállase ensinándolle ao alumnado estratexias e métodos para planificar, organizar e levar a cabo aprendizaxes de forma autónoma e a autoavaliarse.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC): capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa e democrática na vida social e cívica. Ensínase con dinámicas de aprendizaxe grupal, xogos en grupos, actividades sociemocionais...

6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE): habilidades para converter as ideas en actos e planificar e xestionar proxectos. Trabállase asignándolle responsabilidades ao alumnado, con traballos por proxectos, ensinándolles autodeterminación, etc.

7. Conciencia e expresións culturais (CEC): capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, da literatura, das artes plásticas e escénicas. Apréndese mediante a visualización e reflexión sobre vídeos, cancións, diferentes expresións artísticas e promovendo que creen e valoren as súas propias creacións e as dos seus compañeiros.

Especialistas de Pedagogía Terapéutica:

Mónica Méndez Sachocos.

Lorena Velasco de Vena

En Narón, a 15 de setembro 2021.

PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE

165

CEIP A GÁNDARA (NARÓN)

CURSO 2021-22

1. ACTIVIDADE DOCENTE

Para dar resposta ás necesidades educativas do alumnado relacionadas coa linguaxe oral e escrita, especialmente aquelas de carácter permanente, cóntase no centro cunha especialista de Audición e Linguaxe con destino provisional e este curso outra mestra de atención preferente, ambas a tempo completo.

As súas funcións docentes xirarán arredor dos seguintes aspectos:

- Detectar e avaliar o alumnado con n.e.a.e. relacionadas coa linguaxe.
- Prestar atención docente directa aos alumnos/as con n.e.a.e relacionadas coa linguaxe oral e escrita.
- Colaborar na elaboración e avaliación das medidas curriculares adoptadas para o alumnado con n.e.a.e. relacionadas coa linguaxe.
- Informar e orientar ao profesorado, familias e alumnado.
- Coordinar cós especialistas de PT, titores/as, xefa de estudos e orientadora a intervención co alumnado con n.e.a.e.
- Buscar e elaborar recursos e materiais didácticos axeitados para ditos alumnos/as.
- Previr posibles alteracións da linguaxe e da fala.
- Asistir ás reunións do Departamento de Orientación, da Comisión de Coordinación Pedagóxica, do Claustro de profesores...
- Establecer relacións con entidades e asociacións externas ao centro.

2. ALUMNADO

Entendemos por alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE) a aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta.

A lexislación relativa ao alumnado con necesidades educativas especiais está recollida na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación na sección primeira do Título II, nos artigos do 73 ao 75. Esta norma concrétase en Galicia no Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2003 do 3 de maio, de educación, na que se establecen a educación en unidades e centros de

educación especial e a escolaridade combinada con centros ordinarios como una opción excepcional.

Pola súa parte, ACNEAE, son as siglas que corresponden ao alumno con necesidade específica de apoio educativo. A LOMCE definía a este alumnado como aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou historia escolar.

A resposta educativa aos alumnos/as que reciben apoio de Audición e Linguaxe poderá ser levada a cabo tanto dentro como fóra da aula ordinaria, segundo ás necesidades do alumnado, a criterios organizativos do centro e ás medidas sanitarias da transmisión da Covid-19. Este apoio realizarase de forma individual ou en pequeno grupo respectando sempre o grupo de convivencia estable ao que pertencen.

A proposta horaria das mestras de Audición e Linguaxe terá un carácter flexible e aberto e estará suxeito a revisións periódicas co fin de axeitarse o máximo posible aos obxectivos propostos e acadar operatividade e eficacia, polo que se farán constar no seu momento as modificacións oportunas ao respecto xustificando o motivo das mesmas.

3. PROGRAMACIÓN DE AULA

Nesta programación xeral sinálanse de forma xenérica os principios que guiarán a práctica docente con todo o alumnado.

- **As competencias:**

Actualmente estamos nun período onde debemos falar tanto de competencias básicas, como de competencias clave. As primeiras seguen as ser as prescritivas para o alumnado de Educación Infantil, mentres que as segundas son de adopción xa obrigada para todo o alumnado de Primaria.

Na aula de Audición e Linguaxe contribuírase a desenvolver principalmente a competencia en comunicación lingüística. Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

En menor medida tamén se contribuirá ao desenvolvemento doutras competencias:

- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá / competencia social e cívica.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal / sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

- **Obxectivos xerais:**

Estes obxectivos son os que se expoñen a continuación:

- Potenciar as bases funcionais da linguaxe: respiración, sopro, audición, praxias bucofaciais.
- Acadar unha expresión oral fluída e correcta.
- Articular correctamente todos os fonemas e sinfóns.
- Xeneralizar os logros a nivel articulatorio á linguaxe espontánea.
- Aumentar o vocabulario comprensivo e expresivo.
- Comprender e empregar frases cada vez máis complexas a nivel morfosintáctico.
- Comprender textos orais de uso habitual.
- Usar diferentes SAAC segundo as necesidades comunicativas do alumnado.
- Mellorar os procesos cognitivos básicos: atención, percepción e memoria.
- Fomentar o gusto pola comunicación e expresión de ideas, sentimentos, etc.
- Aumentar o dominio do proceso lectoescritor.
- Aumentar o gusto pola lectura, co fin de acadar unha lectura eficaz.

- **Contidos:**

Os contidos para a consecución de ditos obxectivos serán os seguintes:

- Discriminación e asociación auditiva de ruídos, sons e fonemas.
- Respiración e sopro.

- Habilidade motora de labios, lingua e veo do padal.
- Voz.
- Aspectos prosódicos: entoación e ritmo.
- Adquisición do sistema fonolóxico.
- Adecuado desenvolvemento sintáctico: lonxitude e complexidade das frases, concordancias e orde de organización de enunciados...
- Amplitude de vocabulario.
- Establecemento de categorías semánticas.
- Relacións de significado entre os compoñentes do discurso.
- Competencia conversacional.
- Funcións da linguaxe e da comunicación.
- Sistemas Aumentativos e/ou Alternativos de Comunicación (SAAC).
- Percepción.
- Atención.
- Memoria.
- Organización do esquema corporal.
- Orientación espacio -temporal.
- Lectura: velocidade lectora, comprensión lectora...
- Escritura: caligrafía, concordancia, expresión, ortografía...

- **Actividades:**

As actividades xirarán sobre os seguintes aspectos:

- Actividades corporais e de desenvolvemento cognitivo (relaxación; imitación, ritmo e movemento; percepción e expresión corporal...).
- Actividades de audición e voz (discriminación auditiva; respiración e sopro; praxias faciais; voz...).

- Actividades de linguaxe oral e comunicación (cancións; poesías; retahílas; articulación de palabras; frases; contos; dramatizacións; sinónimos-antónimos; campos semánticos...).
- Actividades de lectura e escritura (lecturas, ditados, copias, composicións espontáneas...).

- **Metodoloxía:**

A metodoloxía a seguir basearase nun dos principios básicos do noso sistema educativo: o xogo. O proceso de ensinanza-aprendizaxe adecuarase ás necesidades educativas de cada alumno/a e ao seu ritmo de aprendizaxe, sendo a “comunicación” un dos aspectos máis importantes a ter en conta. Por este motivo, co alumnado que presenta n.e.a.e. de carácter permanente a metodoloxía estará baseada nunha “comunicación total”, de tal forma que se empregarán todo tipo de axudas visuais e xestuais que se consideren oportunas.

A duración das sesións dependerá das n.e.a.e. de cada estudante e estará suxeita a posibles modificacións en función da evolución do suxeito.

- **Recursos didácticos:**

Os materiais a empregar serán variados: textos de lectura; fichas de recuperación de dislalias; lotos (fonolóxicos, de accións...); secuencias temporais; fichas do esquema corporal; orientación espacial, atención, percepción e memoria; fotos, pictogramas, debuxos; material de sopro (candeas, pelotas de pin-pon, globos, matasogras...); letras manipulables; material de estruturación da linguaxe; fichas de escritura; barallas; bingos; dominós; programas informáticos; instrumentos musicais; cómics para fala; vídeos didácticos; fichas interactivas; xogos educativos online, etc.

- **Avaliación:**

A avaliación será formativa, continua e global, tendo como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada alumno/a. Nun primeiro momento, partírase dunha avaliación inicial baseada na observación, entrevista co titor/a, cos seus pais e outros profesionais, alén dos informes da orientadora do centro e informes logopédicos de anos anteriores. O obxectivo desta avaliación inicial será establecer as n.e.a.e. de cada neno/a e poder adecuar así o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

En segundo lugar, levarase a cabo unha avaliación continua do proceso de ensinanza-aprendizaxe ao longo de todo o curso, rexistrando periodicamente os avances dos alumnos/as.

Esta avaliación permitiranos modificar ou axustar o modo de intervención que se está a levar a cabo se fose necesario.

Por último, ao finalizar o curso realizarase unha avaliación final co fin de recoller os resultados nun informe final de Audición e Linguaxe (que inclúe as n.e.a.e. do alumno/a, o traballo desenvolvido ao longo do curso e recomendacións) e así facilitar a intervención para o vindeiro curso.

Asemade, quedarán reflectidas as entrevistas cós pais/nais no Departamento de Orientación onde se recollerán os aspectos e acordos máis salientables. A nivel máis específico, cada alumno/a que asista á aula de Audición e Linguaxe contará tamén cunha programación individualizada atendendo ás súas necesidades e contemplando nela os obxectivos e contidos máis específicos a traballar. Para iso teremos en consideración os anexos que se recollen ao final da Programación do Departamento de Orientación.

4. COORDINACIÓN DOCENTE

Realizaranse reunións periódicas co profesorado que intervéñ na aprendizaxe do alumnado que acude á aula de AL para coordinar o traballo dentro e fóra da aula, así como avaliar e valorar as súas aprendizaxes. Tamén se realizarán reunións periódicas coa orientadora do centro e cós demais membros do Departamento de Orientación, segundo se estableza no horario. Por último, manterase contacto cos distintos profesionais implicados na educación do alumnado con n.e.a.e. se fose necesario (Equipos de Orientación Específicos, ASPANEPS, etc.). Estas reunións poderanse realizar presencialmente, por vía telefónica ou pola aplicación cisco Webex.

5. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS

Desde a escola preténdese implicar ás familias no proceso de ensinanza aprendizaxe e, no caso do alumnado que acode ás aulas de audición e linguaxe, xa que neste contexto é onde o/a neno/a pasa a maior parte do seu tempo e nel atopa os seus interlocutores máis significativos. Por regra xeral, os titores/as levarán a cabo como mínimo unha reunión anual cós pais e/ou nais onde informarán, entre outros aspectos, da evolución dos seus fillos/as nas sesións de audición e linguaxe. Igualmente, poderán acudir ao Departamento de Orientación para coñecer aspectos máis concretos das necesidades educativas dos seus fillos/as e poderán solicitar entrevistas con calquera dos seus membros. Por último, a comunicación escola-

familias realizárase formalmente a través da páxina web do centro e poderanse empregar outros medios como o correo electrónico ou por vía telefónica.

6. PROTOCOLO ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN COVID-19

Segundo o protocolo de prevención da transmisión da Covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo do 16 de setembro de 2020, con carácter xeral, no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, mantéñense as catro medidas fundamentais na prevención do coronavirus: uso de máscara de protección (de forma obrigatoria en maiores de 6 anos sempre que a toleren), incremento da hixiene de mans ata un mínimo de 5 veces ao día, manter a distancia física establecida de forma xenérica de 1 metro e medio, e potenciación da ventilación dos espazos pechados.

Especificamente neste colectivo, destacamos as seguintes medidas específicas de prevención da transmisión da Covid-19 para a aula de Audición e Linguaxe, tal e como se recolle no protocolo anteriormente citado (medidas 1, 2, 3, 4, 5, 8, 9, 12, 16):

1. O/a alumno/a con necesidades especiais utilizará máscara cirúrxica ou hixiénica, que cumpra coa normativa UNE 0064 (para as dun só uso) ou UNE 0065 (para as reutilizables), sempre que teña unha idade superior a 6 anos e recomendada para alumnado entre os 3 e 6 anos. Neste colectivo, será necesario verificar a tolerancia do neno ou da nena á máscara. Se non fose posible a súa utilización, prescindirase do uso da máscara por parte do/a neno/a e manterase un cumprimento estrito da distancia de seguridade.
2. Naqueles casos nos que o alumno/a poida facer uso de máscara e nos que non sexa posible que os profesionais de interveñen con el garden a distancia de seguridade para as diferentes actuacións precisas (atención de audición e linguaxe), hai que extremar as precaucións de hixiene de mans, e utilización de máscara cirúrxica ou textil co marcado UNE 0065, xunto coa recomendación da utilización da pantalla.
3. Nos restantes casos manterase unha distancia de 1,5 metros de forma xenérica nas interaccións co resto do persoal e alumnado.
4. No caso de que o alumnado non faga uso de pupitres senón doutros elementos educativos (colchonetas, elementos de estimulación sensorial, etc) procederá a ventilación posterior da sala e limpeza con solución dos virucidas aprobados polo Ministerio das superficies utilizadas

5. Con carácter xeral e por motivos de inclusión, o ACNEE formará o grupo de convivencia estable coa aula á que pertence. No caso de alumnado en escolaridade combinada o alumnado formará grupo de convivencia estable coas aulas ás que lle corresponda tanto nun mesmo centro como en centros diferentes.

8. Garantirase a accesibilidade comunicativa e cognitiva da información relevante para o alumnado mediante a utilización dos Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación, e das modalidades comunicativas que utilice o alumnado. A tal fin poderá dispoñerse cartelería con pictogramas Así como a adaptación de información e recomendacións a modalidades accesibles como, por exemplo, lectura fácil.

9. Aconséllase que ao inicio do curso o alumnado con necesidades educativas especiais dispoña dun documento de adaptación específico de medidas de seguridade. Este documento será elaborado polo Departamento de Orientación do centro educativo en colaboración co pediatra de referencia do/a alumno/a. Este documento formará parte do Plan de Atención Individualizado previsto no Protocolo de Atención Educativa a Urxencias Sanitarias e Enfermidade Crónica, para o que se publicará unha Addenda orientativa na que constarán, cando menos: a tolerancia/pertinencia ou non do uso de máscara, os síntomas particulares que poden corresponder ao alumno/a en función da súa condición ou patoloxías previas con especial indicación dos sinais de alerta que correspondan no caso de que o alumno/a non poida comunicar ou discernir con claridade os síntomas previstos na cuestionario de autoavaliación Covid-19.

12. Nas sesións de Audición e Linguaxe farase uso de máscaras transparentes (a espera da súa homologación) ou de máscaras cirúrxicas máis pantalla, hixiene de mans e ventilación do espazos duns 10-15 minutos tras cada sesión.

16. No caso de alumnado en modalidade de escolarización combinada, recoméndase que os días de permanencia en cada centro sexan continuados para facilitar a trazabilidade epidemiolóxica.

7. PROPOSTAS PARA AO DESENVOLVEMENTO DO PROTOCOLO COVID-19

- **Normas xerais de actuación co alumnado NEE de modo presencial:**

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais farase uso das máscaras dentro e fóra da aula sempre que teña unha idade superior a 6 anos e estará recomendada para

o alumnado entre os 3 e 6 anos. Neste colectivo, será necesario verificar a tolerancia do neno ou da nena á máscara. No caso de non poder facer uso da mesma, prescindirase do seu uso e manterase un cumprimento estrito da distancia de seguridade e optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

- ◆ O persoal que preste atención ao alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras, e de ser posible, máscaras transparentes (a esperas da súa homologación) no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e/ou a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade, ou o traballo a realizar sexa incompatible cunha máscara convencional.
- ◆ O departamento de Orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención, de presentar este imposibilidade de realizalo.
- ◆ O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.
- ◆ No caso dunha escolarización combinada, coidarase adoptar as mesmas medidas co fin de facilitar a comprensión das mesmas por parte deste alumnado.

Dadas as normas específicas establecidas pola Consellería, cabe a posibilidade de que a cantidade de alumnado de atención específica se vexa reducido por non poder realizar intervención conxuntas entre alumnos/as de diferentes aulas.

Non é que exista unha diminución de alumnado con NEAE, senón, que existen condicionantes externas coma os horarios de recreo, normas específicas e/ou outros condicionantes que fan que se reduzan as posibilidades de atención ao alumnado, sendo recomendable que se dote de maior profesorado para a atención ao alumnado NEAE.

- **Ensino non presencial:**

Unha vez analizados os posibles escenarios que nos podemos atopar, consideramos que cabe a posibilidade de que no presente curso, volvamos ter unha situación sanitaria semellante á que se presentou durante o pasado curso escolar.

Có fin de levar a cabo accións de carácter compensatorio có alumnado con Necesidades Educativas Especiais, tal como recolle múltiple lexislación, tanto estatal como autonómica, a

proposta do Departamento de Orientación ao completo está encamiñado a realizar unha intervención a catro niveis:

- De modo presencial, en caso debidamente xustificadas por NEE o/ou casos de vulnerabilidade atendidos polo DO:
 - o Se as autoridades educativas e sanitarias permiten levar a cabo unha intervención dentro da escola (por ser un grupo moi reducido de alumnos e contar coa totalidade do centro para levar a cabo a mesma), dado que o traballo específico que se realiza con este alumnado é moi complexo de realizar para as familias.
- De modo telemática:
 - o Por medio da plataforma posta a disposición pola Consellería para a realización de videochamadas (Cisco Webex).
 - o Por medio da aula virtual (alumnado de 3º de Educación Primaria ate 6º Educación Primaria).
 - o Na páxina web do centro igual que o curso pasado (alumnado de Educación Infantil e o resto dos cursos de Educación Primaria).
 - o Proporcionando material cara a impresión por parte das familias vía email corporativo.
- Realizando chamadas ás familias (dende número oculto) para manter unha comunicación constante e realizar un seguimento e guía do proceso de Ensino- Aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Proporcionar material elaborado e adaptado en formato papel, a aquelas familias que pola súa propia idiosincrasia non contan cós medios axeitados para a impresión e o emprego de material dixital.

En cada caso particular valorarase cal de todas as posibilidades formuladas é a que mellor se adapta ás circunstancias de cada familia.

Narón, 15 de setembro de 2021

Asdo.

Ana Isabel Mosquera Fernández

Ariadna Mascaró Sanchis

Mestra de Audición e Linguaxe

Mestra de Audición e Linguaxe

14. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

14.1-INTRODUCCIÓN.

Este protocolo é parte integrante do NOF (Normas de Organización e Funcionamento) do centro e, de acordo coa normativa vixente, recolle as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor. A normativa de aplicación para a elaboración deste protocolo é a seguinte:

- Decreto 132/2013 do 1 de agosto de 2013 polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos.
- Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG do 05 de marzo de 2007)
- Orde do 13 de xuño de 2008
- Instrución 2/2021 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso 2021/2022.
- Protocolo de transmisión da covid-19 nos comedores dos Centros Educativos non Universitarios, do 1 de outubro de 2021

Quedan derogados o Decreto 10/2007 do 25 de xaneiro e o Decreto 374/2009 do 6 de agosto, así como todas as disposicións normativas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no Decreto 132/2013.

A referida normativa contempla o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario de tal xeito que a súa organización, desenvolvemento e avaliación estará recollida no presente documento e formará parte da Programación Xeral Anual do centro.

Enténdese como servizo de comedor os servizos de xantar e de atención aos usuarios no período de tempo libre anterior e posterior da comida do mediodía, nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais. Artigo 1, punto 2 do capítulo 1 do decreto 132/2013 do 1 de agosto.

14. 2.- MODALIDADE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO E CLASIFICACIÓN.

A modalidade de prestación do servizo do comedor do CEIP A Gándara é a contemplada no apartado b) do artigo 2 do decreto 132/2013 *“xestión indirecta da consellería en materia de educación, mediante a contratación con empresarios individuais ou empresas de restauración da elaboración, nas dependencias da empresa, dos menús, o seu transporte, se é o caso, así como do servizo ás mesas e a atención dos alumnos comensais”*.

A empresa subministradora do servizo desde o curso 19/20 é a empresa Eurest Colectividades da Coruña.

A categoría do comedor escolar é tipo B (de 76 a 150 comensais). Nos comedores da Xunta teñen que estar os usuarios reais fixos non esporádicos xa que iso dificulta moito a xestión. Temos autorizadas 143 prazas.

No presente curso escolar e dadas as dificultades de acomodación con postos fixos para cada usuario están confirmadas 44 prazas de usuarios de Ed. Infantil. 52 prazas de 1º a 3º de Ed. Primaria e 47 prazas de 4º a 6º de Ed. Primaria. Xunto cunha coidadora e un/ha profesor/a. En total 143 prazas de alumnado e 2 prazas para coidadora e profesorado.

14. 3.- CALENDARIO E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO.

- **Servizo de xantar :** Hai establecida unha quenda de uso Unha primeira quenda irá de 14:00 a 14:55 h. Comerá nesta quenda todo o alumnado de do colexio.

. Horario de saída do comedor escolar: O alumnado poderá saír a partir das 15:30, cando os veña a recoller a persoa encargada diso, polo portón grande da entrada ao centro. O resto do alumnado poderá abandonar o recinto entre as 15:45 ata as 16:00 h, momento en que tamén poderán saír os que teñan permiso para ir sós.

14.4.- NÚMERO DE COMENSAIS E USUARIOS.

Os solicitantes de comedor foron 142, máis 1 fóra de prazo que tamen foi admitido ao quedar baleira 1 praza, uns de xeito fixo e outros de xeito esporádico. **Todos/as os/as usuarios/as terán un posto fixo asinado.** Dado o Protocolo covid-19, tivemos que volver habilitar o ximnasio anexo ao comedor con mesas e cadeiras individuais colocadas segundo grupos de convivencia estable, e deixando 1,5 m. de distancia entre eses grupos. Por todo iso dentro do comedor hai habilitados 73 postos e no ximnasio anexo 70 postos máis, para un total de 143 postos, máis 2 para a o persoal do Centro.

Están anotados como usuarios de comedor **neste curso escolar 143 alumnos/as**, maioritariamente para tódolos días ou con días fixos de uso, (un promedio de 87 diarios).

O resto das persoas solicitantes que non comunicaron a súa intención de usar o comedor escolar entendese que renuncian a facelo neste curso, xa que se estableceu un período de confirmación de uso durante o mes de setembro e non exerceron o seu dereito.

14.4.1- TIPOS DE USUARIOS.

Existen dous tipos de usuarios: gratuítos ou de pago.

a)- Usuarios gratuítos:

- Alumnado en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Alumnado que se atope en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Alumnado cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- Alumnado que pertenza a unidades familiares vítimas do terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- Alumnado de unidades familiares cunha renda anual neta per cápita inferior a 7000 €.

b)- Usuarios que abonan total ou parcialmente o servizo:

- Pagarán 1 € os usuarios cuxa renda per cápita estea comprendida entre 7000,01 € e 8000 €.

- Pagarán 2,50 € os usuarios cuxa renda per cápita estea comprendida entre 8000,01€ e 9.000 €.
- Pagarán 4,50 €, a totalidade do servizo, todos os usuarios cuxa renda per cápita supere os 9000,01 €

O pagamento mensual dos prezos públicos producirase entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo. O importe que deberán pagar resulta de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. **Os usuarios están obrigados a comunicarlle a dirección do centro os días que non van facer uso do comedor cunha antelación mínima dun día, xa que este ano a xestión dos menús os fai a Directora, encargándoos cun día de anticipación. No caso de imprevistos poderán comunicarse entre as 8:30 e as 9:30, por teléfono (881938386) ou mandando un correo ao centro poñendo no asunto:comedor. (ceip.gandara.naron@edu.xunta.es). No caso de non avisar cargarase igualmente o importe do menú dese día.**

Os importes mensuais en concepto das tarifas que correspondan en cada caso satisfaranse directamente ás empresas concesionarias do servizo.

No caso de non pagar a tarifa correspondente a un mes impedirase a utilización do servizo nos meses seguintes mentres non se produza á oportuna regularización dos pagamentos. (Artigos 11,12,13,14 e 15 do decreto 132/2013, do 1 de agosto)

14. 5. PLANOS, DEPENDENCIAS E MOBILIARIO.

Superficie total : 156 metros cadrados + outro tanto de ximnasio anexo.

Dependencias: O comedor escolar está localizado nunha dependencia prefabricada anexa ao edificio do colexio. Ten dúas portas, unha delas conecta co ximnasio, cos baños do colexio e as outras dependencias escolares, e a outra comunica directamente co patio escolar, que será por onde sairán os alumnos no momento do tempo de xogos ou para marchar ás súas casas.

Mobiliario: no comedor: 12 mesas semihexagonais e catro mesas rectangulares de comedor para infantil, oito mesas rectangulares de comedor para primaria con bancos anexos. No ximnasio; Catro mesas rectangulares de Primaria, 50 mesas individuais de primaria coas correspondentes cadeiras colocadas no ximnasio e 6 mesas altas. 2 mesas

altas para facilitar o servizo de comida, e 1 carriño camareira. Unha dependencia onde se atopan dous microondas, un deles proporcionado pola ANPA, e outro polo colexio, un frigorífico aportado pola empresa adxudicataria para conservar os alimentos perecedoiros, unha balda, un pequeno departamento para bens persoais, dous armarios para gardar os bens de cociña (pratos, vasos,...), un vertedoiro con instalación de auga fría e quente, un lavalouzas facilitado polo concello.

Ademais hai cinco camitas plásticas mercadas polo colexio, dúas verdes e tres azuis para que descansen os nenos mais pequenos se teñen sono despois do xantar. Actualmente non se empregan por protocolo COVID.

14.6.- ACTIVIDADES EDUCATIVAS DURANTE A QUENDA DE COMEDOR.

Debido ao protocolo covid-19, non se realizará ningún tipo de actividade educativa durante as quendas de xantar.

14.7.- ATENCIÓN AO ALUMNADO USUARIO DO SERVIZO.

Para atender ao alumnado no tempo da comida e no tempo de lecer posterior a esta, a empresa subministradora do catering contratada pola Consellería competente en materia de educación proporcionará ao centro as/os monitoras/es necesarios en función do número de comensais. Estas persoas deberán estar en posesión do carné de manipuladores/as de alimentos e a súa formación estará a cargo da empresa de catering que é a responsable da súa contratación.

Como por termo medio cada día comen uns 90 alumnos/as, máis de 30 deles son de Ed. Infantil e correspóndenlles tres monitoras para atendelos. O número medio de comensais de Ed. Primaria é de 50-60 diarios, polo que corresponderían dúas monitoras para atendelos. Isto faría un total de cinco monitoras diarias.

Tarefas a desenvolver polas monitoras no comedor:

As monitoras son profesionais que atenden e supervisan aos escolares no tempo de comedor e recreo escolar, debidamente formadas para o desenvolvemento de hábitos e actitudes favorables á saúde, hixiene, participación, convivencia e correcta conduta alimentaria.

As súas funcións son as seguintes:

1. Colaborar na creación dun clima agradable, potenciando o respecto, a comunicación e a boa convivencia.
2. Coñecer os problemas de saúde dos comensais, como intolerancias e alerxias a determinados alimentos.
3. Estimular o consumo dos alimentos que se poñen na mesa.
4. Capacitar ao escolar para que adopte hábitos de vida saudables.
5. escoitar as suxestións do alumnado no comedor.
6. Estimular e favorecer no alumnado a adquisición de hábitos correctos de hixiene, alimentación e comportamento no comedor.
7. Fomentar actitudes para conseguir unha boa educación na mesa: como deben sentar, cando levantarse, mastigar coa boca pechada, evitar facer ruído...
8. Fomentar o respecto entre os comensais.
9. Vixiar aos nenos/as no tempo de hixiene, no tempo de permanencia no comedor e no tempo de lecer.
10. Acompañar en todo momento aos alumnos/as usuarios/as de comedor.
11. Formar equipo de traballo cos demais coidadores e educadores.
12. Sinalar as zonas do patio que se vaian a utilizar nas actividades de lecer e marcar as directrices de utilización deses espazos.
13. Informar á Directora do centro de todas as cuestións que afecten ao funcionamento do servizo, así como das incidencias que xurdan durante o desenvolvemento do mesmo.
14. Informar ás familias de acordo coa dirección do centro de todas aquelas cousas que poidan ser do seu interese.

A Directora do centro comunicará á Consellería competente calquera irregularidade da que teña constancia na execución do servizo de comedor para instar á empresa a que corrixa as deficiencias no menor tempo posible.

En canto á vixilancia e coidado do alumnado seguiranse as seguintes disposicións:

- Durante a comida as coidadoras servirán ao alumnado a comida. Vixiarán que a comida se faga en orde e atendendo ao disposto nas normas deste regulamento.
- Axudarán aos mais pequenos a adquirir os hábitos necesarios para unha boa alimentación e axudaranlles cos utilización dos cubertos cando sexa necesario.

- Despois de comer (sobre as 15:15 h) e ata o momento da recollida polos pais/nais e/ou titores/as autorizados o alumnado disporá de tempo para xogar na zona do patio cuberto inferior para os de Ed Primaria e no patio cuberto superior os de Ed. Infantil , este tempo debería ser o menor posible para evitar contactos innecesarios entre o alumnado das diferentes aulas burbulla.
- Terán que limpar, ventilar e desinfectar mesas e cadeiras do ximnasio

14.8. REGULAMENTO DE ACTUACIÓNS

182

14.8.1. DEREITOS E DEBERES

Os dereitos e deberes dos alumnos /as comensais son os mesmos que figuran nas Normas de convivencia, organización e funcionamento do centro (Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, na que se regulan os dereitos e deberes dos pais/nais do alumnado, do propio alumnado, do profesorado e do persoal non docente).

O incumprimento das normas notificarase aos pais/nais ou titores/as legais do alumnado e, **de persistir na mesma actitude, sancionarase coa privación temporal ou definitiva do uso do comedor.**

14.8.2.- MENÚS

Servirase un menú cada día. Este menú será o mesmo para cada neno, agás nos casos de alerxias ou enfermidades que requiran unha dieta especial. Para estes casos é preciso que os pais/nais avisen á encargada do comedor cunha antelación de 24 horas.

No caso de non poder comer algún alimento ou de ter que seguir unha dieta determinada deberase traer un certificado médico que así o acredite que será enviado escaneado a empresa concesionaria do catering. Estes certificados teñen que entregarse cada curso académico.

Informarase mensualmente aos pais/nais dos menús que se van a servir, publicando dito menú na páxina web do colexio.

Hai un menú de verán formado por vinte menús diferentes que van rotando ata finais de outubro que entra o menú de inverno formado tamén por vinte menús diferentes que van rotando cada semana.

Os menús, elaborados pola empresa concesionaria están aprobados pola Xunta e supervisados por nutricionistas. Son menús pensados para combater a obesidade infantil.

Os cambios nos menús teñen que ser comunicados pola empresa adjudicataria á dirección do centro con a suficiente anticipación para poder comunicalo as familias mediante a paxina web.

As familias deberán comunicar **antes das 09:30 h no centro escolar a ausencia dos habituais** a fin de establecer unha correcta planificación dos menús.

Aqueles usuarios (pagadores ou gratuítos) que **en tres ocasións** faltaran ao comedor sen que mediara, antes das 9:30 h., comunicación previa de ausencia, **poderán ser privados do uso do comedor por un período non superior a 10 días.**

14.8.3.- HIXIENE E SEGURANZA

“En todos os comedores escolares existentes nos centros docentes públicos [...] deberán cumprirse os requisitos de control de calidade esixidos pola normativa vixente en materia de hixiene na produción e comercialización dos produtos alimenticios, e na elaboración distribución e comercio das comidas preparadas”- artigo 18 do Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Para asegurar as boas prácticas na recepción, mantemento e servizo das comidas preparadas a empresa de catering elaborou un manual de autocontrol no que se detalla o procedemento de recepción, mantemento e servizo das comidas subministradas en liña quente, elaboradas nas cociñas centrais de Eurest Colectividades. Contempla, ademais, as disposicións referentes á recollida de bens e retirada de residuos, limpeza das instalacións e control da auga, e as condicións hixiénico sanitarias da elaboración, transporte e manipulación dos menús.

Os menús son elaborados nas cociñas centrais de Eurest Colectividades conforme á normativa hixiénico sanitaria vixente e trasladados en quente, en recipientes de aceiro inoxidable dentro de colectores isotermos, mantendo unha temperatura constante non inferior a 65° C. Os pratos fríos se manteñen en cámaras frigoríficas ata o momento do seu traslado en colectores isotermos a unha temperatura non inferior a 8° C. **Cando os menús chegan ao centro a encargada do comedor comproba a temperatura dos mesmos e as anota nunha folla de rexistro.** Se hai algunha incidencia o comunica á persoa responsable do centro (Directora) quen tomará as decisións oportunas sobre a aceptación ou non da comida dependendo de si supón ou non risco para a saúde dos comensais. A empresa gardará unha mostra de todos os menús servidos e as conservarán nun período non inferior a oito días, para poder diagnosticar posibles casos de intoxicación alimentaria.

Finalizado o xantar, os bens utilizados se depositan en colectores destinados a tal fin que serán recollidos pola empresa adxudicataria e trasladados ás súas dependencias centrais onde procederán ao lavado e limpeza dos cubertos e vaixelas usados no xantar polo alumnado. Os restos de comida serán depositados nun colector de lixo e sacados do centro polas monitoras para a súa posterior recollida polo servizo de recollida de lixo municipal.

14.8.4.- NORMAS DE CONVIVENCIA NO COMEDOR.

A)- Antes da comida:

- Os usuarios de Infantil e Primaria serán conducidos polo profesorado que teña esa garda ata o comedor ou ximnasio, onde se sentarán nos lugares establecidos para cada un deles e quedarán a cargo das monitoras correspondentes.
- Todo o alumnado ten lugar establecido que non poderá ser cambiado durante todo o curso, para poder controlar mellor as persoas que estaban ao arredor no caso dun contaxio por covid-19.
- Antes de acceder ao posto establecido terán que ter as mans lavadas e desinfectadas con xel hidroalcohólico.

B)- Durante a comida:

- O alumnado dirixirase ás encargadas de comedor con respecto, pedindo as cousas por favor e dando as grazas cando sexa oportuno.

- O alumnado permanecerá sentado á mesa sen berrar nin alborotar, mantendo actitudes que non perturben aos demais.
- Non se permitirán actitudes desprezativas cara á comida que influán negativamente nos demais.
- Cada alumno/a ocupará o seu sitio na súa quenda de comedor, sen poder cambiar de lugar. Os postos de cada un están establecidos en función do grupo clase, distancian cada grupo clase dos outros por 1,5 m.
- No caso de precisar algo no momento da comida os nenos erguerán a man e agardarán a que unha monitora se achegue a saber o que precisan.

C)- Despois das comidas:

- Teñen que xogar nas zonas delimitadas polas monitoras procurando manter dentro do posible o grupo clase e non mesturarse co alumnado doutras aulas. Tan pronto como o chegue a persoa encargada de recollelos abandonarán o recinto escolar. A permanencia dentro do recinto non poderá prolongarse despois das 16:00 h.

Os alumnos/as que non cumpran as normas serán avisados e se é necesario sancionados polas monitoras que se encargan da vixilancia e coidado dos mesmos, por exemplo quedando algúns minutos sen xogar.

En caso de faltas máis graves, de desobediencia ás indicacións das monitoras ou de respecto cara elas ou o resto dos compañeiros abrirase un parte de faltas que dará lugar as correspondentes sancións. Este feito debe comunicarse á dirección do centro.

O Centro proporcionará á familias, a través das monitoras, información sobre a actitude e o comportamento fronte á comida dos alumnos/as no comedor.

14.8.5- FALTAS E SANCIÓNNS.

1- Faltas leves:

- Desobedecer levemente as indicacións das monitoras.
- Non lavar as mans.
- Entrar ou saír do comedor correndo.

- Estar mal sentado ou abaneándose na cadeira.
- Facer ruído, berrar ou facer xestos ao alumnado doutras mesas.
- Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, a integridade ou a saúde das persoas.

Sancións:

- Amoestación verbal do alumno.
- Permanecer sen xogar por un período mínimo de 5 minutos

2- Faltas graves:

- Acumulación de tres faltas leves.
- Desobedecer gravemente ás monitoras de comedor.
- Saír do comedor sen permiso da monitora.
- Deteriorar adrede o material do comedor, utensilios e cubertos ou tirar adrede a comida ao chan ou a outros compañeiros/as.
- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou a saúde das persoas.

Sancións:

- Calquera das contempladas para as faltas leves.
- Escribir un parte de faltas e avisar á dirección do centro.
- Privación do dereito de uso do comedor por un período máximo de tres días. Esta sanción será imposta pola dirección do centro e comunicada por escrito aos pais.

3.- Faltas moi graves.

- Acumulación de tres faltas graves.
- Insultar, agredir ou faltar ao respecto de forma grave as monitoras ou compañeiros.
- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, a integridade física ou a saúde das persoas.

Sancións:

- Calquera das contempladas para as faltas graves.
- Expulsión temporal do comedor de cinco días a un mes. Esta última será aplicada pola dirección do centro, previa audiencia dos pais.

14.9. ATRIBUCIÓNS.

14.9.1. CONSELLO ESCOLAR.

Ao Consello Escolar do Centro correspóndelle a organización, administración e xestión do comedor escolar. As súas funcións son, entre outras :

- A aprobación do protocolo de funcionamento e programación anual do comedor escolar, que formará parte da Programación Xeral Anual.
- A selección e admisión de usuarios do servizo de comedor.

A selección e admisión de usuarios do servizo de comedor farase de acordo co procedemento que se determina na normativa que desenvolve o Decreto 132/2013 do 1 de agosto e segundo as instrucións 3/2020, da secretaría Xeral técnica da Consellería de Cultura, Educación, Universidade e Formación Profesional, do 16 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2020-2021.

O Consello Escolar, no marco establecido polo artigo 4 do decreto 132/2013, revisará e baremará as solicitudes avaliándoas, segundo dispón o artigo 7.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007, establecendo a seguinte orde de preferencia:

- 1- Alumnado usuario do curso anterior que non variase as súas circunstancias e que as demostre documentalmente.
- 2- Alumnado pertencente a familias en situación socioeconómica de exclusión social acreditada, ou cunha minusvalía igual ou superior ao 33 %.
- 3- Familias numerosas acreditadas mediante título ou carné.
- 4- Alumnado fillo de traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, demostrado documentalmente. Primeiramente os que son irmáns e logo os que son sos.
 - 1- Outro alumnado do centro. Tamén os escolarizados fora da zona de influencia.

14.9.2. DIRECTOR/A DO CENTRO

Segundo a instrución 3/2019 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Universidade e Formación Profesional son funcións da Directora do centro “*as tarefas sinaladas no artigo 11.2 da Orde de 21 de febreiro de 2007 requiríndose para o efecto a súa presenza no comedor*”.

A Directora elaborará o protocolo de funcionamento do comedor escolar como parte da PXA e supervisará e organizará o seu funcionamento. Permanecerá no centro desde as 14:00 h ata as 16:00 h. tal e como se establece na normativa vixente e mentres non sexa de aplicación calquera outra normativa posterior. Para realizar as súas funcións contará coa colaboración das coidadoras de comedor e coa supervisión do Consello Escolar.

Os directores poderán delegar voluntariamente noutro membro do claustro a obriga de presenza física durante o tempo de xantar e os períodos temporais anterior e posterior ao mesmo.


14.10.- AVALIACIÓN.

O Consello Escolar aprobará, se procede, o presente protocolo e as actuacións previstas no mesmo conforme á lexislación vixente. Igualmente avaliará trimestralmente o funcionamento do servizo de comedor na procura da súa mellora.

Na memoria final de curso incluírase a avaliación sobre o funcionamento do servizo do comedor escolar segundo o aprobado nesta Programación Xeral Anual.

ANEXO I. COLOCACIÓN DOS POSTOS DE COMEDOR CUMPLINDO O PROTOCOLO COVID-19.

COMEDOR



XIMNASIO

